



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 112

**Sesión plenaria**  
7 de febreiro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Texto legislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 42826, 11/PPL-000013)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

### Punto 2. Comparecencia

#### 2.1 48689 (11/CPP-000115)

Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 48340 (11/MOC-000136)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa**

Sobre a situación macroeconómica de principios de 2023 (Moción consecuencia da Interpe-lación doc. núm. 45218, publicada no BOPG núm. 428, do 28 de decembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

#### 3.2 48525 (11/MOC-000137)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Lago, Noelia**

Sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade (Moción consecuencia da Interpe-lación doc. núm. 45499, publicada no BOPG núm. 431, do 4 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 24 de xaneiro de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

### Punto 4. Proposicións non de lei

#### 4.1 34793 (11/PNP-003862)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Proposición non de lei, de iniciativa popular, pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontar a subida do prezo dos combustibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 425, do 22.12.2022

Publicación do acordo, BOPG nº 429, do 29.12.2022



**4.2 45194 (11/PNP-003837)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar coas entidades financeiras a constitución dun fondo de rescate hipotecario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

**4.3 45318 (11/PNP-003851)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

**4.4 46730 (11/PNP-003903)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para prolongar o servizo activo do persoal médico de atención primaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 435, do 11.01.2023

**4.5 47099 (11/PNP-003936)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

**4.6 47592 (11/PNP-003962)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar unha política activa de apoio empresarial que acompañe as pequenas e medianas industrias e os traballadores autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

**Punto 5. Interpelacións****5.1 44622 (11/INT-002197)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as axudas á agricultura ecolóxica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022



**5.2 44916 (11/INT-002217)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as axudas para os produtores agrogandeiros en ecolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 424, do 21.12.2022

**5.3 46698 (11/INT-002262)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a atención primaria no Sistema sanitario público galego

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 435, do 11.01.2023

**5.447324 (11/INT-002291)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre os dereitos sexuais e reprodutivos da muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****6.1 48666 (11/POPX-000093)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para resolver os problemas estruturais que presenta o sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

**6.2 48667 (11/POPX-000094)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a política sanitaria do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 48656 (11/PUP-000302)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre o protocolo utilizado polos altos cargos do Goberno galego nas visitas institucionais a concellos nos que se van a realizar investimentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022

**7.2 45896 (11/POP-006855)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre o uso da tarxeta Xente Nova

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023



**7.3 46654 (11/POP-007126)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a análise que fai o Goberno galego dos fondos para o financiamento das universidades públicas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023

**7.4 46172 (11/POP-006955)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e seis deputados/as máis**

Sobre as accións que está a desenvolver o Goberno galego para favorecer a incorporación ao mercado laboral das persoas desempregadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

**7.5 45113 (11/POP-006664)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno de Galicia respecto do incremento dos problemas coñecidos entre os equipos profesionais e a dirección da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

**7.6 46406 (11/POP-007056)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre os futuros usos do Hospital Provincial de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

**7.7 47011 (11/POP-007194)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar un servizo médico de calidade na Casa do Mar de Moaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

**7.8 47193 (11/POP-007218)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a atención do servizo de pediatría na comarca de Monterrei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

**7.9 48612 (11/PUP-000300)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de cubrir a falta de facultativo no consultorio periférico de Corrubedo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2022



**7.10 46842 (11/POP-007158)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar o sector do cerco de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*O señor presidente, antes de iniciar a sesión, convida a todos os presentes a gardar un minuto de silencio polo asasinato dunha muller na localidade de Baiona, vítima da violencia machista, así como tamén en sinal de dó e solidariedade co pobo turco, que está a afrontar as consecuencias dun terremoto acontecido no sur do país. (Páx. 12.)*

### **Alteración da orde do día**

*O señor presidente, consonte o acordo previo da Xunta de Portavoces, comunica que vai someter á consideración do Pleno unha alteración da orde do día consistente na inclusión dun novo punto para a designación dun candidato ou candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado. Así mesmo, indica que o prazo de presentación de candidaturas, acordado pola Mesa, remata ás seis e media da tarde. (Páx. 12.)*

*A señora Rodil Fernández (BNG) pide a palabra para aclarar un malentendido e deseguido procédese á votación da devandita proposta de alteración da orde do día, que resulta aprobada por 54 votos a favor, 18 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 12.)*

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación da proposición de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 13.)*

*Antes de dar paso ás seguintes intervencións, o señor presidente fai referencia ás comunicacións de ausencias á sesión plenaria e ás delegacións de voto, así como á inclusión do pobo sirio na manifestación de solidariedade polo terremoto, cuestións que esqueceu nomear na apertura da sesión. (Páx. 17.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 18.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 21.)*

*Rolda de réplica: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 23.)*

### **Votación da toma en consideración da proposición de lei**

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia: rexeitada por 32 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 25.)*



**Comparecencia da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial. (Punto segundo da orde do día.)**

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)* (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx.32 .), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 36.) e *Sr. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 39.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)* (Páx. 42.)

*A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 47.) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 47.), o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 49.), o señor Freire Vázquez (P) (Páx. 51.) e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 53.)*

*O señor Bará Torres (BNG) pide a palabra, ao abeiro do artigo 76, por entender que houbo determinadas inexactitudes no debate, petición á que accede o señor presidente. (Páx. 57.)*

*A continuación, o señor presidente concédelle tamén a palabra á señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto), que pide responder sobre esta cuestión. (Páx. 58.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 62.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 66.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 69.)

*O señor presidente pregúntalle á señora Presas Bergantiños (BNG) sobre o sentido dunhas palabras verbo da Monarquía española. (Páx. 71.)*

*A señora Presas Bergantiños (BNG) reafírmase na súa afirmación e o señor presidente retira a súa expresión e chámala a orde por considerar que iso atenta contra a dignidade dunha institución do Estado. (Páx. 71.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 74.)





*O señor presidente interrompe o discurso do señor Ríos Santomé (BNG) para chamalo á orde e retirar unhas palabras do Diario de Sesións referidas novamente á Monarquía española. (Páx. 75.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pardo López (P). (Páx. 77.)*

*O señor presidente interrompe o discurso do señor Pardo López (P) no momento en que se producen protestas dos deputados e deputadas do G. P. do BNG por unhas afirmacións do orador. (Páx. 80.)*

*O señor presidente dálle a palabra á señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 80.) para que se pronuncie sobre este incidente, quen lle solicita ao presidente retirar as palabras do señor Pardo López (P), que considera ofensivas e carentes de veracidade. O señor presidente, logo dun intercambio de opinións coa señora Rodil Fernández (BNG) e o señor Pardo López (P), non accede á petición da deputada do G. P. do BNG por considerar que non pode verificar e valorar nese momento os comentarios do orador do G. P. Popular. (Páx. 80.)*

*Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 83.)*

### ***Votación das mocións.***

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Prezas Bergantiños, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023: rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 84.)*

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade: rexeitada por 31 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 85.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa popular, pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontaren a subida do prezo dos combustibles. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 85.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 88.) e Sr. Pardo López (P). (Páx. 91.)*

*Nova intervención da señora Otero Rodríguez (S). (Páx. 94.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar coas entidades financeiras a constitución dun fondo de rescate hipotecario. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 96.)*



Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 99.) e Sra. Vázquez Domínguez (P) (Páx. 102.)

*Nova intervención do señor Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 105.)*

**Proposición non de Lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 106.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 106.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 110.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 113.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 116.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para prolongar o servizo activo do persoal médico de atención primaria. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 119.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 122.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 125.)

*A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 128.)*

*O señor Álvarez Martínez (S) pide a palabra por alusións, petición á que accede a señora presidenta (Candia López). (Páx. 130.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade. (Punto cuarto da orde do día.)**

*A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 130.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 131.)



*A señora presidenta (Candia López) interrompe a señora Prado del Río (P) para indicarlle que retire un cartel que previamente colocou na tribuna. (Páx. 131.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 135.) e Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 139.)*

*Nova intervención da señora Prado del Río (P). (Páx. 142.)*

*Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos do serán.*



*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Permítanme que, en primeiro lugar, convide as súas señorías, así como tamén os xornalistas, os funcionarios e o público que hoxe nos acompaña, a gardar un minuto de silencio en sinal de repulsa contra a violencia machista e tamén en memoria da muller asasinada o pasado domingo en Baiona.

*(As señoras e os señores deputados, os membros da Mesa, así como membros do Goberno e demais asistentes á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

Permítanme tamén —por favor, un momento, se podemos aínda continuar de pé— que expresemos o sentimento deste parlamento polo acontecido en Turquía, no sur de Turquía, unha devastación causada por un terremoto. Polo tanto, desde aquí a nosa solidariedade e apoio a toda esa poboación que está pasando tan duros momentos.

Moitas grazas por todo isto.

*(Aplausos.)*

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** E agora si, iniciamos a sesión, cunha proposta que eu lles traslado antes de entrar no desenvolvemento da orde do día, todo iso de acordo co disposto no artigo 73.1 e 3 do Regulamento do Parlamento. Someto á consideración da Cámara a alteración da orde do día, consonte o acordo adoptado na Xunta de Portavoces na reunión precedente, consistente na inclusión dun novo punto da orde do día para a designación dun candidato ou candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado, para o suposto de que sexa por asentimento, se non se manifestan hoxe obxeccións.

E tamén se lembra que a Mesa, na reunión precedente, acordou abrir un prazo para a presentación de candidaturas ata hoxe martes 7 de febreiro ás 18.30. Unha vez rematado o prazo e cualificadas pola Mesa, as candidaturas comunicaranse aos grupos parlamentarios. O procedemento de elección será conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento, secreta, por papeletas e chamamento por orde alfabética. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, aínda vou ler aquí un asunto máis. Polo tanto, iríamos a someter a votación agora ou outro día.

*(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)*

E antes, señora Rodil, ¿para que quere a palabra?



**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, grazas.

Non, é que lle entendera que fora por asentimento e non era por asentimento, como o expresamos.

**O señor PRESIDENTE:** Non, no caso de que sexa por asentimento.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, foi un malentendido.

**O señor PRESIDENTE:** Pero ¿pide vostede agora a palabra para algo?

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Entón, sométese a votación a proposta de alteración da orde do día. Consecuentemente, será un novo punto que se substanciará ao acabar o punto de preguntas ao Goberno na sesión plenaria de mañá.

Votamos.

*Votación da alteración da orde do día para a inclusión dun novo punto consistente na designación dun candidato ou candidata a maxistrado ou maxistrada do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 18.*

*O resultado da votación é positivo.*

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, apróbase esta inclusión na orde do día, que, como dixen antes, será substanciado logo das preguntas ao Goberno no pleno de mañá.

Continuamos logo coa orde do día. Neste caso é un texto lexislativo.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Gallego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Como saben, no ano 1984 creouse a Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza, daquela como compañía dos medios de comunicación públicos deste país, polo tanto co ob-



xectivo de garantir, entre outros, o dereito fundamental de todas as galegas e de todos os galegos a recibir información próxima sobre a realidade, polo tanto de Galiza, e no idioma propio deste país, sempre con criterios de pluralismo social, cultural e por suposto político, pero tamén criterios de veracidade, independencia profesional e obxectividade cando falamos de información.

Eses principios mantéñense hoxe como reitores, si, pero comodamente arrombados no papel, non cumpridos nin garantidos na realidade. A proximidade, señorías, é cada vez menor nunha información mermada, de carácter local, despois do peche de delegacións territoriais como a de Ferrol, A Mariña e Pontevedra; a redución nalgúns casos á mínima expresión do persoal das delegacións aínda existentes, cada vez máis diezmadas; e da supresión das desconexións informativas das cidades, reducindo a información local a unha presenza cada vez máis residual nas grellas.

Todo isto no marco duns servizos informativos que chegaron a puntos insupportables de control político e uso propagandístico para beneficio do Partido Popular, hoxe por duplicado, afanados en enxalzar a figura do amado líder e candidato a presidente en España, ao tempo que intentan dar a coñecer entre os galegos e galegas a quen quedou á fronte da Xunta por puro rebote.

A resposta do persoal —non do BNG, non da oposición—, a resposta das redactoras e redactores, das persoas operadoras de cámara, das rexedoras e rexedores, das persoas que locutan na Radio e na Televisión de Galiza ante esta situación gravísima foi presentar a dimisión de dous dos rostros máis visibles e coñecidos da Televisión pública deste país, mobilizarse e organizarse ao redor da plataforma Defende a Galega, nunha mobilización que dura xa hoxe máis de catro anos, a máis longa non da historia da CRTV senón probablemente a mobilización entre traballadoras e traballadores de ningunha empresa neste país; todo para defender os seus dereitos profesionais, por suposto, pero sobre todo un dereito e ben superior que temos todas as galegas e todos os galegos a contar cuns medios de comunicación públicos que sexan de todos, de todos, non dunha parte, senón do conxunto do país. (*Aplausos.*)

Señorías, a situación actual na CRTVG é insostible, faise cada vez máis evidente e bochorrosa. A actual dirección xeral e o Partido Popular no consello de informativos incumpren á mantenta, de maneira consciente e premeditada, a Lei de medios audiovisuais públicos deste país desde 2011, negándose, entre outros, a crear o consello de informativos, a elaborar, redactar e aprobar o estatuto profesional e a asinar o contrato programa.

Pero o máis gravoso para o correcto funcionamento da CRTVG é o mantemento da dirección xeral con carácter case vitalicio en mans dunha persoa que foi elixida a dedo por un procedemento alleo pero ademais contrario ao disposto na lexislación vixente, e que o Partido Popular mantén en situación de interinidade prorrogada sen caducidade, *sine die*, a través dunha disposición que introduciron pola porta de atrás nunha lei de acompañamento aos orzamentos da Xunta de Galiza no ano 2016. E quen fai todo isto, á mantenta, de maneira consciente desde hai máis dunha ducia de anos, quen fai todo isto vai por aí dando leccións de transparencia, de democracia e de rigor, a todo o mundo, ¡eh! Hai que ter unha cara de formigón armado.



Unha dirección xeral que non conta a día de hoxe nin co respaldo do persoal nin co respaldo de dous terzos da Cámara —como exige a Lei de medios de comunicación desde o ano 2011—, cuestión ademais que ficou aquí en evidencia no *Diario de Sesións* cando o pleno desta cámara votou a proposta de reprobación impulsada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Os medios de comunicación públicos, señorías, deben atender única e exclusivamente ao interese de quen os sostén. E quen sostén a Radio e a Televisión públicas deste país, quen sostén a Galega non é o Goberno, non é a Xunta; son as galegas e os galegos, o conxunto da sociedade deste país. (*Aplausos.*)

Desde o Grupo Parlamentario do BNG estamos convencidas de que para garantir o dereito a que todas as persoas de Galiza dispoñan —dispoñamos— dun sistema audiovisual que reflecta a realidade con obxectividade e imparcialidade é preciso desvincular a designación da dirección da CRTVG do Goberno, e promover, polo tanto, a selección das persoas que integran tanto o consello de administración como a propia dirección xeral a través dun concurso público, reforzando a súa independencia e o desenvolvemento da misión de servizo público baixo criterios de estrita profesionalidade.

Por iso impulsamos esta reforma, que xa defendemos —lembrarán— aquí con anterioridade nesta cámara, e que non é punto de chegada; dixémolo daquela: concibímolos como un punto de partida para recuperar uns medios públicos que estean de verdade ao servizo do país que os creou.

Na selección, polo tanto, tanto da dirección xeral como do consello de administración, a proposta que traemos hoxe é que sexan elixidas mediante concurso público, conscientes, por suposto, de que esa elección non está exenta de tensión, obviamente, non está exenta de tirapuxas, de debate, de intento seguramente por exercer control e presión política. Iso é evidente. Mais tamén é evidente que este é un elemento democratizador fundamental, e —cremos desde o BNG— dicimos que é un elemento democratizador por tres razóns fundamentalmente.

En primeiro lugar, por transparencia, transparencia no proceso de selección das persoas fronte á política do despacho, da mesa camilla. Tal e como formulamos a proposta de lei, fixa luz e taquígrafos durante todo o proceso, obrigando a facer públicas todas as propostas, todos os informes, todos os criterios de selección e as decisións que se tomen.

En segundo lugar, como garantía de participación, en primeiro lugar das e dos profesionais da comunicación. Para iso fixamos un prazo mínimo de dez días para que as organizacións sindicais, as entidades profesionais e asociativas do ámbito da comunicación poidan formular as súas propostas para a creación da comisión de persoas expertas que ha de ser encargada de avaliar e decidir sobre as candidaturas presentadas.

E, en terceiro lugar, para despolitizar o proceso de selección pero tamén a propia Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza. O concurso público racha a inercia instalada neste país desde hai máis de trinta anos, permitindo que poida candidatarase non unha persoa que



teña maior ou menor afinidade cos grupos políticos representados nesta cámara, senón calquera persoa, calquera profesional que cumpra coas condicións de idoneidade, capacidade e prestixio profesional que se establezan na convocatoria e que deberán ser avaliadas, como dicía, por un comité de persoas expertas.

Na reforma propomos que sexa este parlamento quen acorde e impulse a convocatoria do concurso público. E non o facemos por gusto, porque creamos que esta é a mellor forma, senón porque non existe no noso país autoridade audiovisual independente que poida impulsar ese procedemento de selección pública, como se fixo por exemplo na Televisión pública da Comunidade Valenciana, a pesar que, se van vostedes ás disposicións transitorias, a lei de 2011 obrigaba a Xunta de Galiza a, nun prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, impulsar a normativa de creación desa autoridade audiovisual. Outro incumprimento máis obsceno e consciente desa lei de medios por parte do Partido Popular, cun único obxectivo, un só: seguir mantendo o control político dos medios de comunicación públicos deste país. (*Aplausos.*) Incumprimentos cos que amarraron o poder e o control dos medios de comunicación de Galiza, mentres negan de maneira obscena e consciente desde hai unha ducia de anos os dereitos dos profesionais da Casa pero, sobre todo, os dereitos da cidadanía deste país a contar cuns medios de comunicación veraces, obxectivos e —o máis importante— plurais.

Pero, señorías do Partido Popular, hoxe, ao contrario do que acontecía cando trouxemos por primeira vez esta proposición de lei a debate nesta cámara, cremos desde o BNG que hai unha razón engadida, eu diría que ata dun peso un pouco maior, para que hoxe voten «si» as súas señorías do Partido Popular á toma en consideración desta proposta de lei. E esa razón de peso que non tiñamos daquela pero que hoxe si que é un valor engadido para que vote «si» o Partido Popular a esta proposición de lei que trae o BNG é que llelo pide o seu presidente. O seu presidente, ¿saben, lembran?, ese presidente, ese señor que votaron as señorías do Partido Popular para ser senador por designación autónoma, falar fala de calquera cousa, de todo menos de Galiza, no Senado e fóra del. Eu non sei se se lembran, chamábase Feijóo, anda por aí, de *tournee* por España candidatándose a presidente, e desde o BNG cremos que deberían facerse caso a si mesmas e a si mesmos, e facerlle caso tamén ao amado líder e candidato a presidente en España, ao señor Feijóo; non a nosoutras, jeh!, non ao BNG, senón a vostedes, ao seu presidente, que nese plan para rescatar España do *contubernio rojo separatista* pois facía unhas declaracións un tanto cando menos sorprendentes.

Eu pídolles que se amarren así un pouco ao escano, porque denunciaba ese presidente, ese senador por Galiza, que fala de todo menos de Galiza —agárrense á silla, jeh!, porque ser é para caer de cu—, denunciaba a colonización de diferentes institucións por parte do Goberno coa colocación obscena de afíns nas entidades públicas. Hai que ter valor (*Aplausos.*), pero, sobre todo, hai que ter moi pouca vergonza sendo quen é para saír publicamente dicindo o que dixo; e logo tamén pensar que somos todos parvos.

Igual —porque, claro, hai xente que o coñece agora, que sae máis pola tele do que saía antes—, igual hai xente que o coñece agora desde hai practicamente dous telediarios, pero pode pensar pois iso, pois que ten un plan perfecto o Partido Popular para salvar España. Pero quen sufrimos as consecuencias das políticas do señor Feijóo e do Partido Popular desde





hai máis dunha década neste país, cando escoitamos o que dicía naquel sitio que era unha igrexa, ¿non?, cando escoitamos o que dicía, nada máis escoitalo, pensamos aquilo que se di polo menos moito na miña zona: «díxolle o pote ao caldeiro: aparta, que me tisanas», ¿non?

Quen coñecemos a ese señor sabemos que o único que critica o Partido Popular en todo isto, o único que critica, é que non poden poñer eles os seus, que non poden poñer eles os seus afíns, (*Aplausos.*) que non poden controlar eles esas institucións políticas. Iso é do que se queixa o Partido Popular. Porque é realmente o que fixo toda a vida o PP en España e fóra dela, pero, sobre todo, é o que leva facendo o Partido Popular todos estes anos na Radio e Televisión públicas de Galiza: controlar os medios públicos deste país, poñendo comisarios políticos á fronte da corporación e manténdoo no cargo con carácter vitalicio, mesmo en contra do que di a lei, a súa lei, a súa, a que fixeron vostedes, nun exercicio de cinismo político do tamaño —perdoen que lles diga— da muralla de Lugo. (*Aplausos.*)

Esa é a concepción que ten o PP do acceso dos mellores aos postos de dirección, do mérito e da capacidade e da independencia das institucións públicas, a comezar pola CRTVG: poñer os seus comisarios políticos á fronte das institucións públicas, para controlalos.

Pero hoxe, que estamos así comezando o pleno, vimos optimistas, *buen rollo* desde o Bloque Nacionalista Galego, man tendida. De verdade, teñen toda a nosa credibilidade para, desde o convencemento e a honestidade, crer que hoxe van votar que si á toma en consideración desta lei. Porque, se de verdade teñen o máis mínimo pudor, o máis mínimo sentido da vergonza, o máis mínimo principio político, estamos seguras de que votarán a favor da toma en consideración desta lei. Do contrario, señorías, quedan retratados aquí no país unha vez máis, pero, sobre todo, tamén haberá quen fóra de aquí, no conxunto do Estado español, vexa que o Partido Popular non está por democratizar nada, o PP non está para dar rigor a nada, nin transparencia nin moito menos independencia a ningún medio de comunicación público. É capaz, señorías, son vostedes capaces de venderse politicamente a si mesmos só a cambio de amarrarse no poder.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Ante de darlle a palabra ao representante do Grupo Socialista, quixera comentar dúas cousas.

A primeira, que me esquecín antes de quen xustifica a inasistencia, que son a deputada Iria Carreira e Alexandra Fernández Gómez, e que a señora Fernández Gómez, conforme o disposto no artigo 84 do Regulamento, delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada Ana Pontón Mondelo.

E outra cousa que quería considerar. Apúntame o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista —e ten razón e así o fago— que no recoñecemento e na solidariedade que trasladamos ao pobo de Turquía tamén incluímos o de Siria, que foi un esquecemento meu, e, polo tanto, agradezo que me fixera esa consideración. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pero eu non o entendín e entendín o que me dixo el e creo que é unha cousa que é correcta.



Continuamos entón coa rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Nós queríamos comezar anunciando o noso voto a favor, como non pode ser doutro xeito, a esta toma en consideración, e aproveitar, como vimos facendo cada vez que temos oportunidade, dentro e fóra deste parlamento, dende o Grupo Socialista, para denunciar unha vez máis o descaro, a impunidade coa que o Partido Popular, sostendo unha dirección da CRTVG, vén incumprindo sistematicamente, dende o minuto un, unha lei aprobada neste parlamento como é a Lei dos medios públicos galegos, xa vai para doce anos.

Descaro, porque basta, como temos defendido na Comisión de Control da CRTVG, con coller a lei, con coller o texto, para saber que a teñen convertido absolutamente en papel mollado; papel mollado ademais nos seus piares fundamentais, como son o estatuto profesional ou o consello de informativos, e non falemos xa do incumprimento na remuda da dirección xeral.

E miren, por adiantarnos un pouco, por máis que hoxe o Partido Popular tire de grandes éxitos, nos veña falar de Televisión Española, do que acontecía hai vinte anos, dirannos tamén que falar de censura, de manipulación, de incumprimento da lei é unha teima do Partido Socialista, dos partidos da oposición de esquerdas. Temos que lembrar aquí que hai sentenzas firmes, xuíces, xuízas que teñen acreditado que hai censura, que hai castigo, que hai persecución ás traballadoras e aos traballadores da CRTVG. (*Aplausos.*)

Ese relato de que denunciámos a presunta e a suposta persecución e manipulación, sendo rigorosos, non lles vale, señoras e señores do Partido Popular, porque hai unha sentenza firme que acredita que hai vulneración dos dereitos fundamentais na CRTVG, que hai persecución e que hai castigo; prácticas —insistimos— probadas e castigadas pola Xustiza, nuns medios públicos galegos nos que si traballan grandísimas e grandísimos profesionais, asfixiados especialmente nos últimos tempos por defender a independencia, e que soportan que a CRTVG se teña convertido especialmente nos últimos tempos en noticia arredor de todo o Estado, coas sentenzas e condenas sen precedentes, de enorme gravidade.

E non falamos de litixiosidade laboral. Tomen nota: sentenzas por violar o dereito á folga, sentenzas por violar o dereito á conciliación, sentenzas por discriminación por razón de sexo, sentenzas contra a liberdade de expresión e mesmo por violar a neutralidade política obrigada nunha campaña electoral. Repito: sentenzas xudiciais nos tribunais por violar dereitos fundamentais das traballadoras e dos traballadores, por razón de sexo, violar a conciliación laboral, a liberdade de expresión, o dereito á folga e por violar a neutralidade política en campaña electoral.

Esa é a presunción e a suposición que vostedes atribúen aos partidos e a intereses políticos no relato da denuncia da deriva na que teñen sometido os medios públicos galegos nos úl-



timos tempos. Pero non pasa absolutamente nada, ¡joian!, non pasa absolutamente nada. Temos a triste marca estatal da protesta máis longa e sostida no tempo duns medios de comunicación: máis de catro anos, 246 «venres negros» de dignidade, das traballadoras e dos traballadores defendendo a pluralidade dos medios públicos galegos; unha marca, tamén triste marca, que ten a CRTVG.

Un incumprimento da lei de comunicación que, miren, non só denuncia o Partido Socialista, o PSdeG, que tamén, que está denunciado pola Federación Europea de Xornalistas. Tomen nota: denuncia da Federación Europea de Xornalistas por incumprimento sistemático da Lei de medios públicos galegos dende o ano 2011.

Temos perdido calidade nos contidos, vivido episodios e sido noticia a nivel estatal, machistas no *prime time*, promocións e publicidade con cosificación, contra a igualdade. Teñen banalizado en faladoiros na Televisión de Galicia a violencia machista, nin máis nin menos. E non pasa nada. Teñen dado voz na Radio Galega ao avogado defensor dun condenado por agresión sexual onde ademais se cuestionaba unha vítima de abusos sexuais. (*Aplausos.*) E non pasa nada. E con todo isto non temos sequera un plan de igualdade. Pero non pasa nada, deben ser inventos da oposición.

Xa non falamos, despois deste relato, de preguntar a como vai o prezo da coca ou da droga nun concurso pola tarde; xa case que é o de menos, despois do relato que vimos de facer.

Temos menos produción propia, menos ficción en galego. Compáren a grella da ficción en galego que había hai quince anos coa que hai na actualidade. Non é tan só unha denuncia do Partido Socialista. Miren, Plataforma SOS Ficción en Galego (na que hai directores, directoras, actores, actrices, profesionais da produción audiovisual, da dobraxe en galego), plataformas, sindicatos diversos, distintas sensibilidades saíron ás rúas en Compostela para pedir o rescate dos medios públicos galegos ao servizo e ao interese do Partido Popular. Pero non pasa nada. Atentan contra un dos principios fundamentais da existencia duns medios propios no país como é a proximidade e a información local, a información útil.

Teñen desmantelado, si, as delegacións; teñen suprimido primeiro na Radio Galega as desconexións e os informativos locais e hai pouco máis dun ano na Televisión de Galicia. Non hai información local, que é unha das razóns de ser por natureza duns medios públicos propios como é a CRTVG. Pero non pasa nada.

Temos que afrontalo con mágoa, frustración e impotencia, porque asumen esta deriva con total impunidad, con total desleixo e con mentiras. Porque veñen aquí unha vez tras outra a falar de que somos líderes de audiencia. E, como lle dicíamos ao director xeral a pasada semana na Comisión da CRTVG, collendo as audiencias recén chegadas do día anterior, audiencias, non enquisas, desas que inventan ou que están pagadas a interese, audiencias, señoras e señores do Partido Popular, o luns pasado a Televisión de Galicia foi a terceira canle máis vista, por detrás de Antena 3 —adoita ser así— e Telecinco. ¿Alégranos? Non. Nós queremos que os medios públicos galegos, sostidos con cartos de todas e de todos, sexan unha referencia. Pero non o son tampouco, por máis que digan que si.



Menten tamén cando din que a TVG é a canle autonómica máis vista; está cada día por detrás de TV3 e en moitas ocasións por detrás de Aragón Televisión. Collan as audiencias do sábado, por exemplo; en cuarta posición; está por diante TV3, está por diante Aragón Televisión e está por diante Canal Sur, e Televisión de Galicia en cuarto lugar. É moi fácil contrastar as súas mentiras e enganos. Nin vai ben en audiencia. E velaquí están as do sábado, señor Pazos (*A señora Otero Lago mostra un documento.*); se quere, comprobámolo e facemos un debate sobre audiencia. E tamén temos as de onte: segunda canle, por detrás de Antena 3, e non fomos a canle autonómica máis vista. (*Murmurios.*) Non, non, onte mesmo; colla vostede as audiencias. Porque manipulan e menten con ese descaro que están a comprobar aquí. As audiencias diarias están á disposición de quen queira coñecelas.

E nós insistimos: queremos que a Televisión de Galicia e os medios públicos galegos sexan unha referencia, pero non o son, nin en ficción en galego nin en audiencias, nin en cumprimento da lei —denuncia da Federación Europea de Xornalistas, señor Pazos, non da deputada que lles fala—, por desgraza. Pero non pasa absolutamente nada.

E nós, mire, estamos absolutamente expectantes. A ver que van votar, porque o propio director xeral, ese que vostedes sosteñen con absoluta interinidade, efectivamente, nun cargo xa vitalicio, xa nos últimos tempos vai cambiando o discurso e di que a lei galega está obsoleta, di que hai que modificala, que hai que reformala. ¿Que pensan vostedes? ¿Comparten a decisión? Porque, entón, votarán a favor hoxe e abriremos ese período de diálogo sobre a reforma da Lei de medios públicos en galego, esa que teñen convertido en papel mollado. ¿Van votar a favor? O director xeral di que está absolutamente obsoleta a Lei de medios públicos galegos e que hai que modificala e actualizala.

Ben, estamos tan afeitadas a que muden o seu discurso dos argumentos, ante a ausencia deles, que hai un ano e medio neste parlamento, cando procediamos á votación da renovación do Consello de Administración da CRTVG, na súa intervención, tanto en comisión como aquí neste pleno, dende o Partido Popular dicíase nos, porque controlan a maioría do Consello de Administración da CRTVG, que o estatuto profesional e o consello de informativos case que estaban, que era inminente, inminente, inminente. ¿Onde está? ¿Onde está —insistimos— o plan de igualdade da CRTVG? ¿Onde está ese artigo 23: o cargo de directora ou director xeral terá unha duración de cinco anos e poderá ser reelixida ou reelixido no cargo unha vez por un período de idéntica duración?

Estatuto profesional, un instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio. Contemplará a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da corporación. ¿Onde está? Artigos literais da propia lei.

¿A quen lle interesa non cumprir unha lei aprobada neste parlamento? ¿A quen beneficia non contar con estes órganos, piares básicos, que velen pola pluralidade do funcionamento dos medios públicos galegos? Pois non se vaian, porque de seguido a resposta aquí, en directo, no pleno do Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.



Grupo Parlamentario Popular, señora Arias Rodríguez.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días.

Señorías, moi mal lle deben ir as cousas á oposición cando teñen que vir aquí con este ton a estas horas da mañá nun tema que en principio é para un debate sosegado en beneficio de todos os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Señora Otero, en directo, no pleno do Parlamento de Galicia: a CRTVG, segundo o Estudo xeral de medios, é a canle autonómica máis vista, cun 22,4 por cento de cota de pantalla. A cota de pantalla de Televisión Española, por exemplo en Galicia, é do 8 por cento, é dicir, apenas unha terceira parte da que acada a TVG. *(Aplausos.)* A CRTVG é a referencia informativa en Galicia. Entre as 13.30 e as 17 horas a cota de pantalla da TVG é do 36,3 por cento. Así son as cousas en directo dende o Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)*

E entrando xa na materia que hoxe nos trae aquí, esta proposición de lei que nos trae o BNG está baseada nunha falacia, porque está baseada en que a CRTVG non actúa con independencia nin con criterios profesionais. Ademais de estar baseada nunha falacia, é absolutamente propagandística. Se vostedes ven o preámbulo, efectivamente fálanos de estatuto profesional, de consello de informativos, de contrato programa. A señora Otero falou tamén aquí disto. Pero o que pasa é que, logo, no texto non se fai absolutamente ningunha referencia a isto. No texto o único que se pide é modificar o modo de elección do director e do consello de administración. Cambiar o director xeral é o único que os preocupa, é o único para que vostedes hoxe monten aquí esta parafernalia.

Non desenvolven un novo modelo de xestión, ningunha reforma estrutural. E, efectivamente, ao mellor hai que empezar a falar destas cousas, porque dende o 2011 o xeito de comunicarse, o xeito de consumir información cambiou. Pero non, a vostedes isto non lles importa en absoluto, vostedes están a outras cousas.

E, por certo, vostedes, que andan sempre como adáis dos que veñen aquí defender os dereitos das mulleres, aínda que logo voten que si a unha lei, a de «só si é si», que ten xa rebaixada a pena a 400 persoas *(Murmurios.)* que están condenadas por agresións sexuais e por violacións, que 35 delas xa están na rúa, vostedes mesmos tampouco foron moi coidadosos cando elaboraron esta lei, porque no informe preceptivo de impacto de xénero fánselles numerosas recomendacións para que avancen neste tema.

Pero ben, volvendo ao cerne da iniciativa que hoxe nos trae aquí, fronte á propaganda da súa iniciativa, aquí contamos cunha lei, señora Rodil, que fixo o señor Feijóo, ese que tanto a preocupa; non me estraña, jeh! A min, se fose vostede ou vostedes, tamén me preocuparía bastante. A verdade é que a nós dámos moita tranquilidade.

Pois esa lei, a Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, que se aprobou neste parlamento cos votos a favor do PSOE e tamén do Partido Popular, é unha lei



que xa garante a independencia, a liberdade de información, o respecto e a profesionalidade dos traballadores e a despolitización, señora Rodil; unha lei que defende os valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade; unha lei que reforzou o papel de control do Parlamento de Galicia; unha lei que di que para elixir o consello de administración o primeiro é que teñen que dar conta da súa idoneidade ante a Comisión de Control deste parlamento e despois aprobarse por dous terzos neste pleno. E vostedes, cando no ano 2021 se elixiron seis membros do consello de administración, catro por proposta do Partido Popular, un por proposta do Bloque e un por proposta do PSOE, votaron a favor de todos; nós tamén. Naquel momento non lles parecía un mal sistema. Pero agora teñen que cambialo, agora están a outras cousas. Agora están a facer política, que é ao que veñen aquí. (*Murmurios.*) Vostedes, si, si, política da mala, efectivamente. (*Aplausos.*) Todos estamos aquí a facer política, uns facemos política e outros politiqueo, (*Murmurios.*) e iso é o que non se debe de facer cando un ten responsabilidades ante os electores. (*Aplausos.*)

O BNG trae hoxe aquí unha proposta que en nada mellora o sistema que hai actualmente. E non é que o diga o Partido Popular, é que xa está testado. Xa o puxo en marcha, intentou poñelo en marcha Televisión Española e foi un fiasco, un absoluto fiasco. Ben, a verdade é que tampouco nos debe de estrañar, porque ultimamente en Televisión Española fiasco é todo: fiasco é a elección dos directores, fiasco as audiencias, fiasco os datos económicos, e a verdade é que o digo con moita tristura, porque é tamén a nosa Televisión pública, tamén xunto coa Galega, a Televisión pública dos galegos e as galegas e de todos os españois e tamén é responsabilidade que funcione ben. E é unha lástima que estea pasando o que está pasando.

Pero vostedes pretenden que copiemos ese modelo, ese modelo fallido de Televisión Española, cando en Galicia, por moito que lles pese, as contas están saneadas; trece anos de superávit. Somos líderes en audiencia. ¿Queren que lles volva repetir en directo os datos? E tamén temos estabilidade laboral, cun proceso que vai facer que chegue a estabilidade ao cen por cento.

¿Sabe o que está pasando en Televisión Española no último ano? 1.456 contratos; fixos, 19, pero ¡sorpresa!, deles 16 eran de directivos. Iso debe ser liberdade de información, iso debe ser loitar polos dereitos dos traballadores. En fin...

Eu vou lembrar aquí que o concurso público que se puxo na Corporación de Radio e Televisión Española foi criticado incluso polos propios expertos que nomearon e foi tamén criticado e rexeitado polos letrados do Congreso. E o que fixo Sánchez nese momento é algo absolutamente antidemocrático, nunca se vira na historia da democracia, pero, como o facía Sánchez, era sumamente democrático. Cesou por decreto todo o consello de administración e tamén por decreto nomeou unha administradora única, Rosa María Mateo. Rosa María Mateo estivo no seu cargo ata que foi o Constitucional o que dixo que aquel nomeamento non cumpría a lei, e tivo o mérito de ser ela, si, a gran purgadora dos traballadores en Televisión Española, un cento de traballadores despedidos, ao mesmo tempo que baixaban as audiencias de forma estrepitosa e subía a débeda.

Está vostede, señora Otero, boa para falar de sentenzas. Trece sentenzas tiveron en contra cando vostedes estaban aquí no Bipartito (*Murmurios.*) e tamén incluso unha chamada da



Valedoría do Pobo. Pero a vostedes iso dálles igual, porque agora mesmo tamén están denunciados, porque non lle chegou ao señor Sánchez con nomear a Rosa María Mateo e que o Constitucional dixera que iso era ilegal, logo nomeou a José Manuel Pérez Tornero, que un ano despois dixo: *yo me voy*. E dixo textualmente: «*Me voy antes de dejar de lado mis convicciones.*» Así se xogan os cartos en Televisión Española, señores. E de novo noméase outra directora, neste caso Elena Sánchez.

Por certo, señora Rodil, ese exitoso concurso público que resulta que deixou fóra a Elena Sánchez, e Sánchez —*el otro*— recupéraa, olvídate do concurso público, recupéraa e tena de directora xeral, con poderes absolutos; como non llos podía dar, cambiou tamén por decreto os estatutos e agora xa ten poder absoluto para facer o que fixo. Ten, iso si, unha demostrada experiencia en xestión; en dous meses, 600 millóns de euros en contratos, o 50 por cento para só cinco produtoras.

¿E ese é o modelo que vostedes queren traer aquí? ¿De verdade cren que estamos aquí a xogar cos cartos dos galegos e das galegas? Miren, non. Contra ese modelo que vostedes teñen, nós temos un director xeral que foi elixido (*Murmurios.*) non polo Bloque Nacionalista Galego —porque, claro, é o do non, non lle imos pedir que diga que si a nada—, pero si foi elixido co apoio dos Socialistas e do Partido Popular. Nós non temos culpa de que cada vez que cambian un líder no PSOE, que é con moitísima frecuencia, pois cambian tamén de opinión; é que non podemos saber que imos facer mañá porque non sabemos que líder vai ter mañá o PSOE. Pero, en seriedade, o director xeral foi acordado polo PSOE e polo Partido Popular, e sobre a legalidade dese nomeamento na actualidade falou mesmo o Valedor do Pobo.

Señores, todos os datos avalan a xestión que se está a facer na CRTVG, que conta co respaldo maioritario das galegas e dos galegos. Deixen de utilizala politicamente, respecten os seus profesionais, respecten as galegas e os galegos, que a consideran propia, que a ven maioritariamente, que a senten, que se identifican con ela. Eses que, como vostede di, señora Rodil —e eu comparto tamén—, son os que sustentan os medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Réplica, grupo autor da proposición de lei.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Eu, antes de máis, agradecerlle o apoio ao Grupo Socialista, que xa anunciaron que van votar a favor da toma en consideración desta Proposición de lei de reforma dos medios de comunicación públicos.

Unha proposta política, total e absolutamente política, nun parlamento, unha cousa nunca vista, porque aquí debemos vir facer, segundo o PP, macramé, e o que fan eles, pois non sei, serán seres de luz os demais, todo é ideoloxía política, pero o deles é unha cuestión natural,



divina, ¿non?, como a auga cando chove, *es una cosa*, de verdade, que é un insulto á intelixencia colectiva, non desta deputada nin do Grupo Parlamentario do BNG (*Aplausos.*), senón á intelixencia colectiva deste país.

Porque, efectivamente, é unha cuestión política a decisión do Partido Popular de nomear a dedo o director xeral no ano 2009, pero máis grave aínda, que é a cuestión que denunciámos hoxe aquí desde o BNG e á que queremos poñerlle solución con esta proposta de lei desde o BNG, é o mantemento *sine die* con carácter case vitalicio desa dirección xeral, en mans do comisario político do Partido Popular, para seguir mantendo o control político dos medios de comunicación públicos deste país, señora Arias.

Porque eu algún día espero que alguén do Partido Popular explique aquí por que desde o ano 2011 o PP incumpre a súa lei. *Claro, no, es que es legal*; claro, cambiaron a lei pola porta de atrás cunha lei de acompañamento aos orzamentos de 2016 para poder manter no posto o señor Sánchez Izquierdo, actual director xeral, porque ao PP non lle dan os números. Porque ao PP, para non perder o control político da CRTVG, non pode negociar con ninguén o cambio dese nome, desa dirección xeral da CRTVG, señora Arias. Eu non sei con quen decidiron vostedes e se é verdade o que di vostede, que o Partido Socialista apoiou en 2009, non teño nin idea. ¿Sabe por que? Intento explicarlle por que, señora Arias. Porque é un acordo de despacho, ninguén o viu, non hai ningunha acta, non hai ningún informe público, non hai nada publicado nin no DOG nin no *Diario de Sesións* deste parlamento. Se se xuntaron en Monte Pío, en San Caetano ou no Pino, na sede do Partido Socialista, saberano vostedes, ninguén máis.

O que propón hoxe aquí o BNG é democracia, transparencia, luz e taquígrafos (*Aplausos.*) e que todo o mundo saiba o que pensa, o que opina, o que decide cadaquén. Iso é o que traemos: transparencia, luz e taquígrafos e despolitización.

Porque hoxe, efectivamente, señora Arias, para ser persoa candidata ao consello de administración ou á dirección xeral da CRTVG, ten que ser unha persoa que teña proposta ou que veña proposta por un grupo desta cámara; díxeno ao comezo: o que nós propoñemos aquí é que calquera persoa que considere que cumpre e que ten o aval para poder demostrar o cumprimento das condicións, deses requisitos, de profesionalidade e de garantía do cumprimento da lexislación e dos principios reitores dos medios públicos deste país, poida presentar a súa candidatura; que haxa un comité, un grupo de persoas expertas que sexan elixidas tamén por proposta dos profesionais da comunicación deste país, que decida quen son as persoas máis adecuadas e idóneas para formar parte dos órganos de dirección da Radio e Televisión públicas deste país.

Vostedes veñen aquí falar de todo e de nada, para non dar a cara, porque, aínda por riba de manipuladores e controladores, son covardes; suban aquí e defendan por que seguen mantendo, en contra do que di a propia lei, a súa lei, desde hai doce anos, un señor que o único que lles fai é de correa de transmisión entre San Caetano e a Radio e Televisión públicas deste país.

Eu non falei de Radiotelevisión Española para nada, (*Murmurios.*) eu non falei do non concurso público, porque non o houbo. ¿Pero saben quen ademais...? (*Murmurios.*) Non o houbo,





nomearon a dedo a persoa que está hoxe ao mando da Radio e Televisión pública española. Pero ¿saben quen máis criticou, ademais —ela, claro, iso non o dixo—, ese non concurso público da dirección de Radiotelevisión Española en Madrid, señora Arias?, que houbo un momento que pensei que viaxáramos ao Congreso e volvemos agora ao Parlamento de Galiza, porque lles facemos máis control aos medios públicos españois que aos de aquí, ¿non? Pero ¿saben quen máis criticou ese non concurso, ese incumprimento por parte do PSOE e Podemos dos seus compromisos de despolitización? ¿Sabe quen máis? O Consello de Informativos de Radiotelevisión Española, ese organismo que vostedes lles negan e vetan aos traballadores e traballadoras públicos deste país (*Aplausos.*), para seguir negándolles o dereito de participación no proceso de toma de decisión dos órganos de dirección dos medios públicos deste país.

Eu remato, señorías, dicindo o que dixemos na primeira ocasión que trouxemos isto aquí e hoxe outra vez. Nós imos seguir traballando con propostas coma esta, transparentes, coñecidas, opinables, debatibles, por suposto, co conxunto da sociedade, non só cos grupos parlamentarios, para garantir o dereito fundamental do conxunto da sociedade neste país a contar cuns medios de comunicación que sexan de todas, de todas e de todos, e non do partido que estea no Goberno.

Pero fíxese nunha cousa: cal é o concepto de imparcialidade, señora Arias, que ten e manexa o Partido Popular que cando Feijóo marchou para Madrid a quen levou como o seu grupo máis próximo para facerlle de asesores foi, precisamente, dous membros do Consello de Administración da CRTVG. Miren se hai vínculo político entre quen senta o Partido Popular na dirección da CRTVG e quen dirixe tamén a propaganda e a comunicación política do partido.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Pois, rematado o debate desta proposición de lei, procedemos á votación da mesma.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos ao punto segundo da orde do día: comparecencia.



## **Comparecencia da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta en materia de solo empresarial**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Hoxe comparezo, a petición propia, no Pleno do Parlamento para dar conta das políticas que por parte da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, se teñen feito en materia de solo empresarial. Pero non só para dar conta do feito, senón para dar a coñecer cales son as medidas que queremos implantar de cara ao futuro.

Avanzar medidas que tomaremos ao longo deste ano para tratar de seguir respondendo ás necesidades das empresas, que, en definitiva, é responder ás necesidades dos galegos e as galegas. Falar de empresa é falar de emprego, é falar de riqueza, é falar de calidade de vida e tamén é falar de liberdade. Todo co obxectivo de xerar emprego e impulsar a economía nun momento como o actual, que temos que dicir que é de grande incerteza económica e tamén de grande incerteza política.

Temos unha ampla experiencia nesta materia, porque levamos catorce anos con política de dotación de solo empresarial en Galicia. Estamos poñendo solo á disposición das empresas para que poidan instalarse, para que poidan desenvolver a súa actividade na nosa comunidade. Apostamos por un novo modelo, un modelo de desenvolvemento de solo empresarial público que sexa máis flexible, máis flexible e máis adaptado ás novas necesidades das empresas, daqueles que son galegos e queren seguir ampliando e daqueles que son foráneos pero que os recibimos para que se implanten en Galicia, coa finalidade de que a Xunta sirva de factor dinamizador de crecemento e progreso do sector empresarial no noso territorio, buscando sempre a eficiencia do investimento realizado e o incremento de oportunidades para os que queren emprender.

Grazas a todo este esforzo e ao longo de todos estes anos, a Xunta é hoxe por hoxe o maior promotor de solo en Galicia. É tamén a única administración que bonifica todas as parcelas da súa propiedade, rebaixando así o prezo de venda, demostrando, a base de medidas novidosas e de planificación, que en Galicia hai oportunidades para poñer en marcha actividades empresariais e industriais, que hai solo dispoñible a bo prezo, a prezo competitivo, e que hai facilidades para as empresas que apostan por instalarse en Galicia; en definitiva, que Galicia é o mellor lugar para comezar un proxecto empresarial de futuro.

E así o demostran os datos, que poñen de manifesto que o ano 2022 foi o segundo mellor ano da serie histórica dende o ano 2015 en canto a metros cadrados adxudicados pola Xunta de Galicia, só por detrás do ano 2019, que bateu récords. Así, no ano 2022, adxudicáronse un total de 540.000 metros cadrados; son máis de medio millón de metros cadrados de solo empresarial, unha cifra que foi rebasada no ano 2019, con 640.000 metros cadrados.



Quero destacar de xeito especial tres parques: a PLISAN, 152.107 metros cadrados; A Sionlla, 110.712 metros cadrados; e As Gándaras, 71.625 metros cadrados.

E para conseguir isto dotámonos de varios instrumentos e tamén de distintas liñas de traballo. Elaboramos unha completa folla de ruta que nos guía no deseño de medidas máis axeitadas a cada zona en Galicia e tamén nas demandas que nos veñen dadas xa de cara á Xunta de Galicia e que imos detectando.

Entre eses instrumentos eu teño que destacar o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia. Foi aprobado no ano 2014 e actualmente atópase en proceso de adaptación e de actualización. Trátase, sen dúbida ningunha, do documento clave, estratéxico, xa que todo o desenvolvemento do solo empresarial da nosa Comunidade planifícase a través desta ferramenta útil.

Así, no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia determínanse as actuacións posibles en función da demanda do solo de cada área funcional, evitando, deste xeito, posibles localismos e garantindo que cada unha destas áreas dispoña do solo empresarial urbanizado que sexa necesario para facer fronte á demanda existente.

A actual revisión do plan, a segunda que se acomete dende o ano 2014, permitirá, por un lado, modificar 9 parques empresariais e incorporar outros 12 que non estaban planeados inicialmente e que se teñen revelado como necesarios. E grazas a esta actualización o plan incluírá 121 parques, cunha superficie de 47 millóns de metros cadrados de solo industrial en Galicia.

Estamos xa na fase final da tramitación. De feito, xa realizamos a exposición pública; fixémosla nos dous últimos meses do ano 2022. Solicitamos todos os informes sectoriais necesarios, pero, para a súa aprobación definitiva, seguimos agardando por dous informes que non acaban de chegar; é o informe de Carreteras do Estado, que leva un atraso de máis de tres meses; e, como xa é habitual e acontece tamén en algo tan básico como son os plans básicos municipais, queda tamén pendente o informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, tamén con meses de atraso.

Mentres, pola contra, o Ministerio de Transición Ecolóxica dámos cinco días, tan só cinco días, señorías, para informar da gran complexidade para proxectos eólicos ao longo de todo o territorio galego. Polo que, como noutras ocasións, teño que volver reclamar dende esta tribuna ao Goberno central a maior axilidade posible na emisión destes informes, que nunca deberían de superar os tres meses, xa que todas estas dilacións non van en prexuízo da Xunta, senón que prexudican o futuro dos galegos e das galegas e, polo tanto, o futuro da nosa economía.

E outro instrumento clave na planificación do solo empresarial é a recentemente aprobada Lei de áreas empresariais de Galicia; un texto que recibiu o visto bo desta Cámara, co apoio tamén do PSOE, en setembro do ano 2022, e que entrou en vigor hai tres meses, o 10 de novembro. Como ben saben, esta norma foi deseñada en consenso co sector empresarial galego, xa que durante a tramitación mantivemos reunións cos empresarios das catro provincias,



que nos trasladaron as súas achegas —entendemos que non se pode legislar, de non ser así—. Durante a tramitación mantivemos reunións varias e, ao final, conseguimos o obxectivo. O obxectivo da lei é evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades.

Este texto introduce importantes melloras. Así, completa a Lei de ordenación do territorio no relativo á ordenación e á execución de áreas empresariais, facilita o desenvolvemento estratéxico das actuacións e flexibiliza a planificación do solo con novos mecanismos de ordenación. De feito, a norma inclúe un novidoso instrumento de planificación: o denominado Plan estruturante. É un documento urbanístico fundamental para a planificación das novas actuacións de solo empresarial. Estamos ante unha figura que permite desenvolver os parques empresariais con maior rapidez e que facilita a súa adaptación a posibles ampliacións e, polo tanto, ás necesidades de cada momento. Todo isto sen ter que repetir longas e tediosas tramitacións que o que facían era retrasar a implantación de empresas e, polo tanto, a xeración de emprego.

Neste punto teño que dicir que lamento profundamente que o Goberno central trasladase a súa intención de recorrer a Lei de áreas empresariais de Galicia por preceptos que unicamente teñen como obxecto simplificar a avaliación ambiental. ¡Cousas veredes! ¡Como cambia a cousa cando se trata dunha lei en Galicia a cando se trata dun real decreto que non é lei e que aproba o Goberno central!

E de novo volvo insistir en algo que acabamos de ver recentemente, que é na tramitación dos eólicos a través de procedementos exprés. Discuten que se poida dar carácter positivo ao silencio dos informes sectoriais, cando o Estado acaba de aprobar no real decreto de decembro, que dá carácter potestativo ao silencio da Administración do Estado, os proxectos eólicos que o Goberno quere implantar, e, unha vez máis, lémbrolles, dando cinco ou, como máximo, dez días para a emisión deses informes.

Actualmente, estamos levando a cabo o deseño do que serán os primeiros plans estruturantes ao abeiro da nova lei. Trátase, por exemplo, do de Paderne de Allariz, en Ourense, que comezou a súa tramitación a través dun plan de interese autonómico —dun PIA—, e agora reactivase a súa tramitación. Contará cunha superficie de 1,1 millón de metros cadrados. E da ampliación do parque empresarial Bértoa, en Carballo, cunha superficie total de 581.450 metros cadrados, na que imos investir 18,7 millóns de euros, e da que esperamos ofrecer as primeiras parcelas no ano 2024, tal e como lles trasladei eu mesma aos empresarios o pasado mes de xaneiro.

A Xunta de Galicia cumpre. (*Aplausos.*) ¡Cumpre!, (*Aplausos.*) e dígoo porque vin que se facía o xesto de tomar nota. Tomen vostedes nota porque sempre cumpre.

Tamén terá un plan estruturante a ampliación de Santa Comba, cunha superficie de 204.000 metros cadrados; e a ampliación do parque empresarial da Sionlla, en Santiago, da que se prevé licitar a redacción do seu plan estruturante no vindeiro mes de abril; ou a posta en marcha dun novo polígono en Mos, en concreto, en Louredo; e a ampliación empresarial no concello da Estrada.



Pero, señorías, non se trata só de planificar e de poñer as bases para un desenvolvemento ordenado do solo empresarial, trátase tamén de axudar a todos aqueles que escollen Galicia para desenvolver as súas actividades empresariais. Por iso, para favorecer o asentamento de empresas en Galicia, levamos xa oito anos aplicando bonificacións ao prezo do solo empresarial que é propiedade da Xunta de Galicia, sendo a única administración que bonifica todos os terreos da súa propiedade. E aquí, unha vez máis, teño que facer unha reivindicación: non pode haber Galicia de primeira e de segunda. Non é posible que só se bonifique o solo propiedade da Xunta de Galicia. Reivindicamos dende esta tribuna que desde SEA e SEPES, que pertencen na súa gran maioría ao Goberno central —no caso de SEA, pero tamén de SEPES, que é integramente do Goberno central—, se fagan as bonificacións necesarias.

Dende o ano 2015 aplicamos bonificacións do 50 e do 30 por cento en parques de toda Galicia. E, ademais, dende o ano 2016 tamén é posible a adxudicación do solo en dereito de superficie co pago dun reducidísimo canon anual. Entre o máis barato están os 75 céntimos/metro cadrado no caso do Cervo, aos 3 euros/metro cadrado na Sionlla. Concretamente, a bonificación acada un 50 por cento do seu prezo na costa da Morte, na área de Ferrol, nas provincias de Lugo e de Ourense e na área próxima a Portugal, na provincia de Pontevedra. No resto dos parques a bonificación é dun 30 por cento.

Todo este esforzo da Xunta é un esforzo dos galegos e das galegas, e xa está dando os seus froitos coa implantación de múltiples empresas nos parques públicos, xa que as ditas bonificacións implican, por un lado, a obrigación de construír as instalacións e de iniciar a actividade empresarial no prazo máximo de tres anos dende a formalización da adxudicación da parcela. Está claro que esta política de bonificacións posta en marcha pola Xunta supuxo un grande impacto positivo na actividade económica e, polo tanto, laboral de Galicia; así nolo traslada o sector e así o reflicten as cifras. Concretamente, estas medidas permitíronnos adxudicar dende o ano 2015 preto de 2,9 millóns de metros cadrados de solo empresarial. Por provincias: adxudicáronse 1,5 millóns de metros cadrados na Coruña, 566.832 metros cadrados na de Lugo, 462.573 metros cadrados na provincia de Pontevedra e 291.764 metros cadrados en Ourense. En total, o solo adxudicado en compravenda supuxo un desembolso por parte dos adquirentes —é dicir, dos empresarios— de 164,6 millóns de euros, despois de aplicarse bonificacións que suman un importe de máis de 83 millóns de euros, que puxo como bonificación e como esforzo a Xunta de Galicia —incido unha vez máis, a Xunta de Galicia somos todos os galegos e galegas—; unha cantidade que aforraron as empresas á hora de implantarse en Galicia.

Pola súa banda, o solo adxudicado en dereito de superficie acadou un valor de 22,2 millóns de euros, cunha superficie adxudicada de 324.500 metros cadrados a doce empresas, de xeito que a aposta de Galicia e da Xunta por incentivar a actividade das empresas galegas acadou os 105,24 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Hai datos dos cales nos temos que sentir todos moi orgullosos. Son datos dende a posta en marcha das bonificacións, hai xa oito anos, nas cales adxudicamos 777 parcelas a 565 empresas, inducindo un investimento indirecto de máis de 800 millóns de euros e impulsando a creación de máis de 8.000 empregos. De feito, a estimación de ingresos públicos ligados soamente ao emprego xerado polas empresas bonificadas ascende a 119 millóns.



Dado o éxito desta política implantada polo Goberno galego, en 2023 prevemos continuar coa aplicación das bonificacións sobre o prezo de venda das parcelas e tamén coa modalidade da adxudicación en dereito de superficie. Así o reflicten os datos do orzamento deseñados para este ano. Imos destinar 35,4 millóns de euros a actuacións de solo empresarial, un 3 por cento máis que no ano 2022. Destes preto de 35,4 millóns de euros, 7 millóns de euros destinarémolos a manter as bonificacións no prezo de venda de solo empresarial; os descontos serán do 30 e do 50 por cento, e grazas ás que mobilizamos solo industrial cunha superficie que equivale á suma das cidades da Coruña e de Santiago, 5,6 millóns de metros cadrados. Os restantes 28,35 millóns de euros vanse investir principalmente na mellora e no desenvolvemento de solo empresarial, con actuacións en 27 parques empresariais de Galicia. Así, reservamos 1,95 millóns de euros para As Gándaras, en Lugo; 5,24 millóns de euros para a fase C de Morás, en Arteixo; 4,4 millóns de euros para o parque tecnolóxico de San Cibrao das Viñas; 3,5 millóns de euros para a fase 5 do parque de Xinzo de Limia; 2,9 millóns de euros para o futuro parque empresarial de Pontecesures; 1,95 millóns para o parque empresarial do Corgo; 1,6 para a PLISAN —a maior bolsa de solo industrial no sur de Galicia—; e 1,39 millóns de euros para a ampliación do solo empresarial de Lalín.

No marco das nosas políticas en materia de solo empresarial neste ano, poñeremos á disposición dos empresarios a prezos bonificados preto de 900.000 metros cadrados en diferentes áreas empresariais para continuar asentando futuro, para que os nenos que hoxe nos visitan e os mozos non teñan que ir fóra, para que teñan un futuro en Galicia e para que teñan un futuro nos seus concellos. En total, entre Xestur e IGVS dispoñemos actualmente de preto de 900.000 metros cadrados de solo en condicións de ser adxudicados en compra-venda ou en dereito de superficie. Están distribuídos nun total de 36 parques en toda Galicia, concretamente, contamos con 11 parques na provincia da Coruña; 11 na provincia de Lugo; 8 na provincia de Ourense; e 6 na provincia de Pontevedra. E a posta á disposición do solo será inmediata para aqueles empresarios que queiran asentarse en Galicia ou que queiran ampliar os seus negocios. De feito, pódolles avanzar que o Consello de Administración de Xestur aprobará mañá e publicará nos vindeiros días os pregos do novo concurso de venda de solo empresarial; un concurso no que ofreceremos ao tecido empresarial que aposte por Galicia un total de 214 parcelas, son 517.720 metros cadrados; co que o solo empresarial ofertado estará repartido entre dezaioito concellos ao longo de toda a xeografía galega. Por exemplo, neste concurso correspondente ao ano 2023 ofreceremos, entre outros, 32 parcelas no parque de Morás, 18 no parque das Gándaras e 9 parcelas no parque empresarial da Sionlla, en Santiago, que está rexistrando unha importantísima demanda; de feito, a finais do ano 2022 adxudicáronse 11 parcelas cunha superficie de 56.000 metros cadrados, sendo a maior bolsa de solo industrial adxudicada neste ano no polígono compostelán.

E poñeremos todo este solo á disposición con todas as facilidades posibles para os interesados. Ímolo facer a través de catro modalidades diferentes. Por un lado, o prezo bonificado entre o 30 e o 50 por cento. Por outro lado, a adxudicación en dereito de superficie, cun canon hiporreducido. A modalidade de alugueiro, que ten como obxecto poñer en valor o solo empresarial vacante da Xunta de Galicia, dando cabida nel á instalación ou a instalacións con carácter que non sexan permanentes. Concretamente, farase unha oferta pública de alugueiro de 98 parcelas, cunha superficie de 130.000 metros cadrados en parques de Ferrolterra e da zona fronteiriza con Portugal. E, por último, a adxudicación do solo en compravenda con pago aprazado.



Esta foi unha novidade que introducimos no ano 2022, con base na cal o adquirente ten que pagar o 20 por cento ao asinar a escritura e o 80 por cento restante poderá aboalo nun prazo máximo de oito anos, sen xuros durante os primeiros catro anos e coa posibilidade dun ano de cadencia. Polo tanto, todas as posibilidades para que as empresas se asenten en Galicia.

Ao mesmo tempo, a Xunta non descoida a promoción de novos parques empresariais e a ampliación deles alí onde exista demanda. De feito, actualmente estamos traballando en distintas fases no desenvolvemento de 6,8 millóns de metros cadrados de solo en toda Galicia, os cales se atopan en distintas fases de tramitación; uns en obras de urbanización, outros na redacción de documentos técnicos e, por último, e dentro do que entendemos que ha de facerse, que é a planificación, nunha fase de estudos previos.

Concretamente, máis de 500.000 metros cadrados atópanse xa en fase de urbanización. É o caso da ampliación do parque de Xinzo de Limia, con 118.000 metros cadrados. Tamén é o caso da ampliación do parque das Gándaras, na cidade de Lugo, do que estamos acometendo a súa terceira fase. Estanse urbanizando un total de 55.768 metros cadrados. Ademais, estamos urbanizando a fase C da área empresarial de Morás, máis de 200.000 metros cadrados. Neste último caso, investimos 5,8 millóns de euros, que van permitir dotar esta zona de 70 novas parcelas.

Traballamos tamén na ampliación do parque de Muimenta, en Cospeito, e na reurbanización da central de transportes, en Ponte Caldelas, con 86.000 metros cadrados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non hai quince anos que se está coa reurbanización da central de transportes en Ponte Caldelas. O que había neste parque eran uns usos que non demandaban os empresarios e, polo tanto, cambiouse o uso. Cambiando o uso, estase coa reurbanización deste parque.

Con respecto aos outros 3,1 millóns de metros cadrados, atopámonos na fase de redacción dos documentos técnicos necesarios, como, por exemplo, na ampliación dos seguintes parques para adaptarse á demanda existente:

A Sionlla. Ímolo ampliar en 400.000 metros cadrados. Estamos a traballar na ampliación do PS5, Sund-29. Actualmente estamos redactando o estudo previo das conexións exteriores, da ampliación e tamén se está a realizar unha primeira valoración previa dos bens e dereitos que será necesario adquirir para esta ampliación.

En Bértoa, Carballo, unha superficie de 718.000 metros cadrados. Traballamos coa previsión de redactar e aprobar o proxecto de urbanización e expropiación de solo no primeiro semestre do ano 2024.

En San Cibrao das Viñas, 341.000 metros cadrados no parque tecnolóxico.

En Lalín, onde a ampliación de Lalín 2000 ocupará unha superficie de 314.000 metros cadrados e suporá un investimento por parte da Xunta de preto de 16 millóns de euros.

E tamén nos parques das Gándaras, fases IV, V e VII, en Coristando, en Santa Comba, en Palas de Rei, en Xove, no Corgo, en Meira e no novo parque de Pontecesures.



Por último, noutros 3 millóns de metros cadrados restantes actualmente estamos realizando os estudos previos necesarios. Este é o caso do novo parque en Mos-Redondela, que disporá de preto de 480.000 metros cadrados; dun novo parque empresarial na Estrada, 161.000 metros cadrados; ou dun novo parque entre O Carballiño e Maside, 1,2 millóns de metros cadrados.

A ampliación do Pereiro de Aguiar, con 200.000 metros cadrados; a ampliación da PLISAN, que disporá de 1,1 millóns de metros cadrados máis; unha área na que en tan só tres anos, dende o ano 2020 a finais do ano 2022, se adxudicou o 61 por cento do solo urbanizable dispoñible. Ademais, cómpre lembrar que todo o solo empresarial dispoñible na actualidade na PLISAN segue á disposición das firmas interesadas nunhas condicións económicas vantaxosas que garanten a súa competitividade.

E, por último, pero non menos importante, e despois de darlles a coñecer que é o que fixemos e como temos planificado o solo industrial en Galicia e a situación dos distintos parques, estamos traballando tamén na humanización dos parques empresariais. Así, a través do IET, do Instituto de Estudos do Territorio, estamos ultimando a guía de recomendacións básicas para a integración paisaxística das áreas empresariais, que poderemos presentar no segundo trimestre do ano 2023, e que busca a mellora da adaptación das infraestruturas empresariais á paisaxe na que se sitúan, reducindo así os posibles impactos.

Tamén acabamos de presentar a guía de boas prácticas sobre carteis publicitarios, que ten un apartado concreto para os parques industriais. Ademais, xa temos introducido actuacións de humanización en certos parques, como é o caso do das Gándaras, cun deseño de grandes prazas, espazos para a práctica do deporte, así como a interconexión coas cidades.

E dende o eido cultural, por suposto, aínda que non sexan BIC, a restauración de elementos propios do lugar.

En definitiva, nun contexto de crise económica, nun contexto de incertezas a nivel mundial, pero máis a nivel nacional, a Xunta optou por dar as mellores facilidades posibles para a implantación do tecido produtivo en Galicia. Para isto ofrecemos ás empresas galegas ou que queiran asentarse en Galicia solo urbanizado e parques empresariais distribuídos polas catro provinciais e deseñamos unha completa política de incentivos que está a dar uns resultados moi favorables. Deste xeito, facilitamos o acceso das empresas ao solo industrial e potenciamos o emprego e o tecido industrial de Galicia, tendo como base un triplo obxectivo que nunca debemos esquecer: a creación e ampliación de empresas, a creación de riqueza e a xeración de postos de traballo.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.





Señora conselleira, a verdade é que, mire, éralle moito máis doado que nos entregase a todos os deputados e deputadas esa lista da compra que acaba de facer, que acaba de relatar vostede, neste acto totalmente de publicidade e propaganda.

Mire, señora conselleira, dentro dun mes vai facer catorce anos que o señor Feijóo accedeu por primeira vez á Presidencia da Xunta de Galicia; catorce anos gobernados ininterrompidamente polo Partido Popular. E dende outubro de 2015 —é dicir, hai sete anos— vostede estivo como integrante dese goberno galego con responsabilidades en distintas consellerías.

Poño isto de manifesto e de relevo ao principio da miña intervención porque catorce anos son tempo dabondo para amosar cal é a idea de país, cal é o proxecto para Galicia que ten este goberno autonómico encabezado polo expresidente Feijóo antes e polo señor Rueda dende hai un ano.

E ¿sabe, señora conselleira?, a conclusión, miremos por onde miremos, é que para os distintos gobernos de Feijóo, de Rueda e de vostede como parte integrante dese mesmo goberno, nunca houbo un proxecto de país que pensase en Galicia, que pensase no noso territorio, que pensase nas nosas xentes e que pensase no noso futuro.

Vostedes na Xunta de Galicia limitáronse a xestionar o que tiñan, o que recibían doutras administracións, sen planificar en que, para que ou como debían proxectar e priorizar os investimentos no noso país, sen ter en conta as nosas potencialidades, as nosas fortalezas e as nosas necesidades. Vostedes pensaron que facendo un plan estratéxico no ano 2015 e outro no ano 2022 xa estaba todo feito; que poñendo en papel todas esas boas intencións como por arte de maxia xa se cumprían os vosos desexos.

Señora conselleira, para acadar resultados hai que planificar, hai que legislar, hai que achegar os recursos necesarios, pero tamén hai que executar as medidas e os orzamentos, e non escudarse, como acaba de facer vostede, como fan todos os membros deste goberno —deste e dos anteriores— en botar as culpas ao Estado —iso si, cando non gobernan vostedes—, e, cando non lles vale o Estado, aos concellos.

Mire, cando falamos de planificar un territorio, señora conselleira, hai que ter en conta todas as administracións con competencias nese territorio e establecer canles de colaboración institucional, nomeadamente cos concellos, señora conselleira. E mire, as canles de colaboración non son canles de subordinación. Non se trata de outorgarlles máis competencias, non se trata de chantaxearlos condicionando os seus xa insuficientes recursos e ingresos a cambio de subvencións. A colaboración institucional non é botarlles as culpas da súa incompetencia e da súa falta de visión de desenvolvemento para a nosa comunidade.

Señora conselleira, ese «Galicia, Galicia, Galicia» debера ser traballar para Galicia, dende Galicia e con Galicia; non como unha frase baleira que empregan vostedes con máis ou menos intensidade sen estar respaldada por un proxecto de país, e non como vén vostede hoxe aquí, nun acto máis de propaganda, botándolle as culpas ao Goberno do Estado ou aos concellos. Volvo recordarlle: levan catorce anos gobernando e o señor Pedro Sánchez só leva desde o ano 2018.



Mire, voulle recordar tamén que o Estatuto de autonomía de Galicia ten dous artigos que son fundamentais para a exposición que acaba de facer vostede aquí e que, ademais, tamén se integran nesa Lei de áreas empresariais que se aprobou hai uns meses neste Parlamento.

O artigo 27.3 do Estatuto establece que a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio. E o artigo 30.1.1 establece a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia. Xa que logo, señora conselleira, por moito que ría, a planificación, a ordenación, o desenvolvemento, a execución das áreas empresariais, o fomento do acceso ao solo empresarial e a xestión e a conservación das áreas empresariais de Galicia son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega, cuestión que, como lle dicía antes, se recolle literalmente na propia exposición de motivos da Lei de áreas empresariais de Galicia, aprobada en setembro do ano pasado —é dicir, hai uns catro meses—, e para a que os socialistas lles outorgamos un voto de confianza. Tamén se recolle nesa mesma norma que a xeración de solo empresarial convenientemente urbanizado e a un custo razoable, que permita a implantación de actividades empresariais vinculadas ás actividades do sector secundario e terciario, constitúe un elemento esencial para impulsar o desenvolvemento empresarial e garantir o progreso socioeconómico de Galicia.

O problema, señora conselleira, volve ser o mesmo. Non é que se plasme nos papeis, o problema non é que aproben leis, o problema é que durante catorce anos vostedes non fixeron nada. Porque se cren realmente que o progreso socioeconómico pasa pola planificación do solo empresarial, ¿por que non o fixeron antes? Porque, mire, tan importante é hoxe, cando vostede vén aquí, neste acto de publicidade e propaganda, anuncialo, como foi durante os catorce anos que levan vostedes gobernando na Xunta de Galicia.

Vostedes adicáronse unha vez máis a favorecer fundamentalmente aqueles concellos gobernados polo Partido Popular no canto de planificar tendo en conta as potencialidades de cada territorio, que son moitas e moi diferentes.

Porque mire, señora conselleira, se existise un solo empresarial planificado, ben comunicado e preto dos lugares onde se producen ou se cumpren as condicións para poder producirse bens e servizos e se instalasen máis empresas, seguramente a actividade económica en Galicia pode que non presentase, no terceiro trimestre de 2022, unha significativa ralentización no seu ritmo de crecemento. Porque non sei se sabe, pero o PIB en Galicia medra un 2,5 por cento respecto do ano anterior, pero é que no conxunto do Estado medra o dobre, señora conselleira, un 4,4 por cento. Polo tanto, Galicia non está entre as mellores comunidades en creación de riqueza. É un investimento que aumenta en Galicia un 0,5 por cento, pero é que no conxunto do Estado medra dous puntos máis do que medra en Galicia. É que, no caso do sector exterior, o dinamismo exportador reflicte unha media dun 8,1 por cento en Galicia, pero é que no conxunto do Estado é dun 18,8 por cento, señora conselleira; é dicir, máis de 10 puntos máis do que medra en Galicia.

E tamén, se existise un solo empresarial planificado, ben comunicado e preto de onde se producen ou se cumpren as condicións para poder producirse bens ou servizos durante estes catorce anos, axudaría a que moitas empresas escollesen Galicia para implantarse en lugar



de buscar outros territorios mellor planificados e con máis vantaxes, señora conselleira; ou algunha das empresas que xa estaban en Galicia non terían marchado da nosa comunidade.

E mire, vuelle dar datos, porque os datos son o que mellor reflicte a realidade, por moito que vostedes rían.

O número de empresas que había ao inicio de ano no ano 2009 eran 215.527. ¿Sabe cantas había no inicio do 2021 —que son os últimos datos que hai—? Pois 208.409; é dicir, en 2021 o número de empresas que había en Galicia eran 7.118 empresas menos das que había ao inicio do ano 2009. Ou podemos ver os datos tamén, señora conselleira, da taxa neta de demografía empresarial no ano 2021, e vostede sabe perfectamente que a taxa neta son as empresas que nacen menos o número de empresas que morren. Pois mire, señora conselleira, as microempresas en 2021 baixaron respecto do ano anterior un 1,46 por cento, as pequenas empresas baixaron un 0,39 por cento e as medianas empresas baixaron un 1,33 por cento. A única que permanece igual é a gran empresa. En todo o resto baixaron na nosa comunidade no ano 2021 respecto do ano anterior. Xa que logo, se houberse maior implicación do Goberno autonómico, de quen ten a competencia exclusiva, probablemente este índice sería diferente. ¿E quen ten a culpa, señora conselleira?, ¿Pedro Sánchez?, ¿os concellos? ¿Vostedes non van asumir nunca ningunha culpa da súa falta de xestión? Vostedes teñen a competencia exclusiva.

Porque mire, señora conselleira, se existise ese solo empresarial do que eu lle falo, planificado, ben comunicado, preto dos lugares onde se producen ou se cumpren as condicións para poder producirse bens e servizos durante estes catorce anos que permitisen a implantación de empresas a prezos competitivos, pois o mercado de traballo, señora conselleira, tamén tería tido unha evolución diferente en Galicia.

Hoxe temos unha Galicia que un trimestre máis ten unha menor intensidade no mercado de traballo que no conxunto do Estado, con taxas de ocupación e de actividade máis baixas. Mire, cuarto trimestre de 2022 —datos IGE—: pois resulta que de 2009 a 2022 no mesmo trimestre temos en Galicia 37.700 persoas ocupadas menos, señora conselleira —¡menos!—. E na industria temos 20.700 persoas ocupadas menos —en industria en 2022, no cuarto trimestre— das que había no cuarto trimestre de 2009.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señor presidente.

E se miramos o paro rexistrado en 2022, baixa respecto do ano anterior case dous puntos menos que para o conxunto do Estado, cunha taxa de actividade que é seis puntos inferior á da media de todas as comunidades autónomas: Galicia, un 52,69 por cento; España, un 58,52 por cento.

Espero, señora conselleira, que nos explique se as causas de todo isto son do Estado ou dos concellos. De vostedes, nunca. Vostedes están aí sentados e elixíronos para mirar como pasa o tempo.



Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Señora conselleira, a verdade é que me decepciona vostede. Eu pensei que ía comparecer hoxe para falar dos danos das riadas que afectaron, a finais do ano pasado-principios de ano, moitos concellos galegos, e aínda vostede non foi visitalos nin preocuparse por eles. (*Aplausos.*) Iso é o que tiña que facer vostede, dar a cara e ir aos concellos a preocuparse polos danos das riadas. Pensei que ía vir aquí, por exemplo, falarnos da Rede Natura, porque teñen vostedes pechada a cal e canto a ampliación da Rede Natura —sabemos perfectamente por que—, ou podía vostede vir aquí informar de como fixeron as declaracións de impacto ambiental dos polígonos eólicos... Si, si, voullo dicir eu tamén. Pero vostede veu aquí a unha sesión de botafumeiro preelectoral, a vender fume embotellado. ¿E xa sabe para que se utilizaba o botafumeiro na catedral, non? Para intentar perfumar o ar contaminado, tóxico. Para iso veñen vostedes aquí..., por certo, a utilizar os espazos comúns do Parlamento, profanándoos para actos de propaganda partidista; (*Aplausos.*) propaganda partidista (P-P). Despois moléstalles que utilicen outras forzas políticas os espazos comúns do Parlamento. ¡Vaia, vaia! En fin, déixoo aquí.

Vostede representa a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e mellor sería dicir a «Consellería de Ningún Ambiente, Destrucción e Degradación do Territorio». Iso é o que representa vostede, a Consellería de desprotección da Rede Natura, dos espazos prioritarios. Hai un mandato europeo de protexer —que vostedes se negaron a ampliar no seu momento— máis de 200.000 hectáreas de territorio galego, que debería ter a máxima protección. E sabemos por que non as protexeron, por que paralizaron esa ampliación no ano 2012: por protexer e defender os intereses do *lobby* enerxético, do *lobby* mineiro e do *lobby* forestal. Estámolo vendo agora, cando xa están tramitados os proxectos eólicos. Agora a vostedes acordoulles outra vez, por enésima vez —xa o repetiron cada día—, o dos humidais; volven anunciar unha nova protección de humidais. Levamos así catorce anos agardando que se faga esa protección, e non se fixo. Vostedes están cometendo un auténtico ecocidio, que acabará sendo un delito dentro de pouco. Vostedes xa se están adiantando a esa realidade.

En fin, que sacrifican miles de hectáreas para construír en todo o país polígonos industriais eólicos; e dálles igual o que haxa no territorio, os valores ambientais do territorio, a xente que vive no territorio. ¡Dálles igual! Vostedes din: «En Madrid son peores ca nós. (*Murmurios.*) Nós somos os malos, pero en Madrid hai outros peores». Pero vostedes son malos: malos contra o territorio, (*Aplausos.*) malos contra o rural, malos contra a xente, con esta auténtica agresión, este ataque, o maior ataque, posiblemente, que se leva cometido nas últimas décadas, desde o franquismo, contra o rural; esa auténtica avalancha eólica que vostedes acaban de aprobar, co beneplácito e cos informes favorables do seu departamento, do Instituto de Estudos do Territorio —do seu departamento—, da Dirección Xeral de Calidade



Ambiental e da Dirección Xeral do Medio Natural. ¡É un auténtico escándalo como fixeron pasar centos de elefantes polo ollo dunha agulla!, con fragmentacións, con desprotección de espazos prioritarios, e recoñecido nas propias declaracións de impacto ambiental. ¡Un auténtico escándalo! E xa lles avisamos: imos dar a batalla social e a batalla legal para botar abaixo esta auténtica desfeita contra o país e contra a xente. *(Aplausos.)*

E tamén xa lles aviso: a xente está moi cabreada. Imos dicirlle moi claramente á xente que está cabreada que o cabreo ten que manifestarse o 28 de maio nas urnas, contra aqueles que están aprobando eses proxectos; si, os dos dous partidos turnistas que aí compiten a ver quen o fai peor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Compiten na tribuna do Parlamento, que para iso está, igual que outros espazos do Parlamento: para que se usen democraticamente no exercicio da liberdade de expresión *(Aplausos.)* E non nos van poñer ningunha mordaza, que lles quede claro.

A súa comparecencia poderíase resumir nunha frase... *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)* —o señor Balseiro está nervioso, pero hoxe non lle toca falar; tranquilícese, xa lle tocará—: «dime de que presumes e direiche de que careces». Porque vostedes están levando a cabo unha política en materia de solo empresarial e de política industrial que se pode resumir en tres palabras: é unha política errática, de bandazos absolutos, unha política partidista, e o que é peor é unha política mercenaria, que está ao servizo de grandes intereses económicos aos que vostedes lles abriron a barra libre e lles puxeron alfombra vermella. Cambiaron multitude de leis para facilitarlles os seus intereses e os seus negocios. E o eólico é un exemplo, pero non só o eólico, tamén o forestal, e veremos como dentro de pouco vén o mineiro. Son vostedes a xestoría de grandes grupos económicos, e agora alíanse, ademais, con eles na sociedade Impulsa, onde están de ganchete con Repsol, con Naturgy, con Greenalia...; é dicir, coas empresas que están espoliando literalmente o país.

E voulle poñer uns exemplos desta realidade. Un é Ence, que se vai hoxe resolver a sentenza do Tribunal Supremo. Esperemos que sexa coherente co que xa ditaminou a Audiencia Nacional, porque non hai outra posibilidade. *(Murmurios.)* Vostedes levan días e días, con todos os gabinetes mediáticos, a fronte mediática, a fronte social, a fronte dos seus adláteres, intentando condicionar unha decisión dun tribunal de xustiza. E estivo onte o señor Rueda —Rueda é o presidente da Xunta, por se non o sabían; dígoo porque hai bastante desinformación ao respecto; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é o presidente da Xunta, e dígoallo tamén a toda a xente que nos está vendo—. En fin, contribuímos a que o nivel de coñecemento aumente... *(Murmurios.) (Aplausos.)* Non... Son vostedes... Eu quero contribuír a este aumento do nivel de coñecemento. Ben, pois queren vostedes perpetuar na ría de Pontevedra 600.000 metros cadrados de terreo industrial gañado ao mar. ¿Así é como vostedes queren defender o litoral?, ¿é así? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Asfaltando, pavimentando e consolidando 600.000 metros cadrados de terreo industrial enriba do mar? Iso facíase na época do franquismo, *A bayoneta calada*, e metendo as mariscadoras de Lourizán na cadea; pero agora non se fan así, agora hai outros criterios. *(Aplausos.)*

Se queren ser cribles con esa Lei de ordenación do litoral, aposten pola saída de Ence, porque, ademais, ¿como que non hai terreo? ¡Se vostedes, ademais, acabaron encontrando máis terreo, moito máis terreo, para Altri! ¿Como non o vai haber para Ence? En fin... Ademais, dixémosllo



aquí: é a oportunidade de desenvolver un gran proxecto de transformación do sector forestal e da madeira. Apostemos por avanzar, por crear máis postos de traballo, por gañar os postos de traballo da ría e tamén os postos de traballo na transformación do sector forestal.

Bueno, non lle vou falar da serra do Iribio, da desfeita que fixeron aí; tamén un polígono industrial, en Rede Natura, avalado pola súa consellería, señora conselleira. Non lle vou falar de Sasdónigas, onde a alcaldesa do Partido Popular foi, xunto co cura, polas casas para convencer a xente para que lles desen os terreos a unha empresa eólica, e ademais rebaixáronlles os impostos municipais —negocio a mans cheas—. Unha alcaldesa do Partido Popular que agora se presenta noutro concello, por certo. Pois ben, non quero dar máis pistas. *(Risos.)* Por non falar das portas xiratorias, que vostede aí tamén ten antecedentes de dous antecesores seus: o señor Del Álamo, colocado en Ence, curiosamente —aí veñen despois todas as prórrogas—, e a outra, a súa compañeira —non sei se irmá xemelga, como a señora Ethel Vázquez—, Beatriz Mato, que está colocada tamén en Greenalia; unha empresa que está denunciada, xunto coa Xunta, na Fiscalía por presuntos delitos de prevaricación e malversación en relación cos plans industriais do concurso do ano 2010. Que, por certo, pedimos unha comisión de investigación porque vostedes nos negaron a documentación deses procedementos, e iso non é xusto, non é un respecto a este Parlamento. Imos ir a onde faga falta para conseguir esa documentación, xa lle avisamos.

Pero, claro, podemos falar aquí do concurso eólico do 2010, de Pemex, do vehículo eléctrico —40 millóns tirados, literalmente, entre o ano 2010 e 2013—, de Ritz-Carlton e Barreras... Pero todo isto é un preámbulo para a traca final. A traca final ten dous nomes, señora conselleira, que resumen perfectamente a súa política industrial e de parques empresariais. Un deses nomes é PLISAN. ¡Que aínda veu aquí presumir da PLISAN! ¿Pero como se atreven a presumir da PLISAN, se estiveron vinte anos de tramitación? *(Aplausos.)* Foron 150 millóns de euros desde o ano 2001, ¿e sabe cantas empresas hai? Unha, e funcionando a medio gas. Agora compraron outras catro máis, pero levan desenvolvido o 10 por cento da superficie da PLISAN. Ten unha depuradora que xa esgotou a súa capacidade, non teñen conexión...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...coa autovía, non teñen conexión co ferrocarril, ¡e vén aquí presumir da PLISAN! Despois está o porto seco de Monforte, claro. O porto seco de Monforte xa é para nota. *(O señor Bará Torres amosa unha fotografía.)* ¿Sabe por que lle puxeron o porto seco? Porque está seco. ¡Non hai nada!, ¡non hai ningunha empresa! *(Aplausos.)* ¡Ningunha empresa no porto seco!, ¡un secarral! Este é o balance da súa política industrial e de parques empresariais.

E, por último, o partidismo, o que están facendo vostedes en Carballo é absolutamente indecente...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Vostede foi alí —remato, señora presidenta— no ano 2020 prometer que ía estar o parque ampliado en 2021. Están esperando, están esperando... E,



agora, foi vostede outra vez. (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*) Foi vostede outra vez. Hai unha campaña electoral e foi vostede outra vez, pero non se dignou nin sequera — unha falta de respecto institucional increíble— a convidar o alcalde de Carballo. Isto non ten nome, señora conselleira. (*Aplausos.*) Pero vostede si que tivo tempo... (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Bará.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...para convidar o portavoz municipal do Partido Popular, que está aquí nesta fotografía, na reunión cos empresarios. ¿Pero que clase...? ¿Como se atreven vostedes a falar de respecto institucional?

¡Non teñen vergoña! (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Begoña Freire Vázquez.

Antes de poñerlle o marcador, dona Begoña, imos saudar os alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria e aos seus mestres do CEIP de Celeiro, en Viveiro. Benvidos á casa de todos.

Ten agora a palabra por un tempo de dez minutos.

**A señora FREIRE VÁZQUEZ:** Grazas, presidente.

Saudamos en primeiro lugar e dámoslles a benvida a este Parlamento de Galicia aos alumnos do CEIP de Viveiro. Que teñan unha boa acollida entre nós.

Grazas, señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Grazas pola súa comparecencia nesta sesión plenaria e por vir informar sobre as políticas da Xunta de Galicia en materia de solo empresarial; un tema transcendente para as empresas e para o progreso socioeconómico de Galicia.

Vexo que algún deputado do Partido Socialista segue castigado.

Dende logo, señora Rodríguez Rumbo, falaba vostede de propaganda e publicidade. Eu voulle recordar un dato importante, que ademais está aí, está para buscar. ¿Sabe canto gastaba o Bipartito, a Xunta de PSOE-BNG, en publicidade e propaganda? Pois nada menos que 7 millóns de euros. ¡Sete millóns de euros gastaban vostedes en publicidade e propaganda! Por tanto, leccións, as xustas. (*Aplausos.*) Despois recordareille tamén cal foi a política do Bipartito en desenvolvemento de solo empresarial.

Pero, ben, a conselleira fixo balance, e avanzou novas medidas; balance froito do traballo e da experiencia de case catorce anos dunha completa folla de ruta da mellora continua nos instrumentos de planificación e do compromiso; do compromiso da Consellería de Medio



Ambiente, Territorio e Vivenda e do Goberno galego de apostar por un modelo de desenvolvemento de solo empresarial público para favorecer a creación de tecido industrial en Galicia para seguir producindo actividade económica e seguir producindo riqueza. Un modelo máis flexible e máis adaptado ás necesidades dos nosos emprendedores e ás necesidades de Galicia, de cada zona de Galicia. Non é baladí que a Xunta de Galicia sexa o maior promotor de solo de Galicia, poñendo á disposición solo urbanizado no que poder implantarse unha nova empresa ou tamén expandirse as xa asentadas.

É de salientar tamén esa política de bonificacións á que a conselleira se referiu, esa política de incentivos ao asentamento da actividade empresarial que a Xunta de Galicia leva aplicando xa oito anos desde o 2015, e que se demostrou efectiva coa implantación de multitude de empresas nos nosos parques públicos, como demostran os datos: preto de 2,9 millóns de metros cadrados de solo empresarial adxudicado, 777 parcelas a 565 empresas e un investimento indirecto inducido de máis de 800 millóns de euros, impulsando a creación de máis de 8.000 empregos. Como dixo a conselleira, o Goberno galego é a única administración que bonifica todo o solo da súa propiedade e bonificacións no solo de entre o 30 por cento e o 50 por cento en parques, nos parques de toda Galicia, o que, sen dúbida, supuxo un revulsivo na actividade económica e laboral do noso territorio, ao igual que esa opción da adxudicación de solo en dereito de superficie con canon reducido.

Gustaríame que se puxesen na pel de quen quere investir, de quen quere crear a súa empresa, de quen quere traballar pola súa conta e de quen quere contratar traballadores. Non é nada fácil. Ao contrario, é moi difícil para unha pequena empresa, para unha mediana empresa ou para unha gran empresa. Por iso, as administracións públicas están para axudar, non para poñer paus nas rodas. Esa é a política da Xunta de Galicia, estar ao lado da xente, dos emprendedores, dos empresarios, dos que queren instalarse en Galicia para desenvolver a súa actividade empresarial e dos que queren tamén ampliar a súa actividade. *(Aplausos.)*

O reforzo da aposta por atraer investimentos empresariais a Galicia para revitalizar a economía galega e xerar emprego de calidade é o obxectivo da recente lei aprobada neste Parlamento, a Lei de áreas empresariais de Galicia. Unha lei que é froito desa mellora continua da experiencia acumulada de anos e traballo e boa xestión; unha lei que se tornou necesaria para dotar dunha regulación máis completa as áreas empresariais, combinando respecto ao desenvolvemento territorial sustentable co fomento da actividade económica no noso territorio; unha lei que trata de superar a rixidez habitual dos procesos de planificación e busca simplificar e flexibilizar os procedementos de ordenación e execución do solo empresarial, para adaptar a oferta de solo ás necesidades das empresas ao tempo que busca axilizar os trámites para a aprobación dos instrumentos necesarios para a súa implantación.

É unha lei que tamén responde ao compromiso que se fixo público por parte do Goberno galego de cara a esta lexislatura. Para algúns isto pouco significa, pero para o Goberno galego do Partido Popular significa dar cumprimento ao seu compromiso coa sociedade galega.

Alegrámonos de que a Lei de áreas empresariais de Galicia, de recente entrada en vigor, comece a dar os seus froitos con eses primeiros plans estruturais de ordenación de solo empresarial. E referíase tamén a conselleira ao Plan sectorial de ordenación de áreas





empresariais de Galicia; un plan que, como sinalou, se atopa en proceso de actualización e na súa fase final de tramitación.

Lamentablemente, non nos sorprende, señora conselleira, que o Goberno galego estea pendente de informes sectoriais que teñen que emitir organismos dependentes da Administración xeral do Estado. Dende logo, non é nada novo.

E, señora Rodríguez Rumbo, a culpa ao Goberno do Estado hai que botarlla cando a ten. Loxicamente, se ten a culpa do retraso na emisión do informe, o que temos que pedirlle é que emita dunha vez os informes que son necesarios para tramitar os expedientes e que se digne a emitir os informes en prazo. Botámoslle a culpa cando a ten. E, dende logo, tamén ten a culpa o Goberno central de atacar a industria de Galicia, (*Aplausos.*) e ten a culpa de atacar o noso sector mar-industria no noso litoral. ¡Claro, hai que botarlle a culpa cando a ten! E ten a culpa de non trasladar os fondos europeos para que os xestione directamente a Xunta de Galicia. Bueno, siga facendo así (*A señora Freire Vázquez fai uns xestos coas mans.*) que, bueno... Eu non a escoito, porque estou no meu turno de palabra. (*Murmurios.*)

Dende logo, supoño que os grupos da oposición non terán nada en contra —pouco falaron de solo empresarial; falaron doutras cousas que non viñan ao caso— deses primeiros plans estruturantes de ordenación de solo empresarial —de que dean a luz ao abeiro da nova Lei de áreas empresariais de Galicia—, tan criticados na tramitación do proxecto de lei e que, dende logo, se demostran efectivos, que van permitir —como se sinalaba— incorporar, entre outras cousas, doce novos ámbitos necesarios, que non estaban plantexados inicialmente, e incrementar a superficie das actuacións incluídas no plan.

Supoño que os grupos da oposición —tampouco dixeron nada— non terán nada en contra da ampliación do parque empresarial de Bértoa, en Carballo, da ampliación do de Santa Comba, da ampliación do parque empresarial da Sionlla, en Santiago, ou da ampliación da area empresarial da Estrada, entre outros. E supoño que os grupos da oposición tampouco terán nada que dicir a esa política de incentivos para o solo empresarial, ás bonificacións sobre o prezo de venda das parcelas e a esa posibilidade tamén de adxudicación en dereito de superficie cun canon reducido que permitiu durante ese tempo adxudicar preto de 2,9 millóns de metros cadrados de solo empresarial, 767 parcelas, 565 empresas, implantar empresas e crear emprego.

Aplaudimos, dende logo, ese novo concurso público de Xestur, de venda de solo empresarial, 215 parcelas en dezaioito concellos; unha boa nova, dende logo, para o tecido empresarial que permitirá dispoñer de máis de 500.000 metros cadrados de solo industrial.

Falaba a conselleira de 32 parcelas no parque empresarial de Morás, en Arteixo, de 18 parcelas nas Gándaras, en Lugo, ou de 9 na Sionlla. E tamén falou de desenvolvemento de máis solo, de 6,8 millóns de metros cadrados de solo en toda Galicia que se atopan en distintas fases de tramitación para a promoción de novos parques empresariais e para a ampliación onde se concentra a demanda. O balance, os recursos e os proxectos anunciados dan fe do inxente traballo realizado e do compromiso da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na promoción pública de solo empresarial e na firme aposta por atraer investimentos empresariais a Galicia e por promover a expansión das industrias asentadas.



Dende logo, xa me referín a que pouco faláron os grupos da oposición. A señora Rodríguez Rumbo parece ser que criticaba a comparecencia da conselleira, cando veu aquí falar de algo moi importante para Galicia, para a actividade económica de Galicia, que é o desenvolvemento do solo empresarial. Parece que viña aquí xa co discurso preparado, porque a verdade é que penso que non escoitou para nada a comparecencia da señora conselleira.

E si, claro, falou de empresas, pero cando se vén aquí verter datos que non teñen nada que ver coa realidade, pois hai que rebatelos. Falaba, señora Rumbo, de empresas, e voulle dar os datos, pero os datos reais de empresas en Galicia. Mire, en maio de 2021, 80.552 empresas; en maio de 2022, 81.540 empresas; un 2,58 por cento máis. E mire, en Galicia non temos un problema de empresas. Botámoslle as culpas ao Goberno central cando as ten, pero non temos un problema de empresas, o que temos é un problema enerxético, por unha ministra intransixente do Goberno de España que o único que xerou dende que chegou ao Goberno foi facer pechar as empresas. E pensemos tamén nas empresas do noso sector mar-industria, tamén ameazadas polo Goberno central.

Falaba tamén a señora Rodríguez Rumbo do PIB. Terei que deixar para a segunda quenda outros datos do PIB.

Mire, a verdade é que din barbaridades. A nosa recuperación do produto interior bruto en Galicia é a mellor da media estatal dos últimos anos, e Galicia segue batendo récords de exportacións e, polo tanto, de competitividade do seu tecido produtivo.

Respecto dos datos de paro, tamén vén aquí dar uns datos que non teñen anda que ver coa situación real. Galicia pechou 2022, señora Rodríguez Rumbo, con menos paro, máis emprego e de maior calidade e con máis activos que o ano anterior. En Galicia, señoras e señores...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Begoña.

**A señora FREIRE VÁZQUEZ:** ...— remato, señora presidenta— do Partido Socialista, baixa o paro e aumenta no Estado; só baixa en cinco comunidades, sendo a galega a terceira rexión na que máis caeu o desemprego.

Despois xa falaremos, na segunda quenda, tamén dos eólicos, que parece que foi ao único que se dedicou aquí o señor Bará.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Freire.

Para a réplica, ten novamente a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señora presidenta.



A verdade é que veño comparecer. Doulles a benvida a estes mozos e mozas, xunto cos seus mestres ou mestras, que, bueno, comprobamos de primeira man cal é o debate dos distintos grupos políticos.

Eu hoxe veño comparecer nun exercicio que creo que é fundamental, que é a transparencia. Eu vin aquí darlles datos, e vin falarlles de planificación. E, dentro desa planificación, está o Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, totalmente transparente, con información pública; ao cal tamén lles teño que dicir que non fixeron ningunha achega. Cando alguén vén aquí e vén comparecer, ao final quere enriquecerse, quere saber que é o que queren aportar vostedes. *(Murmurios.)* Pero tamén críticas, ¡críticas! *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señor Bará, mire, dígolle unha cousa: para ser igual de legal ca min ten que vostede volver nacer. *(Aplausos.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A ver, a ver...

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ¡É que xa está ben! *(Aplausos.)*

Creo que o que non se pode facer é sempre sementar dúbidas de como actuamos os políticos ou como somos os políticos, porque así non imos a ningún lado. *(Murmurios.)*

Cando falamos de enriquecer, falamos de enriquecer unha lei, falamos de enriquecer un proxecto, falamos de enriquecer Galicia, non de enriquecerse as persoas.

Dito isto, ¿as propostas? Ningunhas. E, tamén lles digo: tampouco me valen os exemplos de cando gobernou o PSOE e o BNG en Galicia. Non me valen os exemplos porque os datos están aí e as actas, e, polo tanto, non se poden ocultar. ¿E saben o que fixeron vostedes? Pois Xestur quedou ao bordo da desaparición. Foron 180 millóns de euros de débeda que tivemos que soportar ao longo de todos estes anos. *(Aplausos.)* Esa é a realidade da política que fixo no seu día o BNG e o PSOE. *(Aplausos.)* Pero iso xa pasou, xa pasou. Ás veces, para tomar certas decisións, hai que pagalas ao longo dos anos.

E podo poñer outro exemplo. É o caso de Mos, cando vostedes falan de accesibilidade. Bueno, pois nun acceso a Mos o que fixeron vostedes foi repercutir o custo desa conexión exterior sobre o prezo do solo. E iso fixo que sexa un dos solos máis caros de toda Galicia, chegando a 180 euros o metro cadrado. Pero fixeron outras cousas, como en Tomiño, que se dedicaron a comprar parcelas no medio da nada e é imposible facer unha conexión. Esa é a realidade das políticas que fixeron no seu día.

Eu, señora Rumbo, lamento que vostede non queira a Galicia. E, governe quen governe, a Madrid hai que reivindicarlle o que lles pertence aos galegos e ás galegas. Polo tanto, se a Xunta de Galicia, cos impostos de todos os galegos e galegas, é capaz de poñer bonificacións para que as empresas se instalen en Galicia, díganme cal é o motivo polo cal SEA e Sepes non poden facer esas bonificacións. *(Aplausos.)* É moi triste que cheguen os empresarios para pedirnos explicación ou dicir: é que a min me interesaría situarme nun polígono —por exemplo, da Laracha, que estamos instando a SEA a que o amplíe dunha vez; debe de am-



plialo, debe de presentar os seus orzamentos, porque hai empresas ás que lles interesa estar alí—, pero non hai nin unha soa bonificación. Polo tanto, querer a Galicia é defender a Galicia, e non ten por que parecernos mal, governe quen governe. A ideoloxía que estea ao outro lado. Hai que reivindicar, e iso é o que estamos facendo nós agora, porque é a nosa obriga.

Por outro lado, non nomeei os concellos para nada, fíxese. E vostede nesa historia de traer as cousas preparadas, pois di que nomeei os concellos. Bueno, pois eu direille que son municipalista, e como municipalista, señora Rumbo, tamén lle direi que hai concellos de primeira. E cando digo que hai concellos de primeira, é que son aqueles que decidiron que as licenzas as daban en menos dun mes, e hai moitos concellos en Galicia que fan iso. Hai outros —é certo— que deixan bastante que desexar. Nós estamos aí para axudalos por se tivesen algún tipo de dúbida á hora de emitir calquera licenza. Polo tanto, parabéns para eses concellos, eloxios para eses concellos; e instamos a aqueles que aínda non están facendo esas bonificacións do ICIO ou do IBI a que as fagan porque, ao final, é riqueza tamén para eles.

Pero direille que se vostede está preocupada polos concellos ha de dicirlles ao Ministerio de Transportes, por exemplo, e ao Ministerio de Transición Ecolóxica que non se poden tardar tres, seis, nove ou doce meses en emitir un informe. Porque, non emitindo ese informe, eses concellos que queren ampliar os seus polígonos industrias —e está recollido no Plan sectorial de áreas empresariais—, resulta, señora Rumbo, que non o poden facer, e non o poden facer porque non podemos saltar a lei.

No único no que eu estou de acordo con vostede, señora Rumbo, é no que dixo de que temos competencias totais e absolutas en ordenación do territorio. Entón, estará de acordo con nós na Lei de ordenación do litoral de Galicia, e estará en desacordo co secretario de Estado que veu tildar aquí a Xunta de Galicia e a esta conselleira de independentista. O mínimo que podía facer era ler o articulado da lei e ter respecto polos galegos e polas galegas.

Tamén lle direi, señora Rumbo, unha cousa: fale vostede un pouco coas empresas, fale cos empresarios galegos e diranlle que, efectivamente, están nunha situación de grande incerteza. Pero esa situación de grande incerteza non é polas políticas da Xunta de Galicia, non é por non haber planificación do solo industrial, é por esa subida exacerbada da enerxía, entre outras moitas cousas; por non dicir por eses reais decretos continuos, que ás veces ata se contradín entre eles. Fale con eles, porque teñen persoal, simplemente para ver que é o que acontece dun día para outro. Esa é a realidade, señora Rumbo.

¡E menudo desprezo! Digo menudo desprezo, porque dicir que eu veño aquí coa lista da compra, cando estamos falando de algo tan serio como é a ampliación de polígonos..., e encima estoulle dando metros, importes e dígolle en que situación está cada polígono de Galicia. ¡Home!, non sei... Utilice vostede outro tipo de vocabulario, eu creo que é bo que o utilice.

E, por outro lado, fala de economía e, fíxese, é que Galicia xa recuperou a riqueza prepandémica, e fíxoo con varios trimestres de antelación sobre a media de España. Esa é a nosa realidade. Presumamos de ser galegos, presumamos da nosa industria e presumamos do esforzo que fixeron cada un deles.



Eu non sei se foi vostede ou se foi o señor Bará —porque ao señor Bará o vin dun disperso terrible— cando dixo: é que hai empresas que optan por instalarse noutros lugares. ¿Refírese vostede a Portugal, señora Rumbo? Porque, se se refire vostede a Portugal, é un Estado fronte a unha comunidade autónoma, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e sabe vostede que dende o punto de vista da avaliación ambiental hai unha lei básica que é estatal, e a diferenza é total —encima sopra porque, claro, ao final cando non se estuda, é todo complicado—. E no Estado portugués os plans de urbanización teñen un procedemento de avaliación ambiental extremadamente simplificado; é máis, é que incluso, nalgúns casos, nin sequera hai ese procedemento, cousa que non nos podemos saltar en Galicia porque hai unha lei básica estatal. Se a iso se refire, a contestación é esta. É certo que tamén hai outros motivos e, dentro deses motivos, está que os salarios de Portugal non teñen nada que ver cos salarios de Galicia. ¿Quere vostede eses salarios para os empregados galegos? Eu non.

Dito isto, señora Rumbo, avanzo, e avanzo para contestarlle ao señor Bará, que o vin nervioso, que o vin disperso, e, sobre todo, vino falando de todo menos de solo industrial, de planificación, de parcelas e de espazos. ¿Por que? Porque hai un obxectivo, e o obxectivo do BNG é insistir, insistir e insistir a ver se, ao final, convencemos o persoal e rascamos uns votiños de aí. Señor Bará, somos serios e, sendo serios, non facemos o mesmo que fan vostedes, que son capaces de votar a favor dun real decreto co Goberno central... —e di que non, je di vostede que non!, ¡pero que cara teñen!—. (*Murmurios.*) É capaz de votar un real decreto no mes de marzo no cal non hai días nos parques eólicos, señor Bará; non hai días, non hai información pública, non hai informes sectoriais, é a vía exprés. Estou agardando a que falen vostedes dese parque que foi informado desfavorablemente dous meses antes pola Xunta de Galicia. E como aumentaron un molinillo máis, xa se foi pola vía exprés do Goberno central, e saíu cos informes todos favorables. Señores, esa é a realidade do rigor de Galicia fronte ao non rigor, fronte a ningún tipo de planificación que teñen dende o Goberno central, amparados por vostedes no real decreto do mes de marzo. (*Aplausos.*) E vén aquí darnos leccións, (*Aplausos.*) porque, solta, que algo quedará. Pois non é así, ¡non é así!

Nós non permitimos a instalación de eólicos en Rede Natura. O que houbo foi uns informes nun momento determinado para unha repotenciación. Pero os que informaron favorablemente a instalación dos eólicos en Rede Natura foron vostedes. É máis, é que o Goberno central non prohibe os eólicos en Rede Natura, e vostedes están caladiños. ¿Pero de verdade que están de broma? ¡Home!, sexan un pouco serios, digan a verdade, vaian coa verdade por diante e explíquenlles aos galegos e ás galegas de que lado están, porque, cando lles interesa, están nun lado e, cando non, están no outro.

Fíxese, como vostede quere falar de eólicos, eu tamén lle digo: foi maratoniana; estivo a xente traballando día e noite, non colleron vacacións. Así que respecto por todos eles, (*Aplausos.*) con todos os informes sectoriais. (*Aplausos.*) E o resultado, señor Bará, son 77 días favorables condicionados e 38 negativas. (*Aplausos.*) Ese é o resultado do traballo feito con transparencia por parte da Xunta de Galicia e por parte de todos os organismos que tiveron que informar; por certo, nese fito marcado o 25 de xaneiro, do cal vostedes tampouco din absolutamente nada.



E falando de eólicos, nomeou vostede unha alcaldesa aquí que creo que dixo que era do PP. ¡Home!, pois non sei, teñen vostedes alcaldes. ¿O de Muras é do BNG, non? —creo recordar— ¡Pois mire que ten eólicos e non di nada dos eólicos! Estamos agardando. Iso si, tampouco di nada dos gandeiros e do lobo. Dígoo porque é que agora alcaldesas do BNG me están pedindo a min solucións para o lobo. Pois que llelas pidan a vostedes, que saben por onde votan e non votan, (*Murmurios.*) porque xusto cando chega o lobo preto das casas din: conselleira de Medio Ambiente, ¿que fai vostede? ¡Ah!, pero cando o lobo foi incluído na listaxe LESRPE, vostedes foron os primeiros que aplaudiron. Por certo, ao final, a verdade chega e, como chega, faise un censo, e como se fixo o censo, fíxese que se foi moi prudentes e sabendo que, aínda máis, hai ata 93 manadas —aqueles que dicían que desaparecía—. (*Murmurios.*) (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

Bueno, dito isto, creo que o resultado está á vista. E como está á vista, dende o ano 2015 adxudicáronse 2,9 millóns de metros cadrados de solo industrial en Galicia, señores do BNG e señores do PSOE. Pero eu diríalles máis, hai un censo de solo empresarial e hai un observatorio; e, dentro deste censo, o primeiro que se fixo desde a súa aprobación foi incorporar a el todos os datos que xa tiña a Xunta de Galicia, que son os polígonos do IGVS e de Xestur. Tamén incorporamos os datos de SEA, porque a Xunta ten unha participación do 15 por cento. Ben é certo que tampouco crean vostedes que pintamos moito por máis que dicimos. E, con todo, eu teño que lamentar que a entidade pública empresarial de solo, Sepes, aínda non procedese a cargar os seus datos no censo de solo empresarial. E a miña pregunta é: ¿e por que non?, cando ademais é por lei. ¿Que queren ocultar? ¿Ou é que non queren unha comparativa? Nós o único que queremos é ter toda a verdade reflectida, que sexa pública e tomar determinacións onde as hai que tomar.

Por outro lado, eu teño que agradecer o bo funcionamento do Observatorio do Solo, que xa está en marcha. Mantivéronse múltiples reunións, e dentro desas reunións e grazas a iso, saíu a adiante a Lei de áreas empresariais de Galicia. Creouse como un espazo de información, de comunicación e de participación que pretende integrar o conxunto de axentes implicados no sector co obxectivo de fomentar o coñecemento en materia de solo empresarial en todas as súas vertentes.

E, por suposto, seguiremos ao carón dos concellos cando necesiten facer melloras nos seus polígonos empresariais. Dende o ano 2016 executáronse preto de dezasete millóns de euros e temos xa 152 concellos emprendedores, que, por suposto, teñen vantaxes. E teñen vantaxes porque tamén eles fan un esforzo; esforzo importante para que eses polígonos teñan os mellores servizos

Polo tanto, o pasado 2 de febreiro pechouse a convocatoria para este ano, dotada de 5,6 millóns de euros; neste caso, incluíndo tamén axudas dirixidas para poñer en marcha viveiros industriais e para o reforzo e extensión de redes de distribución eléctrica.

Polo tanto, creo que a Lei de áreas empresariais é un traballo ben feito. Busca axilizar, busca simplificar, busca flexibilizar e busca garantir o equilibrio entre o uso sustentable do territorio e a actividade económica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, conselleira.

Imos co turno especial de aclaracións, coa dúplica.

Por cinco minutos ten a palabra o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señora presidenta.

Mire, señora Freire, dúas cuestións simplemente, así, moi rápido, porque, se non, cinco minutos a min logo se me esgotan.

Mire, os datos que empregamos sempre son oficiais, sempre. E son do IGE e do INE fundamentalmente, *(A señora Rodríguez Rumbo mostra uns documentos.)* e vostede pode poñelos en cuestión todas as veces que queira, sobre todo cando non lle interesan, pero nós utilizamos sempre fontes oficiais.

E mire, voullos entregar, como fago sempre, á señora presidenta *(A señora Rodríguez Rumbo entrégalle á presidenta os documentos mencionados.)* para que lle faga entrega e para que, como nos dixó a señora conselleira, estude vostede, porque, xa que nos manda ela estudar a nós, pois estude tamén vostede.

Tamén sería interesante, señora Freire, xa que estivo falando aquí de transparencia, que viñese algún conselleiro do Goberno galego a esta sede parlamentaria a explicar canto se gasta en publicidade e propaganda por parte do Goberno galego, da totalidade do Goberno galego. Porque, mire, o propio Consello de Contas di nos seus informes de fiscalización que é imposible saber canto gasta o Goberno galego en publicidade e propaganda. Nós, os socialistas, todos os anos pedimos que se faga un informe de fiscalización. ¿E sabe que votan vostedes? En contra, porque vostedes non están a favor da transparencia. En fin, eu rétoa, señora Freire, a que veña aquí un representante do Goberno galego e que faga unha comparecencia única e exclusivamente para cumprir e para explicar todos estes gastos que son de todos e todas as galegas, que ese si sería un acto de transparencia.

Mire, señora conselleira, os socialistas si que queremos a Galicia. Nós non temos que dicir «Galicia, Galicia, Galicia». A nós non nos treme a man cada vez que hai que votar neste Parlamento, aquí neste Pleno, para instar o Goberno do Estado, governe quen governe, cando consideramos que é absolutamente necesario e que teñen que dar resposta. Témosto demostrado en cantidade de ocasións e ímolo seguir demostrando, señora conselleira. Vostedes non facían o mesmo cando gobernaba o señor M. Rajoy.

Pois mire, se o solo empresarial... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora presidenta, eu creo que alí o señor Balseiro quere falar. Despois, se quere, déalle un turno de palabra. *(Murmurios.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Deixen intervenir, por favor, á deputada que está no uso da palabra.



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Vale, pois sería interesante, porque eu non o fago cando falan vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois miren, se realmente o solo empresarial constitúe ese elemento esencial para impulsar o desenvolvemento empresarial e garantir o progreso socioeconómico de Galicia, co que nós estamos de acordo e que vostedes plasman tamén nesa lei que se acaba de aprobar hai catorce meses, pois en catorce anos vostedes nada ou pouco fixeron. Un plan de solo empresarial que en catorce anos non foron quen de elaborar, que impediu a implantación de empresas, que repercutiu directamente no emprego da nosa comunidade e que afectou negativamente, señora conselleira, sobre todo, as persoas máis novas; o que supón un drama para o noso país, pois unha man de obra xove, cualificada, formada na nosa comunidade, na que se ten investido na súa formación con recursos públicos que son de todos e de todas, teñen que marchar a outras rexións onde se implantan outras empresas.

E mire, señora conselleira, eu non falei de Portugal, falei doutras rexións, o que pasa é que vostede recorda perfectamente cando veu aquí o expresidente Feijóo e falaba de que en Galicia tiñamos que facer o mesmo que se facía en Portugal. E, se non, mire a hemeroteca — si, si—. Grazas a iso, ¿cal foi o plantexamento? ¿Cal é a idea do Partido Popular? Pois que sexan os concellos os que bonifiquen o IBI ata o 95 por cento, o IAE ata o 95 por cento e o ICIO ata o 95 por cento. É dicir, cando as arcas municipais xa son deficitarias, cando lle estamos pedindo á Xunta de Galicia que aprobe por lei o financiamento dos concellos, que leva exactamente conxelado durante todos os anos que vostedes levan gobernando, resulta que vostedes o que queren é non mandarlles máis recursos, decidir vostedes en que teñen que gastar e a maiores que deixen de ingresar parte dos seus recursos. Pregúntelles aos que están agora mesmo nos concellos, e a algúns que son alcaldables e que ten sentados detrás da súa fila.

Pois mire, señora conselleira, en Galicia temos un índice de competitividade rexional que nos segue situando nun nivel de competitividade relativo medio-baixo. E a nosa comunidade é das que ten o menor grao de dixitalización, segundo o informe presentado polo Consello Xeral de Economistas.

Polo tanto, señora conselleira, non estamos para tirar foguetes nin para vir aquí facer anuncios propagandísticos. É máis, doulle máis datos —que tamén lle deixei aquí á señora presidenta para que llos faga chegar—. O Índice de Producción Industrial —que seguramente vostede coñece perfectamente e que mide a evolución mensual da actividade produtiva nas ramas industriais— o que nos di en novembro de 2022 —que é o último dato publicado polo IGE— é que en Galicia é de -1,5. E en outubro era de -5,3. Polo tanto, a taxa de variación media no que vai de ano dende febreiro de 2022 ata novembro de 2022 en novembro foi de -1,9. ¿E sabe canto foi para o conxunto de todo o Estado? Positivo en 2,8. Polo tanto, si, señora conselleira, algo en Galicia están vostedes facendo mal. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Xa que vexo que teño que rematar, déixeme solo medio minuto.





Señora conselleira, atendan determinados concellos, como a terceira fase de Carballo, que teñen esgotado o seu solo empresarial. Teñen aí un deputado, que é representante. Fáganlle caso, que seguramente iso tamén llo pide. Atendan os concellos. Teñen os accesos ao parque empresarial de Vimianzo sen facer, e na PLISAN, que vostede vén aquí sacar peito e teñen só unha única empresa.

E mire, señora conselleira, por exemplo, no polígono da Laracha a ampliación vaise facer a instancia do SEA, dese Estado que vostede tamén tanto deosta. Quérolle recordar que levan meses, aínda que vostede estivo alí esperando polo informe do Concello...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...polo informe do Concello e polo informe da Xunta de Galicia.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Mire, dígolle unha vez máis: traballen, que para iso os votaron e para iso teñen maioría parlamentaria...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas...

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...nesta Cámara. Traballen...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ...señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...que é a súa obrigaón, e para iso están aí sentados nesas...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...cadeiras azuis.

Sen máis, grazas, presidenta. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

Quenda para o Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Xosé Luís Bará Torres.

**A señora BARÁ TORRES:** Señora conselleira, dáse a circunstancia de que vostedes levan catorce anos gobernando; bueno, ou aparentemente gobernando, que, en fin, habería que analizar o termo.

E, claro, teñen vostedes que vir aquí facer balance e someterse á crítica da oposición, que é unha das nosas funcións, o control do Goberno. Nós o que lles dicimos é que os datos son



contundentes a respecto da súa política industrial, empresarial, de ordenación do territorio, demográfica, ambiental..., e que o papel da súa consellería é absolutamente lamentable. Porque vostedes están na irrelevancia política e orzamentaria. Teñen un nivel de execución que é o peor de todas as consellerías do Goberno da Xunta; deixan sen executar unha gran parte dos orzamentos. Son un desastre na xestión. ¡É que están aí os datos que o confirman! Eu púxenlle aquí exemplos desa mala xestión, de proxectos concretos, con nomes e apelidos, que vostede non é capaz de desmentir.

Claro, o seu modelo vén sendo o modelo do *low cost*, o modelo de «ti vai facendo», de facer remendos e remendos da lexislación, porque, ao final, vostedes o que queren facer é un traxe á medida para as grandes empresas deses *lobbys* que están esquilmando o país e aos que vostedes lles poñen a alfombra vermella. É así.

Eu falei do eólico porque na eólica estamos falando de polígonos industriais enerxéticos que ocupan centos, centos e miles de hectáreas no rural e nos montes do país. E son polígonos industriais, ¿que quere que lle diga? ¿Quere que lle chame áreas empresariais? Pois tamén lle podemos chamar así. Vostedes xa desregularizaron tanto que promoven e favorecen áreas empresariais planificadas, e despois fóra deses espazos tamén, sen ningún tipo de problema. E coa eólica fixeron o mesmo. Entón, que veñan vostedes dar aquí algún tipo de lección sobre modelo eólico, cando están fomentando e cando levan fomentando un modelo eólico depredador, non llelo consentimos.

E a postura do BNG está clara. Vostedes intentan dicir que nós somos os da pancarta, que nos opoñemos a todo e que, ao mesmo tempo, estamos favorecendo... Pois non, mire, a postura do BNG está nesta proposición de lei (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) que está rexistrada no Congreso dos Deputados e que pon: «Recuperación de garantías ambientais e a participación cidadá na tramitación dos proxectos eólicos e fotovoltaicos». ¿Están dispostos vostedes a votar a favor desta proposición de lei? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Cando toque, veremos o que fan vostedes. Esta é a posición do BNG, esta é a coherencia do BNG, e non veñan con pamplinas, (*Aplausos.*) porque vostedes abstivéronse no último real decreto de decembro, ¿non? Abstivéronse, igual que o BNG. Porque era un real decreto que incluía un feixe de propostas, algunhas que eran beneficiosas; polo tanto, nós non podíamos opoñernos. ¿Ou querían vostedes que nós votásemos que quitasen as reducións dos abonos gratuítos nos trens e as axudas de 200 euros, é dicir, cantidade de medidas...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si. E no mes de marzo presentamos emendas á tramitación dese real decreto e do proxecto de lei que pedimos que se tramitase como proxecto de lei. E presentamos emendas no mesmo sentido que esta proposición de lei. A postura do BNG está absolutamente clara, e non poden manipulala.

Con respecto a ese proxecto de parque eólico que vostede me citou —agradezo que faga referencia—, que se chama, por certo, o parque eólico do Carballoso, na serra do Suído —que antes era Coto das Airas—, que a empresa renunciou e o retransmitiu cun —como lle chama vostede— molinillo máis, ¿sabe por que lle deron a aprobación, entre outras cousas, atravesando tres turbeiras? Porque vostedes aínda non protexeron as turbeiras deste país, que son ecosistemas de auténticas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero se vostedes tivesen protexidas as turbeiras, isto non se facía. E se vostede... (*Murmurios.*) ¿Vaime deixar



falar? Parece que estas cousas non gusta escoitalas, pero tenme que deixar falar. Tócame falar a min. Se vostedes ampliase a Rede Natura no seu momento e incluísen a serra do Suído na Rede Natura, ese parque eólico e moitos outros non se facían, e vostedes paralizaron a ampliación da Rede Natura porque querían fomentar a eólica na serra do Suído. Esa é a realidade. *(Aplausos.)* ¡Esa é a realidade!

Miren, claro, falan de Portugal. Portugal ten o solo máis barato e ten os salarios máis baratos, pero Portugal supera a Galiza en I+D+i, supera a Galiza en parques e centros tecnológicos; ten 42, fronte a Galiza, que ten 5. En conectividade dixital e en cantidade de parámetros supera a Galiza. Polo tanto, jollo coas comparativas con Portugal!

E nós vimos aquí falar tamén de alternativas, de alternativas que pasan pola diversificación e pola especialización, pola I+D+i, pola mobilidade nos parques empresariais, pola enerxía sustentable nos parques empresariais, pola economía circular, polo tratamento da auga e dos residuos, pola dixitalización; por todas esas cuestións.

E, remato, porque lle puxen dous exemplos que son o absoluto retrato e a fotografía do que fixeron vostedes nestes anos: o porto seco de Monforte e a PLISAN. Vostede é incapaz de contradicir o que dixen aquí. «Inauguración do porto seco de Monforte no 2014» — señor Feijóo —: «Destaca que o porto seco será decisivo para o desenvolvemento de Galiza como plataforma loxística multimodal do sueste europeo. A infraestrutura ambiciosa devolverlle a Monforte o protagonismo ferroviario e aspira a converterse na principal área de actividades loxísticas intermodal estrada-ferrocarril de Galiza. Configúrase como un polo de atracción para que investimentos e empresas estranxeiras se instalen en Galiza e xeren emprego e riqueza na nosa comunidade». Isto díxoo o señor Feijóo no ano 2014. Pasaron nove anos e o porto seco é un secarral, non hai ningunha empresa.

Ese é o resumo da política industrial e de parques eólicos do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Bará.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona María Begoña Freire.

**A señora FREIRE VÁZQUEZ:** Grazas, presidente.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, nós dicimos «Galicia, Galicia, Galicia»; lamentablemente, vostedes din: «Galicia non, Galicia non, Galicia non». *(Aplausos.)* E, mire, utilicei datos oficiais; concretamente os datos de empresas que utilicei foron do Sepe (Administración xeral do Estado), supoño que non será sospeitoso para vostede.

Señor Bará, á volta cos eólicos. Aquí falabamos de desenvolvemento empresarial, de promoción de solo empresarial público, do balance e das medidas da Xunta de Galicia. É que



vostedes veñen sempre co mesmo discurso, veñen sempre cos mesmos mantras, coa Galicia triste, coa situación catastrófica, co que fai a Xunta de Galicia, coas empresas... Mire, de verdade que penso eu que van ter que dar moitas explicacións á súa campaña permanente de «non e non» a unha enerxía renovable e limpa como é eólica, da que hoxe dependen máis de cinco mil empregos e que achega arredor de 500 millóns de euros ao PIB galego. Vostedes verán as actuacións que fan.

Pouco se falou aquí —á parte da comparecencia da conselleira— de promoción de solo empresarial, porque, claro, non poden sacar as comparativas do Bipartito.

Os datos da propaganda dígollos con total transparencia: sete millóns de euros. Pero non de todo o Goberno bipartito PSOE e BNG, precisamente da Consellería de Vivenda, que levaba o solo empresarial, en comparación co Goberno do Partido Popular anterior, que eran de 500.000 euros. Polo tanto, o dato é comparable e está aí; están os datos para contrastar. Eu de verdade que non os invento, iso pódollo asegurar.

Pero, ¿cal foi a política do Bipartito en solo empresarial? Porque, claro, non poden vir aquí establecer comparacións; teñen que utilizar outro tipo de argumentacións. O que fixo a política do Bipartito na Xunta, en materia de desenvolvemento do solo empresarial, non foi un desastre, señor Bará, foi unha auténtica nefasta xestión, unha improvisación e un caos administrativo; foi a súa folla de ruta durante todo o Goberno. Paralizaron actuacións deseñadas polo anterior executivo do Partido Popular, demostrando unha total falta de vontade política no desenvolvemento industrial, e compraron solo en zonas protexidas, sen ter aprobados os proxectos e sen ter en conta aspectos técnicos de afeccións que ían acondicionar a viabilidade do futuro desenvolvemento. Penso, por exemplo, no parque empresarial de Taboada, afectado por liñas eléctricas de alta tensión e restos arqueolóxicos. Pois, aínda así, gastaron nesa actuación máis de dez millóns de euros, que, encima, non tiñan, porque endebedaron a Xestur de Ourense. Compraron solo, señores do Partido Socialista e do partido do BNG, onde non se podía edificar; compraban solo sen criterio e a calquera prezo. E, dende logo, tamén utilizaron a Xestur —tamén se dixo en varias ocasións aquí cando falabamos de solo empresarial— para actuacións á marxe da política de desenvolvemento do solo.

En quebra as Xestur. É algo que xa saíu aquí. Dende logo, o que deixaron vostedes en desenvolvemento de solo empresarial e en toda a súa xestión de goberno galego foi unha auténtica herencia envelenada. Polo tanto, señores do Partido Socialista, señores do BNG, leccións, cero.

Ben, señorías, coa nova Lei de áreas empresariais de Galicia preténdense evitar os procesos de deslocalización e xerar un marco regulatorio axeitado para atraer novas oportunidades e desenvolvemento empresarial. Pero é obvio que nisto o solo empresarial xoga un papel fundamental na dinamización económica, aínda que non é a única ferramenta para acadala, e nesta dinamización xogan un papel fundamental o resto de actuacións da Xunta de Galicia que, en materia de economía, industria e innovación, se están levando a cabo dende a Xunta de Galicia.

Pero, ademais, señores do BNG e do Partido Socialista, é fundamental non ter un goberno do Estado que coas súas actuacións provoque o peche de empresas en Galicia; é fundamental



que non se aproben normas no marco do Estado en contra dos intereses dos galegos e das galegas, en contra das empresas galegas; e é fundamental que se descentralice a xestión dos fondos Next Generation e se lle permita a Galicia a xestión directa, porque, de non ser así, corremos o grave risco de perder esta oportunidade de modernizar e de dar músculo ao tecido industrial de Galicia.

Vostedes, señores do Partido Socialista, votaron «non» neste Parlamento á solicitude de xestión directa dun PERTE en materia industrial por importe, por un investimento, de 7.700 millóns de euros, e vostedes votaron «non» á solicitude de xestión directa para Galicia deses fondos.

Para rematar, señora conselleira, dende o Grupo Parlamentario Popular queremoslle dar as grazas polo traballo que está a facer dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; trasládeo tamén a todo o seu equipo e a todos os empregados e empregadas públicas.

Ánimo para seguir a traballar no camiño iniciado, porque os galegos e galegas non esquecen, e aínda que se di que a memoria é feble, os galegos recordamos perfectamente cal foi a política do Bipartito PSOE-BNG e sabemos cal é a política do Partido Popular da Xunta de Galicia. Contará con todo o apoio deste Grupo Parlamentario Popular, o grupo maioritario desta Cámara, porque é un orgullo ter un goberno galego que cre en Galicia e pensa en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Dúplica para a señora conselleira.

Ten a palabra a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señora presidenta.

Eu vin aquí falar de realidades; a propaganda déixolla para outros. E a realidade son os datos que lle dei na miña primeira intervención e na segunda e que remarcarei agora.

Estamos orgullosos das empresas instaladas en Galicia, estamos orgullosos das empresas galegas, porque empresa-emprego é sinónimo de riqueza, de calidade de vida, de liberdade, e iso é o que queremos para Galicia. Non queremos unha Galicia dependente dun goberno que, nun momento determinado, en certas situacións, ten a obriga de axudarnos. Queremos que a xente teña emprego, e que teña emprego de calidade. E para iso traballamos, para captar empresas en Galicia.

Señora Rumbo, falaba vostede do polígono da Laracha. Eu aclárolle: respecto da situación do polígono da Laracha, en primeiro lugar, quero dicirlle que, igual que a Xunta de Galicia aprobou os orzamentos, gustaríame que tivera orzamento. Que eu saiba, aínda non me convocaron para eses orzamentos. En segundo lugar, é que depende; está metida a ampliación



no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, co cal, mentres que non cheguen os informes de estradas do Estado e non cheguen os informes da Confederación Hidrográfica non podemos facer anaquiños, porque o Plan sectorial é integral. Entón, se lle quere vostede á Laracha, dígalles aos seus dende Madrid que axilicen, que tiveron moito tempo.

Por outro lado, señor Bará, a vostede dálle igual, vén aquí e de repente di: ¡Pero que conse-llería tan nefasta! ¡Pero é que non son capaces vostedes de executar!... Pois fíxese que estamos nun 87 por cento —e estivemos nun 87 por cento— de execución no ano 2022. Pero, ¡que máis dá! É cuestión de coller e soltar.

Por outro lado, señor Bará, hai que ser consecuentes e, polo tanto, non hai que ocultar. É que vostede traía aquí un papeliño e dicía: votan a favor ou en contra. Non, non, o voto foi o do señor Néstor Rego o 29 de marzo do ano 2022 en Madrid. E aí o PP votou en contra, porque era unha auténtica barbaridade, e vostedes votaron a favor. Efectivamente, despois, a posteriori, noutro real decreto, onde ían cen mil cousas, o PP abstívose e vostedes tamén se abstiveron. Pero nós somos consecuentes co que fixemos, e resulta que vostedes, non. Vostedes non son consecuentes, e trátase aquí de arrepañar un voto. Co cal, cando me interesa estar ao carón dunha empresa, pónome detrás da pancarta. Pero, se non, veño aquí e digo: a ver se me dirixo a outro tipo de votantes e non quero saber nada das empresas porque son espoliadoras e non sei cantas cousas máis. Así é o BNG e así lles vai. Esa é a realidade, sigan por ese camiño.

Teremos que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non lle estou mentindo, estoulle dicindo a verdade, totalmente.

Por outro lado, é que ¿de onde saca vostede, señor Bará, con esa lixeireza —¡é que, ademais, lle dá o mesmo!— e de repente, que o Estado, o Goberno central, dixo que si ao eólico do Carballoso? E queda tan ancho e di que é por culpa nosa porque non protexemos as turbeiras. Pero, ¿vostede acaso non sabe que as turbeiras están protexidas e que non hai ningún eólico en turbeiras? ¡Ningún eólico recibiu...! ¡Ningún! *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Bará, mente vostede. Búsqume vostede... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Bará.

Señor Bará, por favor, vostede non está no uso da palabra.

*(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Señor Bará, IET, visor Xunta de Galicia. Sabe vostede onde se poden implantar eólicos e onde non, porque somos transparentes. E xusto onde hai turbeiras non se poden instalar eólicos. *(Aplausos.)* Todos os informes foron desfavorables a aqueles eólicos que se pretendían instalar en turbeiras, igual que foron desfavorables en Rede Natura e igual que foron desfavorables nas zonas de voo da aguiá real, esa é realidade. ¡Esa é a realidade!



**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Non, é que non sei que lles pasa. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Seco, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Non é certo... *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Seco, vostede non está no debate.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Señor Seco, véxoo un pouco nervioso a vostede. Eu non sei se é comigo ou se é co seu propio partido, pero véxoo un tanto nervioso. *(Aplausos.)* E eu estou tranquila. ¿E sabe por que estou tranquila? Porque os técnicos fixeron un magnífico traballo, o mellor traballo a nivel nacional, recoñecido polo Ministerio de Transición Ecolóxica, que durante moito tempo estivo dicindo que había comunidades autónomas que non ían cumprir. E Galicia cumpriu, fíxoo ben, e fíxoo, ademais, con todo o rigor e con toda a transparencia. Por iso me sinto orgullosa. Non é un traballo meu, da Consellería, é un traballo da Xunta de Galicia, é un traballo dunha morea de técnicos, que traballaron arreo fronte a outros que nos impuxeron condicións, que eses foron os do Goberno central; unhas condicións de ter que informar en cinco ou en dez días. ¡Unha auténtica vergonza! *(Aplausos.)*

Pero, dito isto, non deixo de agradecer as súas achegas, e polo tanto, tomo nota, en caso de que poida recoller algunhas. O único que nos move dende a Consellería de Medio Ambiente e, en concreto, falando de solo industrial, é unha boa xestión, porque, se facemos unha boa xestión do solo industrial, somos competitivos e, polo tanto, damos facilidades e somos áxiles, vainos ir mellor. Polo tanto, asentaremos e procuraremos o asentamento de máis e mellores empresas. O ano 2022 foi un ano espléndido no que á venda de solo se refire. Foron 540.000 metros cadrados, que pronto se di.

Esa é a liña que queremos para o ano 2023, e todo co obxectivo de posibilitar e facilitar o desenvolvemento industrial de Galicia ata situarse na contorna do 20 por cento do PIB galego, que é o obxectivo que nos trasladan dende o sector. Por iso, levamos anos, efectivamente, desenvolvendo unha política que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades do tecido empresarial e garantir a competitividade das áreas empresariais, sempre sendo sostibles, dende o punto de vista medioambiental, dende o punto de vista social e dende o punto de vista económico.

Sinto escoitar as súas críticas, que non teñen, ao meu xuízo, ningún sentido, xa que os datos que lle presenteí hoxe aquí son totalmente clarificadores, e son mostra dunha xestión. A Xunta demostra que ten experiencia, permitindo asentar futuro e, polo tanto, crear emprego.

E ofrecemos oportunidades, oportunidades cun solo empresarial con todos os servizos e en condicións idóneas para desenvolvelas, cousa que non fan outras administracións. E unha



vez máis volvo reivindicar: bonificacións SEA e Sepes. Nós facémolo desde Galicia para Galicia, pero cremos que os demais tamén o deben facer por Galicia, potenciando a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade, e axudando, deste xeito, a pequenos negocios e tamén a grandes empresas, sen distincións.

Galicia avanza e consolídase como un territorio atractivo para investir, e para iso dotámonos de instrumentos: o Plan sectorial de áreas empresariais e, por outro lado, os plans estruturantes. Menos de tres meses ten esta lei e xa temos os primeiros plans estruturantes. É o caso de Paderne de Allariz, é o caso de Bértoa, de Santa Comba, da Sionlla, de Mos ou da Estrada. E aquí teño que agradecer o voto a favor do grupo do PSOE e lamentar que nunca haxa nada ben feito por parte do BNG. Eu agardo que na Lei de ordenación do litoral de Galicia haxa máximo consenso entre os tres grupos políticos e, polo tanto, por e para Galicia lexilemos e ese voto sexa favorable.

E disto van as nosas políticas. Van de que, ao final, o esforzo valeu a pena, e de que dende o ano 2015 foron un total de 2,9 millóns de metros cadrados de solo empresarial adxudicado; un solo adxudicado en compravenda que supuxo o desembolso, por parte dos empresarios, de 164 millóns de euros. Uns empresarios que, grazas ás bonificacións da Xunta de Galicia, efectivamente, do esforzo de todos os galegos, aforraron 83 millóns de euros. Pero tamén está a outra figura, que é a figura en dereito de superficie, acadando un valor de 22 millóns de euros.

Ao final, e desta forma, a aposta da Xunta de Galicia por incentivar a actividade das empresas galegas acada os 105 millóns de euros. O resultado destas medidas foi claro: a reactivación das adxudicacións do solo empresarial nos parques dependentes da Xunta de Galicia. En total, dende a posta en marcha das bonificacións —xa hai oito anos— adxudicáronse 777 parcelas a un total de 565 empresarios, induciuse a un investimento indirecto de máis de 800 millóns de euros e impulsouse a creación de 8.000 empregos.

Deste xeito, mañá seguiremos traballando e, polo tanto, convocaremos o concurso de solo de Xestur, un total de 215 parcelas, que suman 517.000 metros cadrados en dezasete concellos de Galicia. Actuamos en toda Galicia. Queremos a vertebración de toda Galicia, e é máis, aí están os resultados, tamén os orzamentarios: 35 millóns de euros, 7 destinados ás bonificacións e 28 para os parques industriais. E aí temos As Gándaras, Morás, o Parque Tecnolóxico de San Cibrao, Xinzo de Limia, Pontecesures, O Corgo, a PLISAN e Lalín, entre outros moitos.

En definitiva, o prezo do solo empresarial nos parques promovidos pola Xunta con bonificacións e tarifas competitivas é o que dende aquí estamos reclamando tamén para o resto das entidades que promoven solo industrial en Galicia, con melloras nos prazos de adxudicación, sendo máis áxiles e sendo capaces de adaptarnos sempre ás exixencias dos empresarios, que non son espoliadores, son persoas que crean riqueza no noso territorio. Son os dous factores que están a favorecer a implantación de empresas en Galicia, e fannos cada vez máis competitivos.

Señor Bará, estude un pouco, e dígolle, estude de novo; (*Murmurios.*) (*Risos.*) estude, porque cando fala vostede de Portugal e cando fala do asentamento das empresas en Portugal, hai





que dicirlle que alí a avaliación ambiental é extremadamente simplificada, algo que vostede nunca entendería en Galicia.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(O señor Bará Torres pide a palabra.)*

¿Si, señor Bará? ¿Para que quere...?

**O señor BARÁ TORRES:** Segundo o artigo 76, por inexactitudes. *(Murmurios.) (Risos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Bueno, as inexactitudes, neste caso, valóroas eu. Pero, ¿cal é exactamente a inexactitude?

**O señor BARÁ TORRES:** As inexactitudes son as afirmacións que fixo a conselleira con... *(Debido a problemas co audio, non se perciben as palabras pronunciadas por este deputado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non ten... Déanlle voz ao escano do señor Bará. Agora ten.

**O señor BARÁ TORRES:** As inexactitudes foron as afirmacións que fixo a conselleira a respecto das turbeiras do parque eólico que citamos aquí no debate, do Carballoso. Eu quero ler un texto oficial da DIA dese parque eólico, que di: «*Se balizarán y señalarán las turberas altas pertenecientes al inventario de humedales de Galicia (Chan do Val do Home, Xesteiro de Anxeo y Foxo do Lobo). Si es posible, se evitará el paso por las mismas, utilizando otros caminos [...]. Si fuera imprescindible atravesarlas, su ocupación por acondicionamento de viales, se limitará al mínimo necesario...*». Isto pasa porque estas turbeiras non están... —perdón, señor, déixeme rematar—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Unha señora deputada: Si que están.)*

**O señor PRESIDENTE:** Si, si.

**O señor BARÁ TORRES:** ...incluídas no Rexistro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non están incluídas no Rexistro de Zonas Húmidas de Galiza, porque vostedes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...non o quixeron protexer...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas...

**O señor BARÁ TORRES:** E esta DIA, por certo, o que...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará. Formou parte do debate parlamentario.

**O señor BARÁ TORRES:** ...di que este espazo non está protexido porque a Xunta non o declarou Rede Natura, e o que di esa DIA é que non consta o informe...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará. Xa non ten o uso da palabra. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Bará, xa non ten o uso da palabra. Grazas. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas, señor Bará, xa quedou claro.

(Aplausos.)

O Goberno pode intervir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Si, si, o Goberno sempre pode intervir. Si, hai que coñecer o Regulamento. O Goberno sempre pode intervir.

Señora conselleira, ten a palabra.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, dous meses antes desta DIA, Patrimonio Natural informou desfavorablemente. Informa desfavorablemente dous meses antes porque nos pertencía. Eran 49 megavatios, e o informe de Patrimonio Natural baseábase en turbeiras. Dous meses despois e, por ese procedemento exprés ao que vostedes votaron favorablemente o 29 de marzo, incrementaron ata 51 megavatios, e o Goberno central o que fixo —por ese procedemento exprés, o primeiro en Galicia— foi obviar totalmente o informe de Patrimonio Natural e facer unha DIA favorable sen ese informe sectorial de Galicia.

Esa é a realidade, señor Bará. ¡É vergonzoso! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Mocións.

(*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor, señora Prado. Vostede é da Mesa e coñece perfectamente o Regulamento. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Coñece perfectamente o Regulamento. Non é cuestión de que nos poñamos a discutir agora vostede e eu aquí. (*Murmurios.*) (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, perdón. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, está no debate e o Goberno pode intervir.

Mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Imos falar da situación macroeconómica deste país e das propostas que ten o BNG para dar un xiro á política de atraso económico á que nos está levando o Goberno do Partido Popular. Para iso é moi importante que facemos e que deixamos de facer coa nosa biodiversidade e co noso medio ambiente.

E se volvemos á cuestión do parque eólico do Carballoso, a súa declaración de impacto ambiental di que «...no procede la emisión de informes por encontrarse parte fuera de las áreas incluídas en el Plan sectorial eólico de Galicia de la Lei 8/2009». É dicir, documento oficial que non se quere escoitar aquí nesta Cámara, pero que van ter que escoitalo, que o que di é que o Partido Popular está implantando eólicos fóra do seu propio Plan sectorial e que está afectando turbeiras que non están protexidas. (*Aplausos.*) A propia declaración de impacto ambiental di que non hai que tomar medidas porque non están protexidas, non gozan de protección. E por motivos coma este é polos cales en Galiza, en lugar de aproveitar o seu potencial de crecemento económico, respectando a biodiversidade e saíndo cara adiante, imos en dirección contraria.

E no plano anterior, o primeiro desde 2023, nós insistiamos, precisamente, en interpelar o Goberno galego sobre a necesidade de abordar un debate sobre a situación macroeconómica —de evidente estancamento— e sobre a necesidade de que a Xunta pare de facer aquilo no que é especialista, que é agochar a cabeza como unha avestruz, e tome, por fin, medidas efectivas. Nós insistiamos no debate na necesidade de tomar medidas para as urxencias, pero tamén medidas enfocadas ao longo e ao medio prazo; medidas que non sexan, en definitiva, apenas tiritas para saír do paso. Porque se algo debemos aprender nos últimos anos coa covid, coa emerxencia climática e con tantas outras cuestións, é que, precisamente, nun contexto impredecible, o máis responsable é fortalecer a nosa economía para facela menos permeable a esa inestabilidade e menos dependente de factores exógenos. Esa foi a nosa demanda na interpelación ao Goberno galego, pero a resposta foi esa estratexia da avestruz, de facer como que a cuestión non vai co Goberno. Unha vez máis, o Goberno agocha a cabeza como se a crise non fose con eles, buscando, basicamente, culpables para exonerarse da propia responsabilidade. Mais, desde logo, esa é unha absoluta irresponsabilidade. Somos conscientes de que no contexto mundial hai un enorme tsunami de cambio e hai cada vez máis evidencias de que o Goberno galego non acertou; non acertou en xeral coas políticas económicas da última década e non acertou de forma máis concreta coas políticas que está impulsando neste momento, nin tampouco coa previsión e coa planificación orzamentaria que fixo para 2023.

Sabemos xa a estas alturas que 2023 non está sendo un ano fácil e que non vai ser un ano fácil. E, ante iso, hoxe traemos propostas para reorientar a actuación económica da Xunta en tres sentidos: o primeiro, reforzar a industria; o segundo, reforzar o investimento en I+D+i; e o terceiro, reforzar as políticas sociais públicas.

Insistimos en que a situación non está para conformismos. Somos conscientes de que hai un contexto internacional marcado por esas altas taxas de inflación e marcado tamén pola suba de tipos de xuro. Desde que estivemos a última vez debatendo isto nestas tribuna, xa houbo



unha nova suba de tipos de xuro do Banco Central Europeo e xa se avanza que vai volver haber outra o mes que vén, no mes de marzo. A isto súmanse as grandes tensións xeopolíticas e un longo etcétera de factores que derivan nunha clara ralentización da economía, en termos xerais, mais tamén, en concreto, da economía española, da economía galega.

Sabemos xa que no Estado español a finais de ano o Banco de España rebaixaba as predicións de crecemento, é certo que avanzaba, ou relaxaba, digamos, a previsión dunha posible recesión, mais non é menos certo o que xa dicíamos hai uns días: que o feito de que pareza que o barranco non vai caer de súpeto non quere dicir que o chan que pisemos sexa firme ou estea exento de socavóns e de dificultades. E, así as cousas, todos os indicadores, en termos estatais, que levamos visto neste ano 2023, o que fan é previr o esperable: que o Estado español vai seguir sendo un dos tres da eurozona incapaces de acadar neste ano os niveis de produción prepandemia.

E se ollamos xa máis de forma concreta que está pasando con Galiza, que pasa no noso país, pois a conclusión é bastante clara: arrastramos un diferencial negativo respecto do Estado en numerosísimos indicadores. E iso é así porque o Partido Popular non está acertando, porque co Partido Popular Galiza queda atrás e porque co Partido Popular Galiza está sumida na máis absoluta irrelevancia política. Por iso traemos a este pleno exemplos e propostas, e vou comezar por catro exemplos, catro ámbitos nos que é absolutamente innegable que Galiza está quedando atrás e que vai peor que o resto do Estado.

O primeiro é a inflación. Co último dato de decembro de 2022, vemos como Galicia, outra vez máis, ten un aumento da inflación superior ao resto do Estado: Galicia 6,4; o Estado, 5,7. A semana pasada coñeciamos tamén o indicador avanzado para xaneiro do Estado español. Aínda non saberemos ata a semana que vén o dato galego, mais no Estado volve aumentar. Polo tanto, se no Estado volve aumentar, en Galiza vai aumentar máis, porque é o que leva pasando máis de ano e medio. En termos xerais, a inflación subxacente é o máis preocupante, que, co último dato, a nosa estaba no 7,8 por cento, é dicir, 8 décimas superior á rexistrada a nivel do Estado.

Un segundo ámbito onde podemos velo é na evolución da industria. Hoxe mesmo vemos datos do Instituto Nacional de Estatística de hoxe, o martes 7 de febreiro de 2023, e sabemos que a produción industrial galega en 2022 sufriu a maior caída entre comunidades. Hai trece comunidades que avanzan e catro comunidades que van cara a atrás, e das catro que van cara a atrás Galiza é a que peor. A Galiza tan industrial que di o Partido Popular, que fai esa política lesiva na industria.

En terceiro lugar, outro exemplo que quería poñer —xa o traíamos hai quince días— é o informe do Foro Económico Galego, que insistimos que ao Partido Popular non lle gusta. Pero di claramente que a economía galega frea a súa actividade económica, alerta de que os diferentes agregados do produto interior bruto presentan unha peor evolución en Galiza que no Estado. Isto dio —insisto— o Foro Económico de Galiza, non o di o Bloque Nacionalista Galego. E dinos tamén como o sector industrial e o sector primario son os que peor contracción amosan; é dicir, hai unha terciarización da economía. Malia a gran potencia natural enerxética e tamén industrial deste país, pois imos cara a atrás porque non hai unha boa política económica.



E, en último lugar, hai uns días tamén podemos citar os últimos datos da Airef. A Airef, que é algo así como o Espírito Santo e o Novo Testamento para o Partido Popular, dicíanos sobre o crecemento económico hai uns días que se constata o estancamento da economía galega no peche de 2022. Repito: estáncase a economía galega no peche de 2022. Viamos como na nota de prensa que editaban o produto interior bruto galego quedaba no cero por cento, entre o cuarto e o terceiro trimestres, un dos menores avances entre comunidades coa comparativa interanual. Pero é que se imos aos datos polo miúdo vemos como a propia Airef sinalou un retroceso do 0,2 por cento; é dicir, Galiza retrocede tanto como a media do Estado avanza. Isto é, nós cara a atrás e o resto do Estado cara a adiante, porque co Partido Popular Galiza vai a menos e Galiza ten peores datos que o Estado.

As conclusións son bastante claras. En primeiro lugar, todo fai ver que previron novamente un escenario errado, un escenario inflado, autocompracente, que non se está a cumprir por moito que o desexen. Polo tanto, fallaron. E Galiza segue a ter un peor comportamento tamén do seu produto interior bruto peor que a media do Estado. Iso aconteceu ao longo de todo o 2022 e vai seguir acontecendo no ano 2023. E, en segundo lugar, ante isto é necesario corrixir, é necesario tomar medidas de reorientación económica porque os orzamentos — xa por non falar dese Plan antiestratéxico de hai apenas uns meses que xa nacía con datos nesgados e errados— quedaron absolutamente obsoletos.

Desde logo, ante iso nós o que reclamamos hoxe aquí é que se escoiten as voces expertas deste país; que se escoite o informe do Foro Económico Galego, que alerta da grave situación do sector primario e do sector industrial; que apostemos por aqueles elementos que podemos corrixir; que se escoiten os organismos que vostedes teñen no ostracismo, como o Consello Económico e Social, os seus informes e os seus foros; e que, sen negar a complexidade do contexto, se actúe.

Nós traemos propostas en tres ámbitos:

Primeiro, a industria. Hoxe, o PIB industrial en Galiza está no 15,9 por cento, moi lonxe dos horizontes do 20 por cento europeos. Nós propoñemos un plan de fomento da actividade tecnolóxica industrial que marque como obxectivo o 25 por cento para o 2030.

En segundo lugar, apostar polo investimento en I+D+I, porque o Partido Popular segue tén-donos á cola. Temos só un 1,1 por cento do PIB investido en I+D+I; é menos incluso do que o propio plan de investigación do Partido Popular propoñía xa para hai uns anos. Polo tanto, nun contexto, o da crise climática e o da pospandemia, onde quedou claro que a aposta ten que ser a ciencia, reclamamos reorientar os orzamentos para suplir esa falta de investimento.

E, en terceiro lugar, mentres se reorienta a economía, non se pode olvidar da xente, e o Partido Popular segue olvidándose da xente. O que reclamamos é que corrixa tamén esa deriva e que se comprometa con revalorizar acorde ao IPC as pensións e as prestacións sociais, e recuperar axudas eliminadas como a Tarxeta Básica.

En resumidas contas, o que pedimos ao Partido Popular é, sen negar a complexidade do contexto e que non o cen por cento da responsabilidade é das súas políticas, que actúe naquilo en que si que o é. Porque atribuíaselle a Luther King aquilo de que pode que non sexas res-



ponsable da situación na que estás, pero sempre serás responsable se non fas nada por saír dela. Polo tanto, hoxe o que lle pedimos ao Partido Popular é responsabilidade, hai unha marxe de actuación, temos capacidade de autogoberno para influír en moitas cuestións do ámbito macroeconómico.

Polo tanto, basta de evadir responsabilidades, gobernen este país e sáquennos da irrelevancia política.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Saudamos os alumnos do ciclo medio de Xestión Administrativa e da FP básica de Servizos Administrativos do centro Macías o Namorado, de Padrón. ¡Benvidos ao Parlamento e tamén ás persoas que os acompañan!

E continuamos coa moción.

Agora correspóndelle ao Grupo Parlamentario Socialista. Ten para iso a palabra o señor Caballero.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Tamén un saúdo a todos os estudantes que nos acompañan hoxe aquí neste Parlamento de Galicia, que é tamén a súa casa, a vosa casa, a casa de todos os galegos e de todas as galegas.

E para falar ademais de algo que está no día a día da preocupación de todas as familias galegas, a situación da economía, temos que facer un diagnóstico para ver cales son as medidas que dende o Goberno da Xunta de Galicia se poden tomar para estar ao carón da xente en momentos con dificultades. E é por iso que temos que entender como está a situación da economía galega nun contexto xeral de complicacións, pero entendendo tamén cal é a especificidade da nosa realidade e cales son as competencias que ten o Goberno autonómico dentro do Estado das autonomías para poder dar respostas aos problemas do tecido produtivo, aos problemas das familias, en definitiva, para estar ao carón da Xunta de Galicia.

Saben vostedes que o Partido Socialista de Galicia é fondamente crítico coa xestión económica que fai o Partido Popular. Fómolo cando xestionou a Xunta de Galicia o señor Feijóo e sómolo agora cando o señor Rueda ten unha incapacidade manifesta para dar iniciativas, para tomar medidas, para aplicar un plan de choque que impulse a economía do noso país e que lles dea futuro aos galegos e galegas que están preocupados polos seus fillos, polos seus netos e por eles mesmos.

E é por iso que temos que empezar sinalando un plantexamento no que a economía galega está peor en termos comparados que o conxunto do Estado en cuestións fundamentais. Aquí



temos máis inflación. O crecemento dos prezos é en Galicia máis alto que o crecemento dos prezos no conxunto do Estado. De forma interanual, cos datos de decembro, de finais do ano 2022: en Galicia un 6,4 por cento, en España un 5,7 por cento.

En segundo lugar, ademais de que os prezos crecen máis, a economía galega está sufrindo un ritmo de desaceleración que é máis preocupante. Un crecemento económico en Galicia, que vai estar á cola de España neste ano 2023.

En terceiro lugar, un mercado laboral menos dinámico, con menor capacidade de xerar emprego; esa é unha tónica estrutural da economía galega. Unha situación que nos preocupa pola baixa taxa de actividade e de ocupación, por cento trinta mil parados que non atopan emprego e que carecen de orientación para o futuro, e, sobre todo, porque non hai iniciativa para redimensionar o mercado laboral, que é a mellor vía para redimensionar a demografía galega. Se a economía galega e o Goberno da Xunta de Galicia tivesen a posibilidade de xerar moito máis emprego, todos sabemos que moitos galegos e galegas que se van estarían no noso país, que moitos que se foron volverían e que outras xentes que está noutros lugares do mundo estarían dispostos a vir vivir a esta terra, que é magnífica, que ten moitas capacidades, pero que non ten a posibilidade de xerar o emprego que se necesita.

O 52 por cento das familias galegas pasan apuros para chegar á fin de mes. Os salarios creceron en Galicia por riba da media do Estado, un 3,9 por cento, pero moito menos do que creceron os prezos. Os traballadores e as traballadoras galegas perderon 740 euros de media en poder adquisitivo no ano 2022. E, mentres, os sectores produtivos adoecen do acompañamento necesario do Goberno da Xunta de Galicia.

Hoxe mesmo —como se acaba de sinalar— saíron os datos do Instituto Nacional de Estadística referentes ao índice de produción industrial no ano 2022. E mentres en trece comunidades autónomas creceu o nivel de produción industrial no ano 2022, en Galicia caeu. En Galicia a produción industrial caeu un 1,5 por cento no ano 2022, mentres en España creceu un 2,4 por cento. Somos a segunda comunidade autónoma en España na que máis caeu a produción industrial; na que máis caeu foi en Castela e León. Tamén debe ser un modelo do Partido Popular, pois é onde vostedes están experimentando o que queren facer no goberno de España pactando coa ultradereita. Con esa ultradereita coa que gobernan tan felices en Castela e León teñen os peores datos de industria e teñen todo o tipo de espectáculos, de bochornos, de indecencias dos seus socios de goberno en Castela e León.

Polo tanto, xa sabemos que o Partido Popular ten que amosar en Galicia máis para impulsar o dinamismo da economía galega, para apostar polo I+D+I, para darlle máis capacidade. Porque si sabemos que se poden facer máis cousas.

É que as políticas públicas están para servir a xente, para estar á altura dos galegos e das galegas que o pasan mal. É por iso que vostedes teñen a capacidade de facelo. Hoxe mesmo tomen iniciativas para dar respostas aos galegos e galegas. Se vostedes dan marcha atrás na bonificación e na rebaixa do imposto de patrimonio que aplicou o Goberno de Feijóo e o Goberno de Rueda aos sete mil setecentos galegos máis millónarios do noso país, estarían tendo



a capacidade de recadar setenta millóns de euros máis. E eu voules dar catro propostas para que as fagan inmediatamente con eses setenta millóns de euros:

Actualicen o complemento autonómico das pensións non contributivas, que vostedes tiveron conxeladas dende que chegaron no ano 2009 ata hai uns meses, e que agora incluso cando fan un pequeno incremento fano por detrás do incremento que marca o Goberno do Estado para as pensións contributivas e para as pensións non contributivas.

Adopten medidas para apoiar as familias. Por exemplo, no ámbito da educación, co que vostedes lles regalan aos grandes patrimonios de Galicia vostedes hoxe poderían estar decretando o sistema de libros de texto gratuítos para todas as familias do país, poderían estar poñendo os comedores escolares gratuítos para todas as familias que teñen alumnos e alumnas en educación obrigatoria e poderían establecer tamén as primeiras matrículas gratuítas nas universidades públicas galegas.

É algo que pode facer o Partido Popular, pero que non fai porque vostedes deciden que a medida estelar do Goberno do señor Rueda sexa decretar, aprobar neste Parlamento, cos votos do Partido Popular, unha rebaixa do imposto de patrimonio que vai máis alá da que foi o señor Feijóo.

E é o momento de tomar medidas porque as familias estano pasando mal, porque o consumo per cápita en alimentación se reduciu nun nove por cento en Galicia no ano 2022, con caídas moi preocupantes. Por exemplo, cada galego consumiu no ano 2022 un 16 por cento menos de hortalizas, un 15 por cento menos de froita, un 13 por cento menos de produtos do mar; cada galego comprou 50 quilos menos de comida o ano pasado. Pero, iso si, tivo que pagar case o mesmo que no ano 2021, nunha comunidade na que os prezos creceron máis.

E cando lle preguntamos ao Goberno da Xunta de Galicia que é o que quere facer, vostedes están ausentes, non poñen os orzamentos da Xunta de Galicia, que teñen unha enorme dimensión, á disposición dos galegos e das galegas.

E témoslle que dicir que imos respaldar a iniciativa do BNG, que plantexa na mesma liña que temos plantexado no PSdeG iniciativas e capacidade para facer unha nova política económica.

Quérolle pedir ao Partido Popular que deixen de gobernar pensando en Feijóo. O problema que ten o Goberno de Galicia é que non lles está mirando á cara aos galegos e ás galegas e que non está tomando medidas para favorecer o tecido produtivo e as familias que non chegan a fin de mes. Vostedes poñen o Goberno de Galicia soamente cun obxectivo: tentar que o señor Feijóo sexa presidente do Goberno do Estado, é a única preocupación que ten o Partido Popular e o Goberno de Rueda. Nin iniciativas, nin medidas, nin apoios ás familias, nin ao tecido produtivo, nin medidas sociais; un PP ensimesmado na consecución do Goberno de España.

¿Pero saben o máis preocupante? Que vostedes serían unha mala solución para o Goberno de España. E vóllelo dicir porque neste ano 2023 hai un millón de galegos e de galegas que





nos seus ingresos mensuais están recibindo xa unha maior contía polas medidas adoptadas polo Goberno de España co voto en contra ou co Partido Popular atrancando eses avances. E ese PP que se opuxo a medidas fundamentais non beneficiaría a maioría dos galegos e das galegas. Máis dun millón de galegos e galegas aumentan os seus ingresos mensuais en Galicia coas medidas do Goberno de España.

Seiscentos oitenta e dous mil pensionistas que viron un incremento nas súas pensións dun 8,5 por cento, e o PP fóra de xogo.

Trinta e sete mil pensionistas que perciben en Galicia pensións non contributivas e que viron consolidar un incremento dun 15 por cento, e o PP fóra de xoga.

Cento cincuenta e cinco mil empregados públicos que a través do acordo feito dende o Goberno do Estado e ratificado nas comunidades poden acadar un incremento dun 9,5 por cento nos seus salarios entre o 2022 e o 2024. Neste ano 2023, un 2,5 por cento, que é menos do que a inflación é, pero que é un avance, e o PP fóra de xogo.

Cento trinta e sete mil traballadores e traballadoras galegas que teñen os salarios máis baixos, que perciben o salario mínimo interprofesional. Si aquel que o Goberno socialista subiu dende os 735 euros que tiña posto o señor Rajoy ata os 1.080 euros que hai neste 2023. Son 1.080 euros en catorce pagas, que implican 80 euros máis ao mes neste ano 2023. E para moitas familias 80 euros máis cada mes permiten unha dieta máis equilibrada, con maior capacidade de consumo, ou poder pagar a calefacción e a electricidade con máis normalidade, ou poder facer fronte ás hipotecas. En definitiva, un apoio ao tecido do país.

Ou vinte e cinco mil fogares en Galicia que viron un incremento do ingreso mínimo vital dun 15 por cento despois de acadalo, que chega a sesenta mil galegos e galegas, e o Partido Popular en contra.

É por iso que necesitamos un goberno da Xunta que tome medidas pensando na xente, que non estea ausente.

O señor Feijóo di que en España hai un goberno de mediocres. El debería mirar ao espello a súa xestión en Galicia: a da falla de sensibilidade social, a que nos vai deixar esta lexislatura cunha industria peor en Galicia, a de falla de apoio ao tecido produtivo, a caída na creación de empresas en Galicia, os problemas na sanidade, na educación, nas políticas sociais... O Partido Popular non está á altura dos galegos e das galegas; non está á altura á hora de traballar polo noso país e pola nosa xente.

E vostedes teñen que deixar de estar vendo e pensando todo o día no señor Feijóo, que xa non está aquí. Seguen vendo o espírito de Feijóo aquí nesta tribuna e intentan idolatralo para levalo ao goberno de España. E aínda non saben que vai pasar, porque agora o PP está debatendo se vostedes van votar ou non a favor da moción de censura do señor Tamames. Iso é o que hoxe están vostedes debatendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E nós queremos dicir que deixen vostedes de mirar para o señor Feijóo,...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MÍGUEZ:** ...de pactar coa ultradereita, de pensar no PP, e que pensen nos galegos e nas galegas, que queren chegar a fin de mes, que queren servizos públicos de calidade, que queren máis industria, que queren máis economía, e aos que vostedes non lles dan unha soa resposta.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Ben, xa saen os alumnos do Macías o Namorado. Normal, despois de escoitalos foxen despavoridos. Non sei se saen do Parlamento ou de Galicia directamente. Eu sinceramente non sei en que realidade viven vostedes.

Señor Caballero, de verdade, se cre que con 80 euros ao mes se vai solucionar o problema para pagar a suba das hipotecas, da calefacción, dos alimentos, dos combustibles, o que vive fóra da realidade é vostede. Dígollo de verdade: vive moi fóra da realidade. *(Aplausos.)*

Señorías, ninguén no Partido Popular de Galicia vai negar que a nosa terra vive momentos difíciles, como absolutamente toda Europa. Pero o que non estamos dispostos a asumir é ese retrato dunha Galicia negra, sen futuro, case apocalíptica que pleno tras pleno describe aquí o Bloque Nacionalista Galego, co aplauso, por suposto, do PSdeG. Porque Galicia, a Galicia democrática, a Galicia constitucional, ten amosado unha enorme capacidade para superar as dificultades e para saír reforzada de todos e cada un dos momentos difíciles que nos tocou vivir nas últimas décadas, grazas, por certo, ao esforzo solidario de todos os galegos e as galegas.

Pero xa que vostedes repiten por terceira vez a súa proposta, permitiranme que insista nalgúns datos que BNG e PSOE omiten; omiten deliberadamente por suposto. Porque vostedes son máis do dato illado, do parágrafo fóra de contexto; isto gústalles moito.

Miren, a realidade, datos do Instituto Nacional de Estatística: nos últimos vinte e dous anos ningunha comunidade incrementou máis o seu PIB per cápita que Galicia, un 26 por cento. Pasamos dun PIB de 18.500 euros a un na actualidade de 23.499 euros, ou sexa, cinco mil euros máis; por certo, cuadruplicando o crecemento medio conxunto de España. Señorías, con todo o respecto, igual deberían de recoñecer e de recordar que deses vinte e dous anos de incremento consecutivo da riqueza, Galicia foi gobernada durante dezaioito anos por este Grupo Parlamentario Popular e polo Partido Popular de Galicia. Non esquezan isto. *(Aplausos.)*

Ademais, en contra dese discurso falaz da esquerda, que nos acusa de traballar para os ricos, ese crecemento recaeu fundamentalmente nas clases medias; informe Foessa. Os datos poñen de manifesto que máis aínda que no conxunto de España a desigualdade creceu en Galicia polo incremento da distancia que separa as clases medias das clases pobres, e non



polo incremento da distancia que separa aos ricos das clases medias. O maior incremento da renda tense dado nos ingresos do 60 por cento da poboación galega, que constitúe as clases medias.

E, por certo, isto contrasta co último informe — señor Caballero, non sei se o coñece— da OCDE, que di que nese famoso escudo social que implementaron vostedes dedicaron o dobre de recursos ao 20 por cento da poboación máis rica de España que ao 20 por cento da poboación máis pobre de España. ¿Pero quen está traballando aquí para os ricos? Vostedes.

Esa é a diferenza con Galicia. E por iso por moito que lles moleste a vostedes, que o dixeron unha vez e non sei cantas máis aquí, vai ser Galicia, Galicia, Galicia, Galicia, e non o dubiden porque por quinta vez será Galicia. (*Aplausos.*) ¡Non o dubiden nin por un minuto!

O que si resulta chamativo é que os mesmos que auparon Pedro Sánchez á Moncloa defendan no Parlamento de Galicia un discurso radicalmente oposto ao que o señor Sánchez defende nas Cortes. Porque vostedes veñen a esta Cámara exixir un plan de choque contra unha situación de crise que o presidente que vostedes votaron nega. Declaracións do señor Sánchez, apenas fai unha semana: «España está sorteando a crise mellor que os países do noso contorno», «España é a economía que máis creceu en 2022», «O mercado laboral español alcanzou cifras récord» e «O noso é hoxe o país coa inflación máis baixa da Unión Europea». ¡E tan ancho!

Pero había outro presidente, ese que mentou vostede aquí — parece que o fantasma de Feijóo, efectivamente, hai algúns aos que lles dan moito medo—, que intentou baixalos á realidade e recordoulles algúns datos que eu creo que son importantes: «España é o último país da Unión Europea en recuperar o seu PIB pre pandemia», «Somos líderes europeos en paro, coa dobre da media europea», «Temos o récord histórico de débeda pública» e «Temos trece millóns de españois en risco de pobreza».

E fronte a isto, fronte a estes datos do conxunto nacional, deberían vostedes poñer en valor que Galicia é a primeira comunidade autónoma que recuperou o PIB pre pandemia, que temos unha taxa de paro inferior á nacional, que somos a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda e que temos unha taxa de pobreza por debaixo da media nacional dende hai catorce anos, en contra do que pasaba cando gobernaban vostedes.

Pero a min paréceme que é difícil soste que en España está todo baixo control e que en Galicia, con mellores datos, parece que estamos sumidos no caos. Pero, ben, isto é o vivir para ver. Hoxe veñen aquí pedirlle ao alumno máis avantaxado de España que copie do peor alumno de toda a Unión Europea. ¡Bravo polo nacionalismo galego! ¡Isto é digno de ter en conta! (*Aplausos.*)

Señorías, Galicia non é allea aos efectos económicos da pandemia pola covid ou da invasión de Ucraína, pero, sen dúbida, estaos sorteando mellor que a maioría tamén en materia industrial, por certo. Porque, señora Presas, é moi difícil soste que Galicia é un páramo industrial cando presentamos mellores datos en produción industrial e en emprego industrial que a media do conxunto de España. É difícil sostelo. É difícil cuestionar o noso potencial exportador o mesmo ano que batemos o récord histórico de exportacións e superamos por



primeira vez a barreira dos vinte e sete mil millóns de euros. Crecemos en investimento en I+D o dobre do Estado. Impulsamos o novo estatuto persoal de investigación, a nova Lei da ciencia, a tecnoloxía e a investigación.

E, ¡home!, digo eu que haberá que mellorar, que eu non o nego, pero de aí a dicir que non se están producindo avances importantísimos nesta materia é curioso. Pero xa nada sorprende se vostedes mesmos se atreven a cuestionar o compromiso social do Goberno que acaba de aprobar o maior orzamento social da historia de Galicia, que supera por primeira vez os mil millóns de euros. ¿Quen nega aquí a realidade? ¿Quen practica aquí o negacionismo?

A pregunta que teñen que facerse todos os galegos é: ¿cal é a alternativa que presenta a oposición, por exemplo, en materia de política industrial? Pois son tres puntos moi claros: insultos, demagogia e república galega.

Miren: insultan vostedes a calquera empresario de éxito, a calquera; dá igual que se chame Ortega, que se chame Roig, que se chame Cortizo, López Seijas, Escotet... Dálles igual. Vostedes insúltanos todos os días. Ben, excepto o día que van facer a foto con eles, que ese día non insultan e empezan a insultalos ao día seguinte. Dá igual, por certo, que sexan emprendedores feitos a si mesmos ou continuadores dunha saga familiar. Vostedes só distinguen dúas categorías para os empresarios: están os que son ladróns e explotadores e están os que son fillos de ladróns e explotadores. Esas son as dúas categorías do BNG. A verdade é unha moi triste visión do emprendedor galego.

O segundo dos seus puntos: demagogia. Esa escoitámola aquí todos os días. ¿En que consiste? Coñecémola perfectamente. Vostedes queren a eólica, pero sen muíños; queren a hidráulica, pero sen embalses; queren postos de traballo, pero sen empresas; queren Next Generation, pero sen a Unión Europea. Ben, por querer ata queren representar a maioría social de Galicia, pero sen votos. Iso si, porque os votos maioritarios os segue tendo este grupo de aquí, señorías. (*Aplausos.*) ¡É que se lles esquece con moita facilidade! Hoxe vin un deputado do BNG facendo xestos. ¡Mira cantos somos! Teñen un problema grave de perspectiva, dígoos de verdade, ¡eh! Pero moi grave.

E, por suposto, para todo o demais, república galega. ¿Hai problemas de pesca? República galega. ¿Hai problemas de inflación? República galega. ¿Hai problemas de enerxía? Tarifa galega e república galega. E, por suposto, a ver se entenden nalgún momento que Galicia é enorme, Galicia é moi grande. Galicia non cabe na república do BNG, non cabe. Somos moitos máis e non estamos de acordo con vostedes. A ver se lles entra na cabeza, que parece que non lles entra. (*Aplausos.*)

Vou facer creo que un resumo exacto de cal é a política industrial do BNG, que consiste basicamente en encabezar calquera manifestación que pida o peche dunha empresa, para despois encabezar calquera manifestación que exixa a solución para os traballadores da empresa que acaba de pechar. É o modelo Ence; ese é o seu modelo.

Hoxe é un día importante para os traballadores de Ence porque imos coñecer a sentenza que definitivamente decidirá o futuro desta empresa. Eu descoñezoa. Dende logo, podoo anticipar



que sexa cal sexa este grupo vai respectala como fai absolutamente con todas. (*Murmurios.*) Non todos podemos dicir o mesmo.

Pero, dende logo, non me quero baixar de aquí falando de materia industrial sen amosar a nosa solidariedade, sexa cal sexa o resultado, cos traballadores de Ence. Eu desde aquí quero desexarlles a mellor das sortes e que saiban que sexa cal sexa esa sentenza, (*Aplausos.*) este grupo, este goberno e este partido van estar ao seu carón. Por certo, para ocupar a pancarta e dicirlles que teñen solucións máxicas para buscarlles un traballo se quedan desgraciadamente sen el, para iso xa os deixamos a vostedes. Esa é a política industrial do BNG. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Afortunadamente, os galegos e as galegas apostan pola que defende este grupo parlamentario.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da moción, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, grazas ao Grupo Parlamentario Socialista, que si expresou aquí favorablemente o sentido do seu voto, a diferenza do señor Pazos, que xa tiña decidido votar en contra, independentemente de que non levou o traballo de ler a moción e veu falar das propostas que defendemos hai mes e medio. (*Aplausos.*)

En todo caso, eu entendo, señor Pazos, que vostedes están nerviosos e que están atendendo a outro tipo de tarefas. Eu entendo o seu nerviosismo. Non se preocupe porque falta de humildade non vai atopar nunca neste grupo parlamentario. O que dicía antes o meu compañeiro, nese xesto que vostede non percibiu, era que non se preocupen, que somos conscientes de que despois de ter triplicado o resultado en deputados e deputadas, volver triplicalo é demasiado. Non se preocupe, pois con que dupliquemos xa nos chega para impulsar o cambio político que desexamos para este país. Non se preocupe.

Vostede preguntaba en que realidade vive o BNG. Efectivamente, o BNG vive nunha realidade diferente á do Partido Popular. Voulle explicar por que. Porque o BNG vive na realidade da maioría social dos galegos e galegas, que están afogados cando chegan a fin de mes, e vive na realidade de intentar axudar os nosos iguais, os nosos veciños e veciñas a saír desa situación. Esa é a realidade na que vive o BNG, e traballa para transformala. Fronte a vostedes, que viven na realidade da minoría, á que favorecen coas súas medidas económicas, como nese último pelotazo fiscal que aprobaron nos orzamentos da Xunta. Efectivamente, o BNG coa maioría deste país, e o Partido Popular con esa minoría elitista, que queren facer que esta crise volva favorecer. (*Aplausos.*) ¡Claro que si!

Son dous modelos diferentes, económicos e políticos; son dúas realidades diferentes, efectivamente, señor Pazos. E desde logo, por suposto, por se queda algún tipo de dúbida, volto dicir aquí que o Bloque Nacionalista Galego segue sendo o Bloque Nacionalista Galego e que



si, efectivamente, preferimos unha república galega antes que unha monarquía española [corrupta] (*Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento*), por suposto, por se ten algún tipo de dúbidas. (*Aplausos.*) Non vaian despois acusarme de renunciar aos principios do BNG.

E non leu as propostas e tampouco atendeu aos datos porque non foi quen de contestar un só dos datos negativos de Galiza fronte ao resto do Estado que eu dei nesta tribuna. Non foi capaz de contestar ao dato do IPC; non foi capaz de contestar ao dato do índice de prezos industriais; non foi capaz de contestar aos datos sobre a produción industrial que acaban de saír hoxe martes 7 de febreiro no Instituto Nacional de Estatística e que din que Galicia ten a peor evolución, ¡Instituto Nacional de Estatística de hoxe, señor Pazos!; non foi quen de contestar á evolución negativa do 0,02 do produto interior bruto de Galicia, da Airef, a terceira peor comunidade do Estado en 2022, non foi quen de contestala, señor Pazos.

E xa por riba inventou datos, inventou datos incluso sobre o investimento en I+D+I. Mire: Instituto Galego de Estatística, impresión de hoxe pola mañá, datos de 2021: Estado, 1,43; Galiza, 1,10, ¡1,1, señor Pazos! Ese é o investimento de I+D+I en porcentaxe PIB de Galicia, que depende de vostedes e que incluso incumpren o que vostedes puxeron no seu programa electoral no seu primeiro e segundo Plan de innovación, señor Pazos. Esa é a realidade.

E se tivésemos tomado a molestia de ler a moción que propoñemos hoxe desde o BNG vería que as nosas propostas van neses tres sentidos: corrixir a falta de aposta pola industria defendendo un plan de impulso industrial para acadar o 25 por cento no 2030; impulsar maior investimento en I+D+I para acadar os niveis desexables para que realmente sexa unha prioridade, porque os seus orzamentos quedaron desfasados; e, en terceiro lugar, pois, por suposto, si corrixir a falta de apoio ás políticas sociais que vostedes veñen impulsando desde que gobernan, señor Pazos, porque a realidade está aí. O Goberno que patrocinou o pelotazo fiscal é o mesmo goberno que non incrementa as axudas ás prestacións sociais acordos co IPC e que suprime ferramentas como a Tarxeta Básica. Esa é a realidade, señor Pazos.

E, desde logo, teño unha mala noticia para vostedes, e é que neste momento os galegos e as galegas teñen dúas grandes preocupacións, e a vostedes moléstalles que veñamos a este Parlamento traer propostas sobre iso. Pero sobre a realidade económica, sobre a situación económica e as consecuencias negativas de que Galiza quede atrás co Partido Popular fronte ao resto do Estado imos seguir traéndoa, e sobre os dereitos cívicos e os dereitos dos servizos públicos e os dereitos especialmente sanitarios, que son outras das grandes preocupacións dos galegos e das galegas neste momento, ímolo seguir traendo aquí, moléstalles ou non lles moleste, señor Pazos, porque realmente iso é o que lles preocupa hoxe aos galegos e ás galegas.

Vostedes están máis ocupados nesa estratexia da avestruz, en agochar a cabeza, en facer que a crise económica e a devolución dos servizos públicos non van con vostedes, pero non coa, non poden manipular como manipulan a TVG e absolutamente todo neste país. Desde logo, nós seguiremos traendo propostas para que este país gañe e para que este país deixe de ir cara a atrás e se coloque liderando o Estado no lugar da cola.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** En todo caso, señora Presas, eu quero entender que vostede puxo un símil no caso de ter que escoller entre unha monarquía correcta ou outro réxime. Pero vostede non afirma que a monarquía é corrupta, porque se afirma iso, eu teño que retiralo... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Si, si, se afirma iso eu teño que retiralo porque estamos atendo contra a dignidade da xefatura da Estado. Si, si... (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ese é o caso.

Entón, eu preguntolle, eu entendinlle literalmente iso.

Si, déanlle voz ao escano da señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Afirmo que a monarquía española é [*corrupta*] (*Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento*) e que, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego traballará por outra alternativa. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Pois eu retiro esa expresión e, consecuentemente, chámoo á orde.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Se non nos medimos nas nosas palabras, alguén ten que poñer un freo a algo. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Se non isto de caño libre non pode ser. ¿Correcto? En todo caso, quedou así o debate.

Continuamos.

### **Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Seguimos falando da situación macroeconómica pero traída neste pleno por parte do PSdeG en forma de propostas concretas para unha mocidade galega cada vez máis empobrecida.

Esta tarde pediremos e trasladaremos iniciativas en materia para paliar, por exemplo, a suba dos prezos dos combustibles para a mocidade e tamén novamente —insistimos agora— en medidas e actuacións concretas, urxentes, necesarias para unha mocidade galega absolutamente asfixiada neste contexto de crise, de suba de prezos —como dicimos e como se ten debatido agora— absolutamente xeneralizada. Pero unha mocidade galega que xa partía —así o indican todos os indicadores— dunha situación moito peor, máis feble no mercado laboral, con máis inestabilidade, con salarios máis baixos e, ademais, con problemas de acceso á vivenda, ante a falta e ausencia absoluta do impulso de políticas públicas do parque público de vivenda nesta década.



Durante o debate da interpelación, nós saudabamos positivamente que, polo menos esta vez e como punto de partida, a conselleira de Vivenda recoñecese que existe un problema arredor dos datos de emancipación da mocidade galega e mais que asegurase e afirmase que niso tiñamos que traballar todas e todos.

E dicimos isto porque queremos lembrar que o pasado mes de decembro, sen ir máis lonxe, presentabamos tamén iniciativas neste Parlamento e unha moción na que pediamos de xeito transversal un plan específico efectivo en materia de emprego xuvenil e tamén un plan de emancipación en canto ao acceso á vivenda, ante os datos preocupantes que estaban a chegar. E neste contexto de crise pouco máis que a conselleira de Vivenda dicía que estabamos inventando un problema.

Así que partimos de algo tan básico como iso de que a conselleira de Vivenda polo menos asegura que temos que traballar todas e todos para mellorar esas cifras absolutamente insupportables de emancipación da mocidade galega. E pedía que o Partido Socialista se sumase facendo achegas, que o estamos facendo —igual non estaba informada— de xeito incansable neste pleno. Agardamos que xa que recoñece o problema, xa que o Partido Popular, o grupo maioritario non presenta propostas alternativas nin emendas ás nosas propostas neste pleno, pois que teña a ben votar a favor de algo tan básico como este plan de emancipación e complementar con axudas propias o acceso á vivenda dunha mocidade galega que —como dicíamos— xa partía dunha situación feble, que agora está a padecer máis duramente esta crise.

Tal e como temos manifestado ata a saciedade, a incapacidade para acceder a unha vivenda ten consecuencias socioeconómicas que son absolutamente demoledoras, e sempre contextualizamos, ademais, o que estamos a vivir na nosa comunidade autónoma: esa crise demográfica cunha mocidade que pesa máis ca nunca no conxunto da poboación, temos datos tristemente de récord o pasado ano 2022. E tamén estas propostas que falan de emancipación e de posibilidades teñen que ver moito en reverter esa crise demográfica.

Unha mocidade galega —sinalabamos á conselleira— absolutamente empobrecida, que xa antes desta crise se situaba en máis de douscentos cincuenta mil mozos e mozas galegos incapaces, aínda tendo idade de vivir de xeito independente, de se emancipar e acceder a unha vivenda. Preguntabamos á conselleira que opinaba, cales son as políticas e as medidas para dar resposta a máis de cen mil mozos e mozas galegas que, aínda tendo un traballo durante todo o ano, teñen que vivir cos pais e coas nais porque non lles alcanza para pagar un alugueiro. Baixos salarios e encarecemento da vivenda dan un lastre agora e son unha auténtica agonía.

E veláí están os datos —insistimos— do Instituto Nacional de Estatística e do Instituto Galego de Estatística: máis do sesenta por cento da poboación xuvenil galega de entre 18 e 34 anos non se pode independizar. E podemos entrar nos debates tamén das franxas de idade para tratar de maquillar estes datos, que son a todas luces en todas as franxas preocupantes, pero como insistimos temos un problema gravísimo na franxa dos 29 aos 35 anos, é dicir, aqueles mozas e mozos que hai tempo que xa remataron os seus estudos e que teñen un traballo e que son incapaces nesta comunidade de emprender un proxecto de vida independente.





Hai varios factores que explican o problema que está a sufrir a mocidade galega nestes anos. Os fundamentais son: salarios máis baixos e escaseza de vivendas accesibles en alugueiro. E as medidas que trasladaba unha vez máis a conselleira de Vivenda era dicir que podemos estar e poden estar as mozas e os mozos tranquilos, pois íanse destinar 5 millóns de euros. Ou sexa, é a primeira medida que salienta sempre que fala de orzamento e de atender e atallar a crise de emancipación que padece a mocidade. Cinco millóns de euros da totalidade do orzamento en materia de vivenda da Xunta de Galicia, que son 5 millóns de euros para avalar cos bancos o 20 por cento da compra. Insistimos: cos 5 millóns de euros van solucionar os problemas de douscentos cincuenta mil mozos e mozas que viven con seus pais e nais, aínda tendo un traballo. Unha xuventude que nin pensaba como prioridade antes en mercar unha casa, en hipotecarse, evidentemente, menos agora que as hipotecas cotizan á alza. Abandonar a casa dos pais eleva por riba do 20 por cento o risco de pobreza para a mocidade galega.

A conselleira, xunto á política de avalar as hipotecas cos bancos, un 20 por cento —por certo, esta porcentaxe en moitas outras comunidades de avalar as hipotecas é moito maior que aquí na comunidade autónoma—, falaba tamén de axudas para a mocidade no rural e en concellos de dez mil habitantes, que non nos parecen mal. Pero nós queremos lembrar e salientar tamén o descoñecemento absoluto de cal é a situación e a radiografía que ten o propio Observatorio Galego de Vivenda ou o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Máis do corenta por cento deses máis de douscentos cincuenta mil mozos e mozas que non se poden independizar viven e residen en localidades de máis de cincuenta mil habitantes. E non hai unha soa medida que trasladase a conselleira ou que pense trasladar para dar resposta —insistimos— a case a metade das mozas e dos mozos que non se poden independizar e que viven en localidades con máis de cincuenta mil habitantes.

Puxemos sobre a mesa plans específicos e efectivos para reducir a temporalidade, os baixos salarios e a sobrecualificación, que ten —insistimos— máis incidencia na nosa comunidade autónoma que no resto do Estado. Precisamos —dicíamos— unha política transversal en materia de emprego mozo e acceso a unha vivenda e un plan de choque urxente, porque o tempo perdido na construción de vivenda e na promoción de vivenda pública estes anos non o imos recuperar, e precisamos iniciativas urxentes na actualidade.

Pedimos tamén que como administración con competencias —que cómpre recordalo unha vez máis— absolutas en materia de vivenda poñan solución e medidas tamén naqueles casos nos que se comparte unha vivenda. Porque os prezos por compartir alugueiro subiron arredor dun corenta e un por cento dende hai cinco anos, segundo un estudo de vivendas compartidas. Unha situación que non só afecta o benestar emocional, social, económico, dun mozo e dunha moza adulta, privado da intimidade e da posibilidade de vivir sen compartir, senón que inflúe negativamente tamén —mesmo está demostrado— nas taxas de natalidade, e non é este un asunto capital propio, específico na nosa Comunidade ao que debe dar resposta e atender o Goberno galego.

¿Non consideran, señorías, que estamos a xogar moito, ademais do benestar da mocidade, como dicíamos, o noso futuro máis inmediato? O Goberno do Estado, ademais das axudas específicas contempladas no Plan estatal de vivenda, puxo en marcha, efectivamente, ese bono mozo de ata 250 euros para axudar ao alugueiro os menores e as menores de 36 anos, un bono que é



compatible —cómpre lembrar— con outras axudas. E dicía a conselleira que non abundaba, que efectivamente a demanda superou a oferta. ¿Por que? Porque a situación na nosa Comunidade, evidentemente —xa o dixeramos—, da mocidade galega en canto ao acceso á vivenda era absolutamente precaria. Claro que non chega con este bono. Pero ¿que fai a Xunta de Galicia? ¿Como atende a realidade que temos, coas competencias en vivenda, para unha mocidade que ten máis dificultades para se emancipar na nosa Comunidade que no conxunto do Estado?

Temos un Rexistro de Demandantes de Vivenda —insistimos— colapsado, absolutamente colapsado, dende hai anos; máis de 15.000 demandas de persoas, de familias que non poden acceder a unha vivenda pública, un 80 por cento piden alugueiro. E o principal risco e motivo de pobreza na nosa Comunidade para as familias e para a mocidade é o acceso á vivenda, e deixan sen executar, ano tras ano, cantidades inxentes de fondos transferidos do Estado. Insistimos: liquidación terceiro trimestre do orzamento do ano pasado, coa que está caendo, pouco máis dun 3 por cento nos programas de acceso á vivenda.

E dicía tamén a conselleira: non falen de porcentaxes, porque os plans de vivenda non son sempre anuais. No ano 2021, a Xunta deixaba sen executar só, só de axudas a menores específicas de 35 anos, 300.000 euros de 800.000 euros de axuda estatal.

Polo tanto, nós, dende o PSdeG, urximos un plan urxente que dea respostas a este problema de acceso á vivenda da mocidade galega. Máis neste momento tan crítico, precisamos dunha resposta transversal, responsable, non negacionista, con axudas propias específicas que complementen os fondos que están a chegar do Estado.

Pola nosa banda, e de momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Empezaba a conselleira o outro día a súa intervención na interpelación dicindo que o Partido Popular leva gobernando catorce anos este país de forma ininterrompida e que nestes catorce anos levaban feito unha completa —e creo que estou citando textualmente— política de vivenda que ten como obxectivo non deixar ninguén atrás. Supoño que se referiría aos milleiros e milleiros de mozos e mozas que tiveron que fuxir deste país á emigración por non ter un acceso á vivenda, non ter un emprego digno e unhas condicións de vida dignas, porque a mocidade galega non foxe deste país, como fan outros, como esa monarquía [*corrupta*] (*Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento*) —quero dicilo—, a un réxime moito máis favorable, como é o dos Emiratos Árabes, para vulnerar e para evadir calquera tipo de responsabilidade neste país, no conxunto do Estado español.

E quero facer tamén isto en solidariedade coa compañeira apercibida e represaliada Noa Presas, (*Murmurios.*) por unha cuestión de dignidade colectiva do pobo galego e tamén (*Murmu-*



rios.) en nome de todas as persoas represaliadas, condenadas no Estado, por denunciar (*Aplausos.*) algo tan fácil de entender, tan obvio, como que a Monarquía española é [*corrupta*] ou —o que se deu en chamar—... (*Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Dicía, conselleira, que non deixaba ninguén, ninguén atrás...

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, perdoe un momento, señor Ríos. Eu creo que vostede mesmo se dá conta de que houbo unha situación antes pola que eu tiven que retirar do *Diario de Sesións* unha expresión e vostede volve incidir nela. Eu téño que chamar, por suposto, á orde e retiro esa expresión.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Señor presidente, cada un ten o seu traballo, terá que facelo da mellor forma posible. E, polo tanto, faga o que teña que facer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non. Eu dígollo porque esta é unha primeira chamada. Eu chámo á orde e queda retirada a expresión. O tempo será compensado, non se preocupe por iso.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Dicía a conselleira que a súa política de vivenda non deixaba ninguén atrás, pero supoño que se refería a eses milleiros e milleiros de mozos e mozas que tiveron que fuxir deste país, buscar unhas condicións de vida que aquí non tiñan, a mocidade que vive en precario, que traballa en precario e aguantando un salario moi inferior ao que lle corresponde, cunha fenda salarial de máis do 20 por cento.

E indo a cuestións concretas de vivenda, vemos que para a Xunta de Galiza, como temos dito noutras ocasións, as políticas de vivenda para a mocidade sempre son de cara á galería, sempre son facer que se fai, e así o vemos nas propostas das que a propia conselleira falaba o outro día. Non só as propostas que xa collen unha cuestión complementaria ou accesoria e a fan medida estrela, como á que facía referencia a voceira do Partido Socialista, deses 5 millóns de euros para os avais para comprar unha vivenda, que loxicamente a mocidade galega non se pode permitir a día de hoxe, non é unha prioridade para a mocidade deste país e, sobre todo, despois da suba do tipo de xuro, a suba das hipotecas. ¿Que mozo ou que moza galega, aínda que teña un traballo fixo ou agora mal chamado fixo —aínda que ese é outro debate, ese termo tramposo que se utiliza a día de hoxe de fixo—, que persoa moza deste país, aínda cun traballo fixo, se mete a día de hoxe nunha hipoteca? Viven vostedes, efectivamente, nunha realidade paralela, nunha realidade de círculos pequenos e ben mantidos.

Pero é que, ademais, podemos ver o alcance dese tipo de medidas, que apenas chegan a un cento de mozos e mozas. Estamos falando de milleiros e milleiros de mozos e mozas que non teñen oportunidade de emanciparse, e vemos que a Xunta de Galiza, coas súas medidas —aquí teño, por exemplo, unha de hai unha semana—, no que ten que ver coas axudas para



comprar vivenda no rural, en localidades de menos de 10.000 habitantes, di: «A Xunta de Galiza concede 76 axudas para a adquisición de vivendas xa construídas en 19 centros históricos, por preto de 650.000 euros». O que se lle olvidou dicir á conselleira é que, aínda por riba de ser 76 persoas —que moi ben, aquí sempre se nos di que facemos da anécdota o xeral, e vostedes aquí están facendo exactamente o mesmo—, só a metade son de menos de 35 anos, 30 mozos e mozas menores de 35 anos que acceden a este tipo de axudas. Polo tanto, unha axuda directamente destinada á galería, a esa propaganda, a esa publicidade que fai a Xunta de Galiza.

E despois podemos ver, por exemplo, o que supón para unha moza ou mozo deste país emanciparse. Segundo os propios datos do Eurostat, falan de que precisan case un 60 por cento do seu salario para emanciparse. Por exemplo, xa que lle gustan a vostedes tamén moito as comparativas co Bipartito, no ano 2006 eran máis de 10 puntos menos o que lle custaba á mocidade emanciparse, que entendemos que iso daquela non valía, porque debe ser o 30 por cento máximo do salario destinado a este fin. Pero é que vostedes en catorce anos foron capaces de subir máis de 10 puntos o que a mocidade galega precisa para emanciparse. Estamos falando agora mesmo de que só o 15 por cento da mocidade deste país menor de 30 anos pode emanciparse, segundo tamén datos do Eurostat. A metade desa xente que pode emanciparse ten que facelo en pisos, en vivendas compartidas. ¿Onde queda a mínima dignidade de poder manter un proxecto autónomo de vida para a mocidade deste país?, unha mocidade que vive castigada por unha precariedade laboral que os leva a, por exemplo, ser o 70 por cento, máis do 70 por cento que recaía sobre eles e elas da mocidade deste país, por exemplo, a ocupación do sector servizos, un dos sectores do mercado de traballo máis desregulados e, sobre todo, máis precarios.

Estamos nun momento no que a mocidade galega, aínda a que traballa a tempo completo, é pobre e non se pode permitir emanciparse, non se pode permitir ter un proxecto autónomo de vida, co acceso a unha vivenda minimamente digna, e vostedes levan sen facer nada eses catorce anos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), porque vemos como ano tras ano esa situación foise agravando, non só no que se precisa do salario para emanciparse senón en todo o que ten que ver cos gastos relacionados da propia emancipación.

Falamos tamén nun contexto onde os alugueiros veñen subindo máis dun 30 por cento nos últimos anos nas principais cidades galegas, onde hai un problema real de oferta en gran parte do noso país, sobre todo no que ten que ver coas zonas costeiras, á súa vez a zona —como tamén dicía a portavoz do Partido Socialista— onde máis mocidade vive.

É que vostedes o único que lle están facendo á mocidade galega non é botarlle unha man, ou, polo menos, botarlle, se lla botan, é ao pescozo para seguir afogando na situación que están vivindo. Porque coas axudas que vostedes levan formulando todos estes anos —como lles digo: insuficientes, pírricas, de cara á galería para facer que se fai— non se solucionan os problemas.

O que eu entendo que debe ser a máxima dun goberno é velar polo benestar, polo avance da súa xente, da súa poboación, e non simplemente existir como un resorte, como un mecanismo de reprodución e consolidación do *status quo* —dos que mandan, para entendernos—, ao que facía referencia tamén a miña compañeira Noa Presas antes, eses privilexiados, e



vostedes, como goberno, o que están facendo é simplemente consolidar e reproducir ese *status quo*, e non se están preocupando polo que se debería preocupar un goberno, que é polo benestar da súa poboación.

Por iso lles teño dito en moitas ocasións que vostedes mandan e non gobernan, e hai unha diferenza moi grande entre mandar e gobernar. Un goberno que quixera realmente axudar a mocidade galega a emanciparse non se limitaría a dar unhas axudas que, canto máis, serven como un parche a unha situación que só fai agravarse ano tras ano. Non queren falar vostedes en ningún momento dunha intervención pública do mercado da vivenda, dun cambio de modelo que vire cara á construción de máis vivenda pública neste país, que se poña á disposición vivenda pública no noso país para a mocidade que peor o está pasando; simplemente, dedícanse a poñer pequenos parches, intentando non molestar a quen realmente manda neste país.

Polo tanto, eu quero rematar xa parafraseando un grupo de música galego de dous mozos —ben, tres mozos, realmente— que falaban exactamente disto: que vostedes mandan, pero non gobernan, e quen abandona, quen condena a súa terra e a súa mocidade non merecerá nada nela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pardo López.

**O señor PARDO LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Ben, o certo é que sorprende que algúns deputados de aquí, do Bloque Nacionalista Galego, veñan falar de opresións, veñan falar de certas cousas. O certo é que amosan o seu descoñecemento do Regulamento desta cámara. Artigo 105: «Os deputados e os oradores serán chamados á orde cando profiran palabras ou vertan conceptos ofensivos co decoro da Cámara, dos seus membros e das institucións do Estado.» (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Pero ben, eu acepto que veña aquí falar de emancipación. Eu entendo que algúns deputados aproveitan que non estaba a lideresa para amosar realmente o que son e sacar ese sectarismo que non lle deixan facer no seu día a día. (*Murmurios.*)

Pero ben, o que dicía: vimos aquí falar dun tema moi importante para a nosa xeración, que probablemente sexa o principal problema de milleiros de mozos en toda España. Facilitar a emancipación desta xeración é facilitar o comezo dos seus proxectos de vida. E por iso non debemos de centrarnos nun só ítem, como pode verse moitas veces ao centrar este tema en problemas de vivenda, senón que é un problema complexo, cuxa solución require medidas en diversos ámbitos. Por iso é vital tratar ese tema da forma máis ampla posible, centrándonos nos diversos factores que retrasan a emancipación da mocidade.

E, ademais, é algo co que non se debería de facer demagogia, aínda que parece que a oposición é a única forma que ten de facer política, máis vendo as dúas intervencións que me aca-



ban de preceder. Xa sei que no BNG son expertos en facer demagogia, son os capitáns a posteriori por excelencia, e no Partido Socialista de Galicia, que a súa ideoloxía aquí é o cuñadismo; e non, agora mesmo non estou falando da señora Carmela Silva, non se me exciten antes de tempo. (*Murmurios.*)

Pero, ben, este debate haino que focalizar como un debate transversal, falando de varios factores que inflúen na emancipación, entre eles ter unha educación de calidade e dispoñer de máis facilidades para a formación; as políticas activas de emprego entre os mozos; por suposto, as axudas á vivenda; ou tamén outras axudas como poden ser a mobilidade, da que falaremos á tarde.

Por iso, se non estivésemos a falar dun tema tan serio, resultaría ata gracioso que esta iniciativa a presente o Partido Socialista; un PSOE que está a ser letal para a mocidade, un PSOE que ve na mocidade como un grupo electoral e que só trata de comprar os votos, como se a mocidade non soubese quen son e que é o que fan; un PSOE entregado ao populismo e que deixou de ser un partido de Estado para ser un puro caparazón do sanchismo.

E falar de emendas sobre emancipación do Goberno de España é falar de medidas cosméticas e dun gran fracaso. Hoxe esta moción é practicamente idéntica á presentada hai uns meses, e por iso, como vexo que ao grupo minoritario desta cámara non lle quedou moi claro, vou intentar ser máis claro esta vez.

Vén aquí o Partido Socialista de Galicia pedindo no seu primeiro punto que se aumenten as axudas ao alugueiro. E, por suposto, é algo necesario. Por suposto, é algo que tamén está a facer xa a Xunta, ano tras ano e orzamento tras orzamento, sen dúbida, dunha forma moito máis eficaz que a que está a facer o Goberno de España, tal e como reflicten os datos do propio Goberno, e, por suposto, moitísimo mellor que o que facían vostedes no Bipartito.

E por iso podemos dicir, con orgullo, que a Xunta, co presidente Rueda á cabeza, dedica a cifra máis alta da historia a este fin, en concreto máis de 28 millóns de euros, (*Aplausos.*) por certo, nos últimos orzamentos que vostedes votaron en contra. Ademais, con distintos programas como o bono alugueiro mocidade, que é unha medida exclusiva para menores de 35; ou programas xerais de axuda ao alugueiro ou o bono de alugueiro social, que está aberto a toda a sociedade e no que por suposto pode participar a mocidade galega.

Despois, no segundo punto da moción volven falar do Plan galego de emancipación, algo no que hai que destacar que, a maiores do dito anteriormente, existen ademais outras axudas específicas neste senso, como, por exemplo, poden ser as axudas á adquisición de vivenda nos concellos de menos de 10.000 habitantes e destinado exclusivamente a menores de 35 anos; ou a adquisición de vivendas en centros históricos, onde non hai límite de idade pero onde os menores de 35 anos teñen unha axuda adicional de 2.000 euros; ou algo ademais tamén pioneiro en España, que é o aval por parte do Goberno autonómico da Xunta de Galicia do 20 por cento do préstamo hipotecario para os menores de 35 anos que non dispoñan de aforros para a entrada, que, como saben, é a principal causa que imposibilita o acceso á vivenda en propiedade por parte da mocidade.



O punto terceiro é outro clásico, que é establecer un programa de axudas específico para aqueles mozos e mozas que por motivos de estudo precisan vivir desprazados noutras localidades na nosa comunidade autónoma; algo que tamén se está facendo, por exemplo, coas axudas que acaba de sacar a Xunta de Galicia hai unhas semanas para que o alumnado universitario con dificultades económicas imprevistas poida continuar os seus estudos, unhas axudas que en función da renda familia oscilará entre os 1.750 e os 3.000 euros; ou tamén outras axudas como os Erasmus galegos, que ademais son axudas compatibles con outras becas e que ademais aqueles que teñen un mellor expediente terán unha axuda adicional de 500 euros; axudas á mobilidade internacional dos investigadores galegos, que permiten ademais atraer talento de referencia internacional, con contías de 1.900 euros; ou, por suposto —e falando do alumnado de FP, que é o gran olvidado do Goberno Sánchez—, tamén hai axudas para que poidan tramitar as súas prácticas formativas tanto en Galicia como en España, como no resto do estranxeiro.

Como ven, todo o que aquí solicita o Partido Socialista de Galicia xa se está a facer. E, ademais, se ao Partido Socialista lle interesase e o preocupase realmente Galicia e non só satisfacer os intereses persoais do señor Sánchez, podería unirse a nós e reclamar as melloras para axudar a mocidade de todo o país a emanciparse.

Por exemplo, non ten ningún sentido que o Goberno de España imponha a obriga de dispoñer de ingresos como requisito para acceder ás axudas para o alugueiro, do bono alugueiro mocidade ou do plan de vivenda, un requisito que impide aos estudantes que non dispoñen de ingresos propios acceder ás axudas ao alugueiro, e que supón un novo incumprimento —un novo máis— do Goberno do señor Sánchez.

Por sorte, Galicia segue a ser un exemplo neste ámbito, sendo conscientes de que aínda queda moito traballo por facer. E, por suposto, dende o Partido Popular de Galicia non permitiremos ningunha lección nin do PSOE nin do BNG, (*Aplausos.*) dous partidos que cando gobernaron aquí fixeron todo o contrario do que están a exixir agora, e que manteñen un Goberno Sánchez que fai que España sexa líder en paro xuvenil, por moito que o maquillen.

Pero, mentres tanto, Galicia e o Partido Popular, co presidente Rueda, segue a traballar en prol da mocidade, o que nos permite situar a nosa Autonomía no primeiro semestre de 2022 no grupo de comunidades cunha maior taxa de emancipación. E non o digo eu como deputado do Grupo Parlamentario Popular, dío o propio Goberno de España.

Galicia tamén ten, ademais, unha maior taxa de emancipación, mellor que a media nacional. Pero ben, por certo, falando de emancipación, hai que falar dun feito histórico que se producía nesta cámara hai exactamente dezanove anos. Era un frío 7 de febreiro de 2004 cando Ana Pontón, (*Murmurios.*) hoxe a deputada máis veterana desta cámara, prometía acatar a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia. (*Murmurios.*) E hoxe, con case sete trienios como deputada, sen nunca xestionar nada, só derrotas electorais, vén aquí dicirnos a unha xeración que todo o que estamos facendo está mal, que non temos futuro, que temos un futuro gris e que todo se soluciona co soberanismo. (*Murmurios.*) Evidentemente, os galegos sabemos que o BNG máis sectario da historia e asesorado por terroristas como Fernando Barrena no Parlamento Europeo (*Protestas.*) non é a solución a nada. Adóitase dicir que cando... (*Protestas.*)



**O señor PRESIDENTE:** Non entendín esta expresión. ¿Pódeme repetir o que dixo? *(Protestas.)*

**O señor PARDO LÓPEZ:** Dígoo, dígoo.

Non, é que o señor Fernando Barrena ten unha sentenza firme, condenado por terrorismo. *(Protestas.)* É así. *(Protestas.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Que está xulgado por terrorista? *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, iso, se é un dato certo... *(Protestas.)* Perdón. *(Protestas.)* Non, imos ver... *(Protestas.)* Non, eu estou preguntando. *(Protestas.)* Non, non, perdón, descoñezo esa cuestión. *(Protestas.)* El fai unha afirmación que, se non é correcta, pois debería de retirala. *(Protestas.)* ¡Claro! *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, pero imos ver, eu non podo tomar... *(Protestas.)* Perdón, un momento. Eu non podo tomar unha decisión sobre unha cuestión que eu non coñezo. El afirma unha cuestión aquí, que é que hai un señor..., *(Protestas.)* aquí, en sede parlamentaria. Si, está facendo unha afirmación. Eu non sei se é correcta ou non. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En todo caso, iso podemos valoralo despois. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non o sei.

Pero vostedes ¿que discuten? ¿Que iso non é certo? *(Protestas.)* ¿Discuten que non é certo? *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois, se non é certo, estamos ante unha inexactitude. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón.

*(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)* Imos ver o que di a señora Rodil. Fale vostede. *(Murmurios.)*

Déanlle voz ao escano da señora Rodil. *(Murmurios.)*

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Artigo 76 do Regulamento: cando se vertan expresións que atentan contra o decoro dun grupo parlamentario. *(Protestas.)* Eu pídolle ao señor Pardo que retire agora mesmo as afirmacións que acaba de verter, que, ademais de absolutamente falsas, acusan a miña organización e grupo parlamentario dun delito. *(Protestas.)* Se vostede considera que iso é verdade, vaia ao xulgado agora mesmo, pero é mentira, e sábeo. *(Murmurios.)* Pídolle, por favor, co respecto que eu lle teño a vostede e vostede non ten nin por min nin polo meu grupo político, *(Murmurios.)* que retire esas afirmacións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Un momento.

Falando enténdese a xente. *(Murmurios.)* Si, por favor, imos pórllle cordura a isto. *(Murmurios.)* Eu non sei, eu non entendín que vostede dixera que o Bloque Nacionalista Galego é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* relacionado co terrorismo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* Non, perdón, eu entendín —e el acábao de reafirmar e, se non é así, que o corrixa, que para iso estamos aquí— que hai un asesor en Europa que ten





unha sentenza firme condenado por terrorismo. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, pois, se non dixo iso, que o corrixa. *(Protestas.)* Eu foi o que entendín. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* Non, ela di que están dicindo que o BNG é asesorado por terroristas, pero diga vostede... *(Protestas.)*, pero maticemos, vai dicir exactamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ¿que quere que lle retire? *(Protestas.)* Pero, imos ver, ¿que queren vostedes que lle retire? *(Murmurios.)* Se non é exacto, que o diga el agora. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu creo que iso é o correcto. ¿Como vou retirar unha cousa se eu non a sei? *(Protestas.)* El acaba de facer unha expresión e sobre iso matízase agora a expresión, quero que o diga. *(Murmurios.)* Eu creo que é o correcto.

Entón, por favor, fíxolle unha petición a señora Rodil. Imos con esa petición.

**O señor PARDO LÓPEZ:** Eu dixen que no Parlamento Europeo a señora Miranda, deputada... *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, eu non oín señora Miranda. *(Protestas.)* Non, eu non oín... Sin-  
ceramente, señor Adrián, eu non o oín, o da señora Miranda non o oín, *(Murmurios.)* o da  
señora Miranda non o escoitei.

**O señor PARDO LÓPEZ:** Estaba facendo alusión á expresión do que dixen, para poñelo en  
contexto.

**O señor PRESIDENTE:** Ben, pero a señora Rodil acáballe de facer unha petición. *(Murmurios.)*  
A petición é... *(Murmurios.)* Respóndalle vostede á petición.

**O señor PARDO LÓPEZ:** Non, eu o que dixen —e está aquí escrito, vouno ler tal cal—... *(Mur-  
murios.) (A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Por favor! Estamos no clarexo dun asunto.

**O señor PARDO LÓPEZ:** Se a señora Rodil quere que retire que o señor Pernando Barrena,  
cunha sentenza firme por pertenza a banda armada, que asesora á señora Ana Miranda no  
Parlamento Europeo, non é certo —que é algo que é certo e que ademais está publicado—,  
*(Murmurios.)* se quere que o retire, retíroo, non teño ningún problema. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Ben, vostede fai unha afirmación e ela estalle pedindo outra cuestión.  
*(Murmurios.)* Ela di que en todo caso non se trata de que vaia contra a dignidade deste grupo.  
¿Vostede déixao claro? *(Murmurios.)*

**O señor PARDO LÓPEZ:** Eu iso déixoo claro, non vou contra a dignidade do Bloque Naciona-  
lista Galego. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Pois se vostede deixa claro iso, eu o outro, como comprenderán, iso  
dilucidarán... *(Protestas.)* Non, perdón, o outro dilucidarase... *(Protestas.)* Non, non, pero, imos  
ver, iso soamente o pode facer el. Se el se equivocou no que dixou, terao que retirar. *(Murmu-*



rios.) Se se reafirma... (Protestas.) Non, pero ¿por que o vou chamar á orde se eu non sei desta cuestión? (Protestas.) Pero el está dicindo unha cousa, que se está equivocado terá que rectificar, é o único. (Protestas.) Claro, non estamos falando doutra cousa. (Murmurios.) ¿Que quere que retire eu sen saber? (Murmurios.) Claro. (Murmurios.)

**O señor PARDO LÓPEZ:** Señor presidente, non vou retirar unha cousa que é certa. (Murmurios.) É dicir, o tema ¿cal é? (Aplausos.) O tema...

**O señor PRESIDENTE:** Terán vostedes outro mecanismo.

**O señor PARDO LÓPEZ:** O tema é que a señora Ana Miranda, eurodeputada do BNG que acaba de entrar, ten como asesor —que está na páxina de transparencia do Parlamento Europeo—, contratado, o señor Fernando Barrena, que ten unha sentenza firme por pertenza a banda armada. (Murmurios.) É así. (Murmurios.) É así. (Murmurios.) ¿Non é certo? (Murmurios.) (Aplausos.) ¡É así! (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdón, eu non podo retirar... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, perdón, son o presidente do Parlamento e trátolle de dar sentido común. (Protestas.) Non, eu... (Protestas.) Non, non, eu non podo retirar unha expresión sen ter coñecemento de se é certo ou non. (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, eu non podo retirar unha expresión así. (Protestas.) En todo caso, prosiga, señor Adrián. (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, prosiga, señor Pardo.

**O señor PARDO LÓPEZ:** Ben, se me deixan... (Murmurios.) Se me deixan, volvo centrarme no tema.

E quero finalizar —que xa rematou o tempo— volvendo poñer enriba da mesa as políticas da Xunta de Galicia en materia de emancipación, onde o propio Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España afirma que o acceso dunha persoa nova a un alugueiro ou á compra dunha vivenda libre seguía a ser un dos máis reducidos de España, ademais de que Galicia está por debaixo da media española tanto no esforzo para o acceso á vivenda en propiedade como en alugueiro entre os menores de 34 anos. Ou outros datos que reflicten ademais a mellora nestes anos, como que no ano 2022 se emancipou o 35,1 por cento dos mozos de entre 25 e 29 anos, fronte ao 33,2 por cento que o fixeron no ano 2008; e o ano pasado deixaron o fogar familiar o 69,6 por cento dos mozos galegos de entre 30 e 34 anos, mentres que hai quince anos era do 63,7 por cento; polo tanto, estamos 6 puntos por riba da situación de hai catorce anos, da que vostedes falaban.

En resumo, no ano 2008 eramos os últimos en emanciparnos e agora a taxa actual de emancipación é superior nos grupos de entre 25 e 29 anos e nos grupos de entre 30 e 34 anos. Isto supón que no primeiro grupo de 25 a 29 anos pasamos de estar no posto undécimo a ser os primeiros. E nos outros dous grupos de idade Galicia deixa de estar no último posto para situarse na metade da táboa.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pardo.

Grupo autor da moción, señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Ben, pois ¡que tristeza, que mágoa, que mal corpo, que desazón! Por unha banda, señoras e señores do Partido Popular, de verdade, a ver se deixan de ensuciar o debate político e de usar..., non me escoiten a min, escoiten os familiares (*Aplausos.*) das vítimas da banda terrorista ETA, fartos e fartas de pedir que deixen de usar politicamente a súa dor, fartos de pedilo publicamente. Punto número un. ¡Que triste!

Punto número dous. Escoiten as familias das vítimas e felicitémonos de ter superado e vencido a banda terrorista ETA. E non quero perder un minuto ou un segundo máis, porque tamén ¡que mágoa ante a situación socioeconómica que está a atravesar e a vivir a mocidade galega que ensucien así un debate político neste pleno do Parlamento de Galicia! O grupo maioritario que sostén ao Goberno da Xunta de Galicia, (*Aplausos.*) ¡que mágoa, que triste!

E falaba eu de desesperanza na interpelación á conselleira de Vivenda, falaba dos datos de saúde mental, dos problemas que está a atravesar a mocidade galega. Por favor, pido un pouco de sensibilidade, de propostas. Hai dúas semanas viralizáronse esas palabras dunha psicóloga arredor da situación da saúde mental da mocidade, que lle estamos a furtar as esperanzas. ¿Como van ter esperanza despois de escoitar o debate que se ten producido aquí ante a proposta concreta de políticas en materia de acceso á vivenda e a situación socioeconómica da mocidade galega?

E por ser construtiva e dar datos rigorosos e non enmerdar, porque é a palabra que teño que utilizar, e déixeme que opine tamén, señor presidente do Parlamento, que de verdade debería analizar —dito con todo respecto, se mo permite— o dobre rasero que temos vivido hoxe neste parlamento, (*Aplausos.*) á hora de cualificar as distintas intervencións neste pleno do Parlamento. É a opinión desta deputada.

E, por iso, sendo rigorosos, ¿quere falar de modelos políticos e de diferenzas? ¿Sabe vostede, señor Pardo, se falamos de mocidade, a quen ten beneficiado fundamentalmente a subida aquí en Galicia dese salario mínimo interprofesional? ¿Sabe a quen beneficia fundamentalmente a subida do salario mínimo aquí na nosa Comunidade? Á mocidade. 1.080 euros fronte aos 700 euros de Rajoy, como dixo o noso voceiro de economía. 1.080 euros, cunha mocidade galega que no mercado laboral ten peores salarios que no conxunto do Estado. O colectivo máis beneficiado deste salario mínimo.

¿Sabe vostede, señor Pardo, onde ten incidido a reforma laboral no conxunto da nosa Comunidade máis directamente, esa reforma laboral que o Partido Popular e a dereita deosta? Na estabilidade e temporalidade da mocidade galega, que tamén vén sufrindo peores taxas en canto á estabilidade laboral que no conxunto do Estado. Esas son as diferenzas.

¿Saben quen se ten beneficiado fundamentalmente do aumento histórico ás bolsas do estudiantado destes dous últimos anos fundamentalmente, ante o que o Partido Popular no Congreso dos Deputados e a dereita vota en contra? ¿Sabe a resposta, non?



Pois esta é a diferenza de modelos de políticas públicas cara á mocidade entre o Partido Popular e o Partido Socialista. E, se quere, temos un debate serio sobre datos. (*Aplausos.*) E, se quere, temos un debate serio tamén e falamos dos datos do orzamento da Xunta de Galicia en materia de execución e de cantidades consignadas.

¿Falamos do orzamento deste ano 2023, de cantos cartos e cal é a partida para a promoción de vivenda pública? 8 millóns de euros. Fala vostede de cifras históricas: 2 millóns de euros máis que o ano pasado. ¿Sabe canto eran os cartos nesta partida no ano 2009 no orzamento? 52 millóns de euros, fronte a 8 millóns de euros este ano. ¿Quere seguir contrastando cifras, datos e modelos, señor Pardo?

Nós insistimos: hai un problema de acceso á vivenda, hai un problema de emancipación que incide directamente nunha fonda crise demográfica. Está moi ben que anuncie o señor Rueda plans de retorno de todo tipo, pero, por favor, poñan o foco nunha mocidade galega que están a expulsar da nosa Comunidade, porque non hai alternativas de acceso á vivenda nin tampouco inciden con políticas propias na precariedade do mercado laboral.

En termos poboacionais Galicia ten cada día que pasa —e repetireino as veces que faga falta— menos mozos e mozas entre 16 e 35 anos o pasado ano. ¿Saben do que estamos a falar? ¿O que supón para unha comunidade autónoma, para un país ter alcanzado o ano pasado o nivel máis baixo ou o peso máis baixo do conxunto da mocidade en comparación co resto das idades? E que se no ano 2009 a mocidade galega representaba máis do 27 por cento total da poboación, estamos no ano 2022 por debaixo do 20 por cento.

Destas cousas estamos a falar. Así que, de verdade, un pouquiño de respecto, sensibilidade e decencia política tamén, porque chegados a este punto... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

### ***Votación das mocións.***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noelia Otero.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, 16 horas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa popular, pola que se insta a Xunta de Galicia a aprobar un plan de choque que axude os mozos e as familias galegas a afrontaren a subida do prezo dos combustibles**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Imos seguir a falar dos problemas da mocidade da nosa comunidade autónoma. Pola mañá a miña compañeira traía a colación o debate sobre os problemas dos mozos na vivenda e hoxe nós traemos o problema que teñen os mozos coa mobilidade na nosa comunidade autónoma. Espero que algún grupo parlamentario con representación nesta Cámara tome o debate con maior seriedade e rigorosidade que a que tivo pola mañá. *(Aplausos.)*

Hoxe a verdade é que traemos a esta Cámara esta iniciativa legislativa popular das Xuventudes Socialistas de Galicia, que nós, dende o meu grupo, dende o Grupo Parlamentario do PSdeG, asumimos como propia. É unha iniciativa popular que basicamente lle pide un plan de choque á Xunta de Galicia para que axude a mozos, a mozas e as familias galegas a afrontaren a subida do prezo dos combustibles. E quero darlles a benvida dende o meu grupo,



dende o Grupo do PSdeG, aos representantes das Xuventudes Socialistas de Galicia, unha organización xuvenil sensible coas demandas e as necesidades dos mozos da nosa comunidade autónoma, unha asociación que estivo a facer un moi bo labor ao longo destes meses —co seu secretario xeral, Xurxo, á cabeza—, unha organización e un secretario xeral preocupados realmente polas necesidades e problemas dos mozos e das mozas galegas —algo ao que non nos ten acostumados o representante e portavoz doutra asociación xuvenil aquí representada nesta Cámara—. Polo tanto, quero darlle as grazas a Xuventudes Socialistas de Galicia polo gran traballo que fixeron ao longo destes últimos meses. Traballaron na rúa, como se ten que traballar, cara a cara coa mocidade de Galicia, con esa xuventude que sofre os problemas de mobilidade que non é quen de atender o Goberno galego.

E nós levamos moito tempo dende o Grupo Parlamentario do PSdeG traendo iniciativas a esta Cámara para que a Xunta de Galicia por unha vez recoñeza os grandes problemas que temos co Plan de transporte público por estrada en Galicia, e que non o estamos a dicir só nós, dende o Grupo Parlamentario do PSdeG. Expertos en mobilidade están a pedir un novo modelo de mobilidade que pase por un transporte público máis rápido e máis frecuente. A alternativa ao vehículo particular pasa, ante todo, por frecuencias e horarios competitivos nos autobuses e por bonificacións aos usuarios e non tanto ás empresas concesionarias.

Levamos moito tempo pedíndolle á Xunta de Galicia que revise as queixas dos usuarios, das usuarias, dos colectivos e tamén dos concellos sobre o mal funcionamento do transporte público por estrada en Galicia, porque é fundamental poder analizar e detectar os problemas plantexados para poder darlles unha solución. Non fai falta máis que abrir os xornais e, día tras día, ver aí os problemas do Plan de transporte público por estrada de Galicia. Hainos co transporte escolar. Estes últimos días tamén na zona de Santiago e na súa contorna, onde quedan moitísimos mozos e mozas nas paradas de autobús que non están a ser recollidos para ir aos centros escolares; ou en Outes, onde a empresa adxudicataria non cumpre coas frecuencias establecidas nos pregos; ou nas comarcas da Coruña e de Ferrol —onde incluso hai constituída unha plataforma en defensa dun transporte digno en Ferrol e a súa comarca—; na provincia de Lugo, na miña provincia, no Courel, as ANPA de Lugo están día si e día tamén a apremiar a Xunta para que resolva o problema do transporte público e escolar no rural; na comarca do Barbanza, ou en Pontevedra tamén, pois non hai esas prazas de autobús para poder ir dende Pontevedra aos seus concellos colindantes —ou incluso para poder trasladarse dende a propia cidade de Pontevedra a Pontecaldelas, con ese polígono industrial aí no que traballan tantos e tantas traballadoras—.

Polo tanto, nós dixemos moitas veces que hai que escoitar, que hai que revisar esas queixas e que non pode seguir abdicando das súas responsabilidades a Xunta de Galicia, desas responsabilidades de inspección e de control, e, no caso de que se detecten incumprimentos, das sancións; porque así sería mellor para que puidese funcionar o transporte público. Pero a Xunta de Galicia nin está nin se espera, abdica das súas responsabilidades.

Tamén lle levamos pedindo moito tempo que garanta que as adxudicacións dos servizos sirvan ao interese xeral e que actúe con imparcialidade nas fases de adxudicación e vixilancia na execución dos contratos públicos. Levámoslle pedido moitas veces á Xunta de Galicia que corrixa os pregos de contratación de maneira que se dea unha resposta axeitada e eficiente



ás necesidades da mobilidade da cidadanía galega. E hoxe do que estamos a falar é das necesidades de mobilidade da xuventude galega.

Mire, a Xunta de Galicia vai sempre a rebufo. Fíxoo o ano pasado, en marzo, cando o propio Goberno central, entre outras medidas, adoptaba medidas para paliar a suba dos prezos dos combustibles —suba de prezos agravada pola invasión de Rusia sobre Ucraína—. Estamos a falar daquela bonificación dos 20 céntimos por litro de combustible, agora convertida en axudas a determinados colectivos no transporte, ou da gratuidade e bonificación dos prezos dos billetes dos trens. E todas esas medidas, por certo, non foron apoiadas polo Partido Popular en Madrid. Ocorreu tamén cando se lles deu esa posibilidade á propia Xunta de Galicia e tamén ás entidades locais para que bonificasen nun 50 % o prezo dos billetes de autobús —que, por certo, estiveron a enganar a cidadanía galega dicindo que eses eran fondos propios que poñía a propia Xunta de Galicia para bonificar ese 50 % no prezo do autobús, e todas e todos sabemos que un 30 % viña de fondos estatais e que sería complementado cun 20 % autonómico—. Pero, por certo, non votaron a favor desta medida en Madrid e aquí puxérona en marcha tarde. Despois, cando o propio Goberno central prorrogou esta medida para o ano 2023, cando prorrogou a gratuidade nos trens que son de competencia estatal e lle deu de novo a posibilidade á Xunta de Galicia para que bonificase no 50 % ese prezo de autobús, a Xunta de Galicia apareceu novamente tarde. Primeiro dicía, ademais, que só ía ser no mes de xaneiro, despois que sería no primeiro trimestre do ano 2023, a diferenza do Goberno central, que prorrogou esta medida ao longo de todo o ano 2023.

Polo tanto, vemos como ese plan de transporte público de Galicia funciona mal, pero, sobre todo, funciona mal no que é relativo á nosa mocidade. Polo tanto, Xuventudes Socialistas de Galicia foi quen de recoller case que 3.000 sinaturas para pedir con urxencia cohesionar territorial e socialmente a nosa comunidade autónoma e poder implementar un plan de choque co obxectivo de mellorar o transporte público, que nos últimos anos sufriu unha degradación e abandono, primeiro, de mans de Núñez Feijóo e agora do presidente Rueda. Polo tanto, pídese unha conexión interurbana xusta, sostible e accesible para a nosa comunidade autónoma, que pase por non ter monopolios, con máis conexións co rural, coas bonificacións correctas e tamén con liñas nocturnas que lle permitan á nosa mocidade desprazarse e disfrutar en condicións de seguridade. Hai que mellorar a conexión interurbana e os beneficios da mocidade no transporte público de Galicia, que é o que hoxe con toda vontade construtiva presentamos a través desta iniciativa.

O que se pide nesta iniciativa lexislativa popular é instar a Xunta de Galicia, dentro das súas amplas competencias en materia de transporte, para aprobar de xeito urxente un plan de choque que axude a mozos e mozas, e tamén as familias, a afrontar a suba de prezos dos combustibles, e que inclúa como mínimo as seguintes medidas:

A primeira é a ampliación das prestacións de mobilidade existentes para menores de 21 anos a todos os menores de 30 anos, porque non acabamos de entender por que, e con base en que criterio, a Xunta de Galicia adoptou o límite desas bonificacións só aos menores de 21 anos, saltando todos os estándares europeos, que limitan isto ata a idade de 30 anos. Queremos saber cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non considera mozos a xente de 22, 23, 24 ou 25 anos e só son mozos en Galicia os menores de 21 anos. *(Aplausos.)*



Tamén pedimos que se supriman as limitacións temporais que impoñen as concesionarias de transporte interurbano para a expiración da validez dos bonos.

Tamén se pide a imposición ás concesionarias de transporte interurbano da obriga de compensar os usuarios vítimas de atrasos ou avarías, de igual forma que acontece no transporte ferroviario, porque no transporte ferroviario de competencia estatal si que se penalizan esas empresas que non chegan a tempo, ou que non cumpren coas súas obrigas de chegar a tempo ás paradas. Pero a iso de sancionar determinadas empresas parece que a Xunta de Galicia lle ten algo de alerxia.

Tamén pedimos velar polo cumprimento rigoroso dos pregos de contratación —a través das súas tarefas de inspección e de control— no que respecta á renovación das frotas das concesionarias de transporte interurbano dependentes da Xunta de Galicia. Hai que renovar os vehículos máis antigos para garantir un servizo de maior calidade e respectuoso co medio ambiente.

E, por último, pídesse a garantía de que todos os concellos de Galicia dispoñan, como mínimo, dun traxecto diario de ida e volta que os comunique cos concellos adxacentes.

Hoxe veremos, co posicionamento e co voto dos distintos grupos parlamentarios, cal é a implicación de cada grupo parlamentario cos problemas e as necesidades da mocidade galega. Poden unirse a esta iniciativa e intentar mellorar a mobilidade e o futuro dos nosos mozos en Galicia ou poden seguir, como está a facer algún grupo parlamentario e tamén algunha administración autonómica, mirando cara a outro lado e deixando a nosa xuventude abandonada. Polo tanto, eu pido o voto afirmativo para esta iniciativa que hoxe facemos nosa, pero que é unha iniciativa lexislativa popular e traballada, moi ben traballada, polas Xuventudes Socialistas de Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Para o BNG e para as súas señorías este debate non é novo. É un debate que levamos dando moito tempo tanto nas comisións como nos plenos deste Parlamento. E para nós hai aquí dúas cuestións: o que nos parecen medidas que son positivas, aínda que entendemos como complementarias ou como accesorias, e un problema fundamental.

En primeiro lugar, quérome referir a unha boa medida, que entendemos que é así e que implantou a Xunta de Galicia, como é a Tarxeta Xente Nova. O problema, como xa lle temos dito moitas veces, é que non van ata o final. O apoio que lle dan á mocidade non vai ata o final, realmente non apostan forte pola mocidade, non van ata o final na Tarxeta Xente Nova, igual que non van ata o final nas súas intervencións e afirmacións. Porque eu creo que, se





se vai ata o final coas cousas e se se cre nas cousas — como fai este grupo político, que, cando afirma algo e cando intervén, o fai con todas as consecuencias —, pois moito mellor nos iría a todos e a todas. Iso é o que ten que facer a Xunta de Galicia coa Tarxeta Xente Nova, ir ata o final. Non ten ningún tipo de sentido que veñamos de falar dunha cuestión como é a vivenda para a mocidade, na que se contempla a mocidade ata os 35 anos en canto a taxas de emancipación, etc., e vexamos que a Xunta de Galicia limita ata os 21 anos quen pode ser mozo ou moza para utilizar esta Tarxeta Xente Nova.

Entendemos que é unha medida que vai na liña do que falaba eu na anterior intervención, unha medida de cara á galería, unha medida positiva pero que, se non se leva ata o final, se non se dan os recursos suficientes, pois podería dar para moito máis e non dá.

E, por outro lado, no que ten que ver coa complementación das bonificacións ao transporte público, entendemos que un prezo axeitado para unha situación de crise como a que padece a mocidade galega e a sociedade galega en xeral é unha boa iniciativa. Témololo dito en comisión, témololo dito en pleno e repítooo hoxe. Pero o grande problema que temos hoxe a mocidade de cara á mobilidade, e sobre todo no que ten que ver co transporte por estradas, non é tanto o prezo como a propia calidade do servizo; non é tanto que o poidamos pagar ou que nos saia gratis como que teñamos praza nos propios autobuses.

E aí hai unhas cuestións nas que a min me gustaría incidir. Por un lado — e témololo falado en moitas ocasións —, o mal funcionamento do transporte público neste país. Vostedes dirán unha vez máis que é un caso illado, como todo o que nós traemos aquí. Igual que esa frase que dicía que se pode percorrer todo o Estado español saltando de caso illado de corrupción do PP a caso illado de corrupción do PP, poderíamos tamén falar de que podes percorrer Galiza de caso illado de mal funcionamento do transporte público a caso illado de mal funcionamento do transporte público. Bueno, vostedes sigan negando a realidade, pero a xente que utiliza o transporte público e a mocidade deste país non lles vai seguir comprando o marco moito tempo máis.

E falamos de falta de frecuencias, de frecuencias que se cambian de forma unilateral, de autobuses que non pasan, de atrasos na hora de entrada polo transporte escolar. E tamén para as mozas e mozos universitarios podemos poñer o exemplo do que pasa na liña Ferrol-A Coruña, nesa liña utilizada por moitos e moitas universitarias da cidade de Ferrol, da súa comarca e da comarca das Mariñas, que ven como día si e outro tamén teñen que chegar tarde ás aulas, que non saben nin sequera onde coller ou onde os van deixar o autobús e un longo etcétera que xa trouxemos moitas veces tanto á Comisión como ao Pleno.

Pero podemos falar tamén de que a Xunta de Galiza non aposta realmente por unha mobilidade máis accesible para a mocidade cando, por un lado, desmantelou unha grande iniciativa nacida no época do Bipartito, como era o noitebús, que non só tiña que ver cun servizo de calidade en canto a mobilidade senón tamén a nivel de seguridade viaria. Case todos podemos entender que ao reducir calquera tipo de risco ao coller un vehículo privado de noite en contexto de festa e demais, se temos realmente un servizo de mobilidade que cumpra esa función, reduciremos moito tamén os riscos na estrada. E iso creo que está fóra de calquera tipo de cuestión política ou ideolóxica. Isto é simplemente borrar todo rastro do positivo que



foi o Bipartito. Eu creo que unha iniciativa, unha medida, como é a recuperación do noitebus, que este grupo parlamentario leva anos pedindo tanto nos orzamentos como en calquera tipo de cuestión que teña que ver con isto, non entendemos como a Xunta realmente non o está facendo. Supoño que simplemente é unha cuestión de sectarismo, porque non se explica.

Tamén hai unha cuestión fundamental no que atinxe á mocidade e á mobilidade, que é todo o que ten que ver co transporte non universitario e os problemas que se están derivando tamén da execución e da concepción do Plan de transporte con todo o que ten que ver coas rutas de transporte integrado. Hoxe en día hai moitos casos de mozos e mozas que cursan bacharelato ou que cursan ciclos formativos que sistematicamente quedan sen prazas nos autobuses para ir ao seu centro de ensino. E non é que os teñan que pagar por fóra, non é que lles vallan máis, é que directamente non teñen praza. Aínda que quixesen pagar, non teñen praza, porque a lei, a Xunta de Galicia, non contempla que o ensino non universitario teña dereito a transporte escolar gratuíto. E para nós é que debería ser universal, cando menos no que ten que ver co ensino non universitario.

Pero tamén hai outra cuestión a este respecto. Hai moita mocidade de vilas que se ten que desprazar a unha vila próxima para cursar unha FP ou un bacharelato que non existe na súa vila. E hoxe, por como están as conexións coas diferentes vilas e como está o plan de transporte do noso país, teñen que renunciar á súa formación, á formación que queren cursar e que o propio sistema lles debería blindar que puidesen cursar no sistema público de ensino. E non poden facelo pola cuestión de que non teñen como chegar ao centro de ensino, ou cando menos non teñen posibilidade de chegar á hora. Están vostedes con esta discriminación nas vilas, con esta falta de planificación, con esta falta de organización, con este caos que é o transporte público neste país. Estalle vetando a posibilidade a moita mocidade de cursar bacharelatos e ciclos formativos da súa preferencia e aos cales teñen dereito. E isto si que non pode ser.

Nós facemos estas dúas propostas: por un lado, a blindaxe de todo o que ten que ver co transporte escolar para o ensino non universitario; por outro lado, a recuperación do noitebús; e, por outro lado, atallar todo o que levamos denunciando durante este tempo do mal funcionamento das liñas de transporte público por estrada deste país. Hai que rematar cos incumprimentos, rematar con eses horarios cos que non se sabe cando van pasar, cando non van pasar, se pasan, se non pasan, se hai prazas, se non hai prazas, se vai haber un autobús de reforzo ou non o vai haber. É un total caos, un caos por completo, no sistema público de transporte deste país. E tamén hai que rematar cos vehículos en malas condicións, cos vehículos fóra da idade do seu contrato, cos incumprimentos sistemáticos dos contratos, dos pregos de contratación da Xunta de Galiza nesta materia. Son moitas as cousas que a Xunta de Galiza ten por diante por facer, pero as ideas, as medidas estrela coas que se golpean o peito, son cuestións que para nós son importantes, son positivas, pero tal e como están formuladas son completamente insuficientes.

Partindo da base de que temos un sistema público de transporte completamente deficiente e que funciona como lle peta ao gran grupo empresarial deste país de transporte e ás demais concesionarias, vemos que para que a mocidade teña realmente un acceso a unha mobilidade



pública, unha mobilidade moito máis sostible que a do transporte privado e tamén a nivel económico coa suba dos combustibles, por un lado temos que poñer en orde o sistema público de transporte deste país e facelo realmente eficiente, facelo realmente vertebrador deste país, e, por outro, tamén aumentar todo o que ten que ver coa cuestión das axudas económicas, bonificacións e demais.

Polo tanto, eu quero rematar xa celebrando e saudando a iniciativa lexislativa popular, trasladada e traballada polas Xuventudes Socialistas. Eu creo que o Partido Popular debería entender dunha vez que o transporte público neste país é un dereito de todos e de todas, non é praza nin cortello particular para ninguén, e que, en todo caso —como fixo o director xeral—, se se lle ten que mandar unha carta ao Estado para pedir máis cartos, que sexa para darlle máis servizo á mocidade deste país, que sexa para ampliar a Tarxeta Xente Nova, por exemplo, ou para instalar o noitebús, e que non sexa simplemente para intentar cubrir as perdas nos contratos que adxudicaron cunhas baixas completamente temerarias. Teñen vosdes que deixar de traballar coas grandes empresas do *lobby* do transporte e centrarse nos usuarios e nas usuarias, na mocidade e nos que xa imos deixando de ser mocidade —que tamén todo o mundo ten dereito a unha mobilidade máis sostible, a unha mobilidade que realmente vertebre e nos faga o país que merecemos ser—.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pardo López.

**O señor PARDO LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Seguimos falando de mocidade e seguimos igual que no debate anterior, cun PSdeG e cun BNG que só ven a mocidade como un nicho electoral e non como unha xeración heteroxénea con problemas moi diversos. Ademais, resulta sorprendente a forma de presentar esta iniciativa. Por iso eu, como presidente da organización político-xuvenil máis grande, con máis afiliados, de Galicia, que é Novas Xeracións do Partido Popular, quero amosar a miña solidariedade cos compañeiros de Xuventudes Socialistas.

A pouca importancia que o Partido Socialista de Galicia lle dá á súa mocidade amósase en accións como a de hoxe. Vemos como o PSdeG usa a mocidade para suxeitar pancartas e usar bolígrafos, xa que o contexto desta iniciativa que hoxe se presenta é o seguinte. A organización xuvenil dun partido —por poucos que sexan— que ten representación no Parlamento, aínda que sexa a forza minoritaria desta Cámara, mándalles presentar propostas sobre mocidade que serán máis acertadas ou menos —iso ímolo debater agora— a través do mecanismo da ILP, o que atrasou este debate aquí sete meses, cando puideron presentala calquera dos deputados do Partido Socialista que están hoxe aquí. Por certo, alégranos tamén saber que o socialismo galego por fin rectifica o erro que cometeu no ano 2015 cando votaron en contra da Lei de participación cidadá no Parlamento de Galicia. Tivo que ser un goberno do



Partido Popular e os votos deste grupo parlamentario os que estableceron este procedemento. Aos socialistas e aos nacionalistas non lles gusta a participación cidadá, nunca quixeron facilitar que os galegos e as galegas puidesen sentirse partícipes da actividade parlamentaria. Só a usan para disfrazar a realidade, para que non se note que quen pide isto son políticos. Pero, por moito que se disfracen, a realidade é a que é. Nin as súas iniciativas nin as forzas políticas que as impulsan representan a vontade maioritaria do pobo de Galicia. (*Aplausos.*)

Xa entrando no texto da moción, a verdade é que non sei quen asesora o Partido Socialista de Galicia, xa que en apenas tres parágrafos da exposición de motivos falan dunha rede ferroviaria subdesenvolvida, da inflación, de impostos... O certo é que hai cousas nas que podemos estar de acordo, pero, claro, despois chega o servilismo a Sánchez e din que a culpa de todo isto —da inflación, da rede ferroviaria— é da Xunta de Galicia, non é do goberno de Sánchez, non. É da Xunta de Galicia.

Por certo, é increíble, ademais, que veña aquí o Partido Socialista de Galicia e o BNG a pedir o incremento da idade para o transporte público gratuito en tramos interurbanos cando eles, nas cidades onde gobernan, non o fan. ¿Que pasa, que os menores de 30 anos non collen o bus urbano nas cidades? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) É máis, hai que ter presente que, superados os 21 anos, podemos facer uso da tarxeta TMG, que ademais tamén incorpora importantes bonificacións. E o Plan de transporte público de Galicia trouxo tarifas máis baratas e múltiples posibilidades de acceder a descontos. A aposta polos prezos económicos para todos é unha prioridade para o Goberno galego. De feito, o prezo é un dos aspectos mellor valorados polos usuarios nas enquisas de satisfacción que realiza a Xunta de Galicia.

Entrando no punto 2 da moción, a verdade é que é unha ocorrencia máis ás que xa nos ten acostumados o Partido Socialista de Galicia. Hai que sinalar, en primeiro lugar, que a limitación temporal dos bonos é unha condición contractual establecida nos diferentes lotes do Plan de transporte, á que ninguén presentou alegacións —probablemente porque a todo o mundo lle parecería algo razoable—. E, loxicamente, a limitación temporal facilita que as empresas concesionarias poidan facer as súas previsións de demanda de servizos e de ingresos.

Sobre o punto 3, a verdade é que esta é unha ocorrencia xa para sacar nota. Evidentemente, o transporte por estrada está suxeito a moitos imponderables que condicionan o seu funcionamento, e moitos dos cales son totalmente incontrolables —a densidade do tráfico, as condicións meteorolóxicas, unha avaría, accidentes, obras na estrada...—. De feito, como saben, os tempos no transporte público por estrada son sempre aproximados, nunca son exactos, e empregar este aspecto para comparar o tren e o autobús, ademais de ser absurdo, denota moito descoñecemento sobre as peculiaridades do transporte público de cada medio. Dito isto, é claro que a puntualidade ten que ser un dos obxectivos que hai que cumprir para acadar a excelencia no transporte público. E o Goberno galego así o está facendo. De feito, está outorgándolle unha gran importancia a este aspecto, así como a que o usuario teña información real e puntual dos servizos, polo que a dixitalización é un dos piares fundamentais no que se está a traballar.

Sobre o punto 4, é certo que a Xunta de Galicia, como titular e responsable do servizo de autobús interurbano, é a primeira interesada no seu funcionamento e en que se cumpran es-



crupulosamente os contratos. De feito, a Dirección Xeral de Mobilidade dispón de dúas ferramentas administrativas distintas para levar a cabo esta función de vixilancia e sanción en caso de incumprimento.

Como saben, son, en primeiro lugar, as penalidades contractuais. Podemos dicir que, dende a entrada en vigor dos novos contratos, se incoaron 380 expedientes de penalidades contractuais, dos cales 168 deron lugar a sancións e 187 están en proceso de resolución. A maioría, por certo, están relacionados con cuestións formais. A segunda modalidade —como tamén estou seguro de que saben— son as inspeccións por estrada. Só no ano 2022, a Inspección de Transportes e a Garda Civil inspeccionaron 1.173 expedicións, nas que só se detectaron 390 infraccións.

E xa para finalizar a moción que estamos hoxe a debater aquí, sobre o punto 5 hai que recordar que o Plan de transporte de Galicia fixo posible que por todos os concellos de Galicia transiten autobuses interurbanos de competencia autonómica. Antes isto non pasaba. Ademais, fano por municipios polos que ningunha liña regular tiñan. Estou falando de casos como poden ser o de Carballeira de Valdeorras, A Mezquita, Riotorto ou Ribeira de Pequín. *(Unha señora deputada: Piquín) Piquín. (Murmurios.)*

Nos orzamentos deste ano adícanse 90 millóns de euros ao Plan de transporte público, que permite financiar o 76 % do custo da prestación deste servizo aos cidadáns, e o 100 % a todos os menores de 21 anos coa Tarxeta Xente Nova. Ademais, hai que destacar que máis de 135.000 mozos dispoñen xa desta tarxeta e que o transporte público por estrada competencia da Xunta está funcionando razoablemente ben. Hai que ter presente que supón xestionar máis de 3.500 liñas —800 liñas máis que cando o Plan de transportes de Galicia se acabara de implantar no ano 2020—, 55.000 paradas, 2,35 millóns de servizos ao ano e máis de 20 millóns de horarios ao ano tamén.

Ademais, é evidente que estamos ante unha medida moi beneficiosa para a xuventude pero que, con todo, é algo que non se aplica no transporte urbano das cidades galegas. Polo que esta proposición de lei que trae aquí hoxe o Partido Socialista de Galicia é unha mostra máis da súa hipocrisía. Por iso, o que deberían facer os compañeiros de Xuventudes Socialistas de Galicia é dirixirse aos gobernos onde goberna o PSOE e o BNG —como pode ser na cidade da Coruña, na cidade de Santiago, en Lugo, en Ourense ou en Vigo— para que apliquen nesas cidades este desconto aos de 21 anos, como o está a facer a Xunta en todo o territorio galego.

Pola contra, e tamén falando de mobilidade, o PSdeG debería de criticarlle ao Goberno de España —e exixírllo— que coa súa nova Lei de mobilidade sostible deixa o mundo rural sen servizos. O novo mapa concesional de transportes por estrada estatal tamén reduce e empobrece a prestación, porque recorta servizos. Estamos falando de que se deixan sen parada 23 municipios de toda Galicia —é dicir, que afecta directamente a 136.000 galegos—; suprime 76 servizos interiores e obriga, ademais, a facer transbordos, o que afecta a máis de 1.100 rutas. Evidentemente, como se pode ver, o goberno de Sánchez antepón principalmente os temas económicos aos sociais, e o mapa concesional que quere implantar este goberno abandona as poboacións pequenas e supón un claro ataque ao rural, polo que incide no despoboamento.



E o BNG, a verdade é que é o paradoxo do independentismo centralista, é o mellor aliado do goberno Sánchez. E ¿como quere demostrar o BNG que está comprometido coa mobilidade en Galicia? Se o queren facer, téñeno fácil. Deixen de ser socios submisos do PSOE en Madrid. Vostedes non teñen reparos en apoiar un goberno central que tanto dano está a facer á mobilidade en Galicia. A Lei estatal de mobilidade sostible despreza o rural e condiciona a criterios económicos a continuidade dos servizos públicos de transporte; ou os trens AVRIL, que aínda non están operativos e impide que o AVE, ademais de a Ourense, chegue ao resto de cidades de Galicia. Señorías, non se pregunten á Moncloa, sexan exixentes e non fagan o que fixo o seu único deputado, o señor Rego, que, lonxe de ser unha anécdota e que incluso podería ser gracioso, a verdade é que caeu nun absurdo. Hai un par de semanas o señor Rego foi a Ourense promover unha campaña de recollida de firmas para criticar o servizo ferroviario e acabou presentándoas na Delegación da Xunta de Galicia; non na Delegación do Goberno, non, senón na Delegación da Xunta de Galicia en Ourense. Unha de dúas: ou o deputado do BNG a estas alturas descoñece que as competencias en ferrocarril son do Goberno central ou a súa crítica ao goberno de Sánchez —ao que prestou o seu apoio na investidura— só é de cara á galería, xa que nin sequera se atreve a escenificar as súas reivindicacións no lugar axeitado.

Finalizo xa, presidente, exixíndolle ao Partido Socialista de Galicia coherencia. Sei que é difícil —e ademais neste momento, no que non son exemplo de unidade, aínda que é ben certo que son un partido moi familiar—, pero, antes de reclamarlles a outras administracións, o que poderían facer, (*Murmurios.*) poderían facer eles nas cidades onde gobernan, poderían facelo en cidades como A Coruña, Lugo ou Santiago.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pardo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Mire, señor Pardo, a verdade é que o Plan de transporte público de Galicia non debe de estar moi ben, e vostede, claro, tampouco se debe de mover moito por dentro da nosa xeografía galega, porque non sabemos se estamos a falar de Ribeira de Piquín ou de Ferreira de Hong Kong. (*Risos.*) Aclárese, señor Pardo, porque non coñece nada da nosa xeografía galega. (*Aplausos.*)

E, mire, outro conselliño: moitas veces é mellor calidade que cantidade, moitísimas veces é bastante mellor a calidade que a cantidade. Mire, vostede solidarizábase coas Xuventudes Socialistas de Galicia. Non ten nada en que solidarizarse, porque, mire, ¿cantas iniciativas lexislativas populares presentou Novas Xeracións aquí neste Parlamento de Galicia? ¿Non lles deixan? ¿Non lles deixa a Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular? Porque, mire, tamén ten que facerse mirar o de cando o deixa intervir aquí o Grupo Parlamentario Popular. Déixao facer ¿que labor?, ¿que papel? —como o que fixo hoxe vostede aquí pola mañá—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, ao mellor é que quere coller a her-



danza dalgún exdeputado autonómico que estivo aquí, como o señor Tellado, que nos tiña moi acostumados ás intervencións que está a facer vostede. *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Calidade, señor Pardo, e non tanta cantidade! *(Aplausos.)*

Mire, señor Pardo, vostede veu aquí falar de que era o presidente de Nuevas Generaciones de Galicia. Mire, non se entera de nada do que acontece na súa organización, porque vostede hoxe vai votar en contra do que están solicitando militantes da súa propia organización xuvenil e porque hai militantes —e non diga que non, señor Pardo— que asinaron a iniciativa lexislativa popular de Xuventudes Socialistas de Galicia. Polo tanto, preocúpese máis do que pasa dentro da súa organización e non veña preocuparse tanto do que está a pasar no PSdeG, do presidente do Goberno, etc. Preocúpese da súa organización, que ao mellor lle moven tamén o sillón. Polo tanto, señor Pardo, vostede nin se entera do que lle están a pedir os militantes da súa propia organización que están de acordo con esta iniciativa lexislativa popular, que así o amosaron e así asinaron esta iniciativa lexislativa popular.

Polo tanto, están amosando que respecto do Plan de transporte público de Galicia —ese que vostedes venden como tan magnífico, que non ten ningunha traba e que non ten ningún problema— militantes da súa propia organización —da que vostede preside— non están de acordo. Están de acordo co que din as Xuventudes Socialistas de Galicia e co que di este grupo parlamentario do PSdeG. Vostede entón, señor Pardo, ¿a quen representa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿A quen representa? ¿As Novas Xeracións de Galicia ou ao Partido Popular? Déixense de tanto servilismo, porque parece que o Grupo Parlamentario Popular, a Xunta de Galicia e a organización xuvenil do Partido Popular van por derroteiros distintos. Polo tanto, vostede ¿a quen representa?, ¿as Novas Xeracións?, ¿ao Partido Popular de Galicia?, porque non van en sintonía. Mire, señor Pardo, hoxe vostedes van votar en contra dos mozos, incluso dos da súa propia organización. Pídlolles, señor Pardo, que escoiten tamén os militantes da súa propia organización que asinaron esta iniciativa lexislativa popular.

Un dos puntos que traíamos nesta iniciativa e que nos parece moi importante —ao que tamén facía referencia o deputado do Bloque Nacionalista Galego— é que nós pedimos ampliar as prestacións de mobilidade existentes para os menores de 21 anos a todos os menores de 30 anos. Porque nós consideramos que con esta medida —porque vostedes non consideran xuventude aos que teñen 22, 23, 24, 25 e ata os 30 anos— están a discriminar, ademais, a xuventude do rural respecto da xuventude das cidades; porque a xuventude do rural ten que empregar estes bonos, sobre todo, para traxectos máis ordinarios, de estudos; e a das cidades pode empregar estes bonos para o ocio. Pero é que queremos saber cal é o criterio que adoptou a Xunta de Galicia para limitar estas bonificacións aos menores de 21 anos. ¿Por que ese límite de 21 anos? ¿En que se basearon para tomar esa decisión?

Porque, mire, con esa decisión de limitalas aos menores de 21 a Xunta de Galicia non só lles leva a contraria aos seus militantes máis mozos que asinaron esta iniciativa lexislativa popular, senón a todos os parámetros europeos. Pero é que incluso lles levan a contraria ás propias leis que parten da propia Xunta de Galicia. Mire, na Lei de xuventude de Galicia, do ano 2012 —que partía do Goberno autonómico do Partido Popular—, no seu preámbulo di que as persoas novas son aquelas que teñen entre 14 e 30 anos —e ambos incluídos, os de 14 e os de 30—. No artigo 2.2 da Lei de xuventude de Galicia do ano 2012, do propio Partido



Popular, di que xente nova son as persoas que están entre os 14 e os 30 anos, ambos incluídos. E despois veñen con esta Tarxeta Xente Nova para a mobilidade que só fala da xuventude ata os 21 anos. Polo tanto, nós entendemos que é de xustiza ampliar esas prestacións a todos os menores de 30 anos.

Voulle coller unhas palabras súas, señor Pardo, xa que pola mañá dicía: «Únanse a nós para axudar a nosa mocidade co tema da vivenda». E eu o que lle pido é: únense a nós para axudar a nosa mocidade a desprazarse dignamente, en condicións de seguridade e de non discriminación, por todo o territorio galego. Eu xa vexo que vostede non emprega moito o transporte público e que non coñece moito a xeografía galega, pero, se funcionase mellor ese plan de transporte público, seguramente coñecería moito mellor determinados lugares moi fermosos da nosa xeografía. Vostedes hoxe, unha vez máis, están a dicirlles «non» aos problemas de mobilidade dos mozos galegos. E a verdade é que o lamento, láméntoo profundamente, e máis que veña defender un «non» por parte do Grupo Parlamentario Popular unha persoa que se supón nova. Pero, bueno, xa vexo que nin sequera controla os problemas que hai dentro da súa propia organización.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para negociar coas entidades financeiras a constitución dun fondo de rescate hipotecario**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

O Grupo Parlamentario do BNG trae hoxe a este Parlamento, ao Parlamento galego, un debate que consideramos necesario e urxente sobre o problema da suba dos tipos de xuro bancarios, da conseguinte suba do euríbor e da conseguinte suba das hipotecas, das que se contraten a partir de agora mais tamén das anteriores, daquelas que foron contratadas no seu día a tipos de xuro variábel —que son nas que queremos centrar este debate—.

Diferentes organismos públicos e privados coinciden en que hoxe o 75 % das hipotecas vivas —aquelas que están a pagar as familias na actualidade— pertencen a este tipo de hipotecas, as contratadas a tipo de xuro variábel. Na Galiza o número ascende a 120.000; é dicir, 120.000 familias galegas pagan todos os meses unha cota hipotecaria que se revisa periodicamente. Na maioría dos casos esta revisión é anual, e en practicamente todos os casos o índice que se aplica para a revisión da hipoteca, para a revisión da cota mensual, é o euríbor. Este índice,





establecido polo mercado interbancario europeo, pasou nos últimos meses de estar en negativo, no  $-0,47\%$  en xaneiro do 2022, ao  $3,33\%$  en xaneiro de 2023 —o nivel máis alto desde o ano 2008—. E, atendendo aos anuncios do Banco Central Europeo, vai subir aínda máis.

A consecuencia económica para as familias é un encarecemento da súa cota hipotecaria, que pode ir desde un  $35\%$  a un  $60\%$  dependendo de moitos factores, como, por suposto, a cantidade do préstamo, a antigüidade da hipoteca e o diferencial sobre o euríbor contratado. ¿Canto representa este encarecemento en euros contantes e soantes? Pois, segundo o Instituto Nacional de Estatística, o importe medio que pagan as hipotecas galegas é de algo máis de 500 euros ao mes, polo que unha suba de entre o  $35\%$  e o  $60\%$  significa aumentar a cota mensual entre 180 e 300 euros máis todos os meses, ¡entre 180 e 300 euros máis todos os meses! Moitas familias galegas pasarán de pagar cotas mensuais de 500 euros a pagar cotas de 680 euros e mesmo de 800 euros todos os meses.

Esta suba vai colocar estas familias nunha situación moi difícil, porque, ademais, esta suba das cotas hipotecarias prodúcese nun contexto de inflación disparada, nun contexto de suba xeneralizada dos prezos e de perda de poder adquisitivo dos salarios. Porque os prezos —sobre todo os prezos de produtos básicos, como son a electricidade, os combustíbeis e outros produtos básicos da cesta da compra, como os alimentos— aumentan máis cós salarios, sobre todo aquí na Galiza. É dicir, as familias galegas soportan unha inflación moito máis alta cá media do Estado español. O IPC galego rematou o ano no  $6,4\%$  fronte ao  $5,7\%$  estatal se atendemos ás variacións interanuais. E, se collemos a media anual do IPC galego no ano 2022, está en 9 puntos fronte aos 8,4 estatais. Mídase dun xeito ou doutro, a inflación é moito máis elevada no noso país, polo que este encarecemento da cota mensual hipotecaria chega precisamente nun momento en que a renda dispoñíbel dos fogares galegos está especialmente reducida. E isto non é unha opinión particular deste deputado ou do BNG, é unha opinión universalmente aceptada e asentada.

A título de exemplo, desde o propio sector da banca —un sector que ten arte e parte neste problema— e desde unha perspectiva timorata pero significativa, Gonzalo Cortázar, conse lleiro delegado de CaixaBank, manifestou durante unha presentación de resultados do seu banco que os clientes con hipoteca variábel antes da suba de tipos destinaban de media o  $25\%$  dos seus ingresos a pagar as cotas e agora necesitarán un  $30\%$ .

Desde outra perspectiva, a OIT, a Organización Internacional do Traballo, nun informe de mediados do ano 2022 referido á situación salarial no Estado español xa alertaba de dúas cousas: a primeira, que os salarios reais baixaron durante o ano 2022 polos efectos da inflación; e, a segunda, que a suba dos tipos de xuro e das cotas hipotecarias poden poñer en apuros moitas familias no Estado español.

En último lugar, o xornal de cabeceira do Partido Popular, hoxe mesmo di: «A suba do euríbor está a encarecer rapidamente o recibo mensual de moitas familias, que enfrontan importantes dificultades para facerlle fronte». E podía poñer máis exemplos.

Insisto, 120.000 familias galegas van sufrir un aumento da súa cota hipotecaria de entre un  $35\%$  e un  $60\%$  xusto nun momento en que a súa capacidade de gasto xa está moi reducida,



moi minguada, por efecto da inflación. Moitas familias galegas van pasar apuros para pagar as súas cotas hipotecarias mensuais. ¿E que opina a Xunta de Galiza? Pois basicamente que a saúde financeira das familias galegas é boa. Esta foi resumidamente a resposta do director xeral de Política Financeira e Tesouro, da Xunta de Galiza, a unha pregunta realizada polo BNG a respecto do problema do encarecemento das hipotecas. A resposta é que a saúde financeira das familias galegas é boa, ou, dito doutro xeito, que a Xunta de Galiza non está neste problema nin se espera.

O que pretendemos desde o BNG é que a Xunta se implique neste problema, que o Goberno galego asuma as súas responsabilidades, que tome cartas no asunto e asuma unha posición activa para axudar as familias que o pasan mal, familias que ven minguar a súa capacidade de gasto por causa da inflación e que agora reciben outro duro golpe nas súas economías, nas súas vidas, por causa do encarecemento das hipotecas. E desde logo que os beneficios récord dos principais bancos e o rescate bancario que recibiron durante a última crise financeira e económica teñen que estar presentes no debate. Deben terse en consideración e deben ser parte da solución agora que son as familias as que precisan dun rescate. A magnitude do rescate bancario e as súas consecuencias para as arcas públicas e para toda a sociedade nunca serán debidamente ponderadas. Non só fixemos achegas ao capital dos bancos, non só asumimos a constitución dun banco malo que dixerise os activos tóxicos da banca e que aínda hoxe segue precisando de recapitalizacións, non só seguimos descontándolles as perdas daqueles anos nas súas declaracións actuais a través de créditos fiscais, senón que, ademais, os bancos recibiron inxentes cantidades de diñeiro a través dos diferentes instrumentos de financiamento que o Banco Central Europeo puxo á súa disposición; un rescate moi por enriba dos 120.000 millóns de euros —segundo estiman algúns analistas— que tivo graves consecuencias para as arcas públicas que perduran hoxe en día e que condicionan, por exemplo, a capacidade de resposta do Estado para afrontar a presente crise, así como consecuencias para toda a sociedade en xeral en forma de recortes salariais, de pensións e de servizos públicos.

Aquel rescate bancario hipotecounos a todos e todas sen excepción, sen contrato e sen revisión. Hoxe, como dicía, os principais bancos do Estado español presumen de situación saneada e de beneficios récord — máis de 20.000 millóns de euros de beneficios entre as seis principais entidades do Estado español, máis de 20.000 millóns de euros—. Este beneficio récord do ano 2022 estiman que vai aumentar no presente exercicio do ano 2023, entre outras cousas, polo encarecemento das cotas hipotecarias. No BNG consideramos, defendemos, que o pobo tamén ten dereito a revisar esa outra hipoteca que foi o rescate bancario. Defendemos o noso dereito a recuperar todo ou, cando menos, unha parte significativa do diñeiro que lles entregamos aos bancos, e consideramos que agora é o momento oportuno. Agora son as familias as que precisan un rescate e agora son os bancos os que deben facer parte da solución.

Non nos gusta e non estamos de acordo coa saída ou solución deseñada polo Goberno estatal a través dun código de boas prácticas que basicamente o que fai é adiar as débedas aumentándoas e, en última instancia, promover a dación da vivenda en pago da hipoteca. Parécenos unha solución excesivamente aséptica, como pretender curar unha pneumonía con placebo.



E a Xunta de Galiza, o Goberno galego, ten competencias en protección do consumidor, ten competencias en materia de vivenda. E, sobre todo, máis aló das competencias ten a responsabilidade, como Goberno galego, de liderar o país. Iso significa actuar para resolver os problemas dos galegos e galegas, que lle outorgaron a súa confianza. Non pode borrarse da escena, non pode borrarse deste problema nin acomodarse na seguridade de que as familias galegas van aguantar o tirón. Porque iso foi o que contestou o director xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galiza.

Pedimos o apoio para esta proposta do BNG, que procura constituír un fondo de rescate para as persoas hipotecadas en situación de risco, mais, sobre todo, procuramos que o Parlamento galego se manifeste a favor de recuperar para as familias galegas que o necesiten parte do diñeiro que no seu día entregamos aos bancos e que o Goberno galego tome cartas no asunto, como correspondería a un goberno merecente de tal nome.

Máis nada, polo de agora, e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Alfonso.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, somos conscientes dende o Grupo Parlamentario Socialista de que neste momento de desaceleración no ritmo de crecemento económico e de amplo crecemento dos prezos, as familias están soportando unha situación de debilidade financeira en moitísimos casos. Hai unha perda de poder adquisitivo dos salarios, incrementos dos custos do consumo básico, incrementos na alimentación, un conxunto de factores aos que se suma tamén unha suba dos tipos de interese que vén repercutida na suba do euríbor e que vai marcar a dinámica da economía de tantas familias galegas ao longo de todos os meses vindeiros. E nós temos que ter claro que en calquera economía avanzada a solidez dos mercados hipotecarios é fundamental. Porque, cando queremos mercar unha vivenda, cando queremos mercar unha casa cuxo posible financiamento soamente pode vir dos mercados financeiros, necesitamos ter amplitude, necesitamos ter solvencia, necesitamos ter estabilidade no sistema financeiro, porque é un determinante fundamental das posibilidades de desenvolvemento que existen nas distintas economías do mundo, e, en definitiva, como canalizar o aforro cara ao investimento a través dos nosos sistemas financeiros bancarios e, especificamente, dos mercados hipotecarios.

Esta é unha construción que se desenvolveu nas economías avanzadas ao longo de moitos séculos e de moitos anos. E agora, neste momento, estase experimentando unha suba dos tipos de interese que ten unha enorme repercusión. Non estamos tendo os tipos de interese máis altos que se recordan nas últimas décadas, pero si o máis alto en moitos anos e tamén en máis dunha década. E, sobre todo, a suba que estamos vivindo dos tipos de interese é especialmente brusca e acelerada. Tamén somos conscientes de que esta suba brusca e acelerada, implementada pola Reserva Federal con carácter previo ao propio Banco Central Europeo, terá que ser analizada polo miúdo se non queremos que de novo ese tipo de medi-



das poidan ter implicacións negativas cara ao crecemento económico e cara á xeración de emprego na Unión Europea.

Neste escenario, no que despois de ter tipos de interese moi baixos, ou practicamente negativos, dende alá polo 2014 ata hai dous anos, temos que afrontar con garantías e con seguridade xurídica medidas que permitan apoiar as familias que teñen máis dificultades; porque, no fondo todo, o sistema económico e todo o sistema financeiro ten que ter estabilidade e seguridade xurídica para ser coherente cun fin de interese social que permita o benestar e que permita favorecer o conxunto das familias do país. Sabemos que hai moitas familias que teñen dificultades para chegar a fin de mes. Contaba eu esta mañá, e nesta mesma sede parlamentaria, como se poden cuantificar as reducións en consumo, as reducións en hábitos alimentarios, os cambios na cesta básica de tantas familias en Galicia. E sabemos á vez que tamén a banca está tendo beneficios moi importantes, incrementos de beneficios multimillonarios, nestes momentos nos que, ademais, o sistema financeiro español non está repercutindo nos depósitos a suba dos tipos de interese no mesmo nivel que a están repercutindo outras economías europeas.

Polo tanto, sabemos que a banca ten que ter unha responsabilidade social corporativa, ten que ter un comportamento exemplar e devolver á sociedade tantos compromisos manifestos e tantos millóns percibidos. E, en todo caso, debe estar sempre o Estado para ter a capacidade de garantir ese interese social que debe tamén ter a banca e o mercado financeiro. Témolos que facer porque na sociedade española, agora que as familias teñen moitas dificultades, todos lembramos como na etapa da gran recesión e coa posterior crise financeira houbo que saír ao rescate do sistema bancario; un rescate que foi importante para moitas entidades pero que foi importante para todas elas, incluso para as non intervidas. Porque o risco de crise sistémica ou de caída das pezas do dominó no sistema financeiro podía levar unha tras outra a un sistema de colapso. Polo tanto, todas teñen tamén un compromiso de débito, un compromiso de aposta, para sacar adiante o país nestes momentos de dificultades.

E xustamente agora é cando estamos vendo como nesta crise existe unha innovación nas políticas públicas que está permitindo dar respostas moi importantes para a xente —que non se deron na anterior crise económica, cando a dereita xestionou a saída— e facer fronte aos momentos máis complexos; unha innovación que está permitindo dende a época da covid moitas medidas importantes e que o está permitindo agora tamén. Eu despregaba pola mañá medidas como unha suba moi importante das pensións, ou respecto do ingreso mínimo vital, ou de mecanismos que na outra crise financeira non se falaba e agora si.

E, polo tanto, cando temos en España un goberno que está tendo a capacidade de innovar nas políticas públicas para poñer as posibilidades ao servizo da xente, temos que afrontar tamén co máximo rigor todas as posibilidades para facer fronte ao problema das subas das hipotecas e para, por unha banda, respectar o mercado hipotecario e darlle estabilidade, amplitude e solvencia, pero tamén para primar as dificultades que teñen as familias a través de distintos mecanismos. E aí existen distintas baterías de accións, dende aquelas que van buscando axudas e acordos co propio sistema financeiro a aquelas que poidan ir a través de axudas públicas entendidas como compromisos sociais dende as administracións públicas coas familias que teñen máis dificultades. Esa é parte da innovación que está tamén enriba da



mesa da política española, da política galega e que tamén se está a instalar na política europea. E é por iso que, cando houbo avances neste tempo, por exemplo, plantexando un imposto á banca que pode permitir recadar moitos cartos, miles de millóns de euros —cunha contribución, por exemplo, dos cinco grandes bancos en España estimada en mil millóns de euros—, temos algo que é positivo para o país. Terán que estudar toda a solvencia xurídica e facelo con acerto, pero eu creo que é dicirlle ao país e tamén á banca que teñen que contribuir á saída nestes momentos de dificultades.

Queremos, polo tanto, marcar unha pauta de compromiso. E nesa liña houbo avances e innovacións no Goberno de España, que estamos vendo tamén como funcionan a través dunha ampliación dun código para as familias de clase media en risco de vulneración e, especialmente, para aquelas familias que, percibindo menos de 25.000 euros e en función tamén dunha serie de variables, poidan ter axudas importantes.

O certo é que os indicadores que trasladou o Banco de España para o ano 2022 non reflicten un incremento da morosidade, e tamén, se estudamos o estado de contas de distintos bancos, podemos ver como o nivel de impagos baixou no ano 2022. Pero tamén somos conscientes de que é agora, cando se están actualizando tantas hipotecas e despois de meses consecutivos de suba dos tipos de interese polo Banco Central —e van seguir subindo—, cando temos que ter todas as alarmas acendidas. Porque hoxe hai máis de cen mil familias galegas que están pendentes do incremento da súa hipoteca de tipo variable. E é por iso que, sendo conscientes de que apenas se recibiron ata agora solicitudes no plan de alivio hipotecario no primeiro mes de funcionamento, isto pódese ampliar e pode non ser suficiente.

Dende logo, parécenos tamén axeitado incorporar no debate da autonomía galega que posibilidades ten o Goberno da Xunta de Galicia e que vontade ten o Goberno da Xunta de Galicia, que ten os maiores orzamentos da historia de Galicia, para poñerse a carón daquelas familias que en situación de vulnerabilidade se atopan cun incremento substancial nos seus pagos de cotas hipotecarias ás que non poidan facer fronte ou daquelas ás que lles mermen de forma fundamental o seu benestar.

E temos que estudialo, porque sabemos que hai un debate de xustiza e, en definitiva, de equidade entre uns clientes hipotecarios e outros. Hai tamén un elemento de comparación con factores fronte ao alugueiro, pero no fondo temos que entender que, cando hai un risco de moitas familias, a defensa do dereito á vivenda debe primar sobre outras cuestións. E, polo tanto, creo que debemos abrírnos e que o Goberno galego ten que empezar tamén a traballar en todas as posibilidades de innovación para estar ao carón das familias galegas que teñen máis dificultades, porque moitas delas están vendo agora neste mes como a súa cota hipotecaria se duplica con respecto a que tiña hai un ano.

É o momento de poder facelo, é o momento de que o Partido Popular, tamén dende Galicia, se poña, por unha banda, a carón do Goberno de España coa disposición de establecer un imposto aos amplos beneficios da gran banca do noso país, e de facelo de forma cooperativa para buscar a fórmula xurídica que sexa estable e solvente pero que amose que en momentos de dificultades o pacto de rendas —que tamén vostedes plantexan de forma tan reiterada— pasa de forma insubstituíble por que a banca contribúa á renda do noso país.



É unha forma de contribuír ás rendas e que, deses beneficios multitudinarios, a banca drene fondos cara ás familias que teñen máis dificultades. É algo que beneficiará as familias pero beneficiará o país, beneficiará os dereitos dos galegos e galegas, para que poidan buscar unha carencia, un aprazamento ou unha renegociación. Pero é tamén unha forma de facer unha sociedade máis inclusiva, máis forte, na que a banca non pode ser simplemente un elemento depredador buscando beneficios multimillonarios nos momentos de máis dificultades, que poden ter lexitimidade en recibilos pero que non teñen a lexitimidade social que ten defender o dereito á vivenda e o benestar dos galegos e das galegas.

E nesa perspectiva, dende logo, nós cremos que, cando hai 175.000 hipotecas en Galicia, cando tres de cada catro teñen tipos variables e hai máis de cen mil fogares que hoxe mesmo están tendo unha dificultade maior, temos que facer eses deberes e dende logo abrírnos a un debate en Galicia para ver se podemos contribuír. Se axudamos as familias que teñen dificultades para pagar a luz, para pagar a calefacción, se apoiamos as familias que teñen dificultades para facer fronte a tantos gastos, este é un gasto fundamental ao que moitas familias non poden facer fronte; polo tanto, vai ser tamén unha responsabilidade do conxunto das administracións públicas, do Goberno de España e tamén do Goberno galego, estudar como facelo.

O Goberno de España ampliou o Código de boas prácticas na liña correcta. Veremos se é suficiente ou, sen dúbida, se hai que amplialo; porque, dende logo, os socialistas galegos estaremos sempre en defensa do benestar, con solvencia xurídica pero primando o interese dos que teñen máis dificultades. Ese é o noso ADN, a xustiza social.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

**A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Creo que convén realizar unha análise da situación na que nos atopamos, e para iso é necesario contextualizala con certa perspectiva histórica e, sobre todo, lembrar a situación da que partimos e a situación na que nos atopamos na actualidade.

Señorías, un contexto económico no que se opera con tipos de xuro negativos é indicativo de que algo non está a funcionar correctamente na economía, do mesmo xeito que unha situación con taxas moi elevadas indica que algo hai que corrixir. Coa chegada da crise financeira global iniciábase unha etapa caracterizada por baixos niveis de inflación durante a cal o Banco Central Europeo mantivo unha política de baixos tipos de xuro nun intento de estimular a economía. O ano 2020 supuxo un punto de inflexión debido á profunda crise provocada pola pandemia mundial, na que as principais economías do noso entorno sufriron caídas sen precedentes. Con posterioridade, a reactivación económica trouxo aparelado un



importante incremento da demanda a nivel global, que, cos problemas de abastecemento derivados da escaseza de certas subministracións e de cuellos de botella na loxística, propiciará a mediados de 2021 un aumento da inflación, que inicialmente o goberno de Pedro Sánchez consideraba que sería unha situación transitoria e que os prezos se estabilizarían na primavera de 2022.

Señorías, nada máis lonxe da realidade, xa que, co paso dos meses se corroboraba todo o contrario. Sufrimos unha permanente e intensa subida dos prezos empuxados polo compoñente enerxético como consecuencia da caótica e intransixente política enerxética do Partido Socialista. Estes factores víronse agravados coa invasión rusa contra Ucraína, que agudizou o incremento dos prezos da enerxía e das materias primas e elevou a inflación a niveis nunca vistos a nivel global. Neste contexto de elevadas e persistentes presións inflacionistas, os bancos centrais de todo o mundo foron reaccionando e eliminando os estímulos que se establecen e xirando a orientación das súas políticas monetarias. Este cambio na orientación da política monetaria trasladouse con rapidez aos mercados e iniciouse un ciclo de subida nos diferentes tipos de xuro, tanto no euríbor como na débeda.

Todo parece indicar que a inflación, aínda que en senda descendente, se manterá elevada — sobre todo no que se refire á subxacente— e por encima do obxectivo do Banco Central Europeo, polo que cabe esperar que a institución monetaria siga endurecendo a política de tipos de xuro.

Este contexto de endurecemento nas condicións de financiamento afecta a situación financeira das familias, que en termos xerais están nunha mellor posición para facer fronte a este incremento das cargas financeiras que en situacións anteriores. Pero, señor Fernández Alfonso, esta non é unha valoración desta deputada, nin tan sequera do director xeral. Eu insíto a que lea basicamente a xustificación que recolle o propio Real decreto 19/2022, que establece ese Código de boas prácticas bancarias e no que a propia vicepresidenta económica fala da mellor situación, neste caso, das familias. Basicamente, o que establece ese código de boas prácticas é que fala dunha mellora estrutural da posición financeira das familias, con máis aforro e menos endebedamento, se a comparamos coa crise financeira anterior. E ese real decreto ao que as súas señorías fixeron referencia, o Real decreto 19/2022, do 22 de novembro, recupera moitas medidas do Real decreto lei 6/2012 implantadas por un goberno do Partido Popular tras a calamitosa xestión do señor Rodríguez Zapatero.

O Goberno estatal, aínda que cremos —na nosa opinión— que algo tarde, logo da cronoloxía que debullei con anterioridade, actualizou o decreto lei para protexer os debedores hipotecarios centrándose, pois, no colectivo beneficiario ante esta nova situación da crise socioeconómica derivada da inflación e da alza do custo da vida; unha crise que comezou en outono do ano 2021, cando non existía atisbo ningún da guerra de Ucraína, aínda que a sociedade empezaba a sufrir a mala xestión económica do goberno de Pedro Sánchez agudizada pola pandemia. Neste senso, quero darlles a benvida e o agradecemento tanto a socialistas como a nacionalistas por implantar —uns— e apoiar —outros— unha medida que levaba reclamando o Partido Popular durante meses e que tanto axudou os debedores hipotecarios na crise anterior.

E aquí, señorías, é cando se ve a verdadeira demagogia política do Bloque Nacionalista Galego. Señor Fernández Alfonso, falaba vostede de placebo. E dígolle eu: ¿acaso non é cons-



ciente que o seu deputado, o señor Rego, votou a favor da validación do Real decreto lei 19/2022, ao que fixen referencia con anterioridade?, ¿ou acaso non está de acordo con aliviar a suba dos tipos de interese nos préstamos hipotecarios sobre a vivenda habitual aos que máis o necesitan? E fágolle unha terceira cuestión: ¿arrepíntense ou teñen unha mala conciencia por aprobar a validación do Real decreto lei 19/2022 na cámara baixa, unha medida que claramente prevé protexer as familias que viron incrementada a súa carga financeira?

Espero que me conteste no seu turno, porque é curioso que presenten unha iniciativa sendo plenamente conscientes de que compete ao Goberno estatal. E, mire, boa proba diso é a validación deste real decreto lei que lle estou a comentar, do Código de boas prácticas, precisamente para aliviar a subida dos tipos de interese nos préstamos hipotecarios sobre a vivenda habitual; unha validación do Real decreto lei 19/2022 que contou co voto favorable do seu partido, do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista e do Partido Popular. Non entendemos que non fagan mención. Basicamente, onde se ten que debater é no Congreso dos Deputados, que é o seo do seu debate.

Mire, o que pretende con esta iniciativa basicamente é plantexar falsas promesas que se desmontan por si soas, señor Fernández. Tanto é así que, con esta proposición non de lei, pretenden que os galegos paguen o que lle corresponde resolver ao seu socio de goberno, ao Partido Socialista, que é o que goberna no Estado. Con esta proposición non de lei pretende prexudicar os galegos e as galegas coas condicións que vostede mantén na súa parte resolutive, porque basicamente o Real decreto lei 19/2022 respalda e beneficia a debedores hipotecarios de vivendas habituais que están a pasar certas dificultades económicas. E coas súas condicións moitos galegos quedarán fóra. Probablemente presentaron nesta Cámara esta iniciativa por pura demagogia política, pero, dende logo, non conten con nós para implantar medidas que prexudiquen os galegos que peor o están a pasar.

E, señor Caballero, levo observando atentamente as súas intervencións, e basicamente eu creo que descoñece moitas das iniciativas levadas polo Goberno galego para aliviar a carga dos fogares galegos por causa do incremento de prezos. Véxome na obriga de explicarlle moitas delas, como pode ser a deflactación con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2022 dos tres primeiros tramos do IRPF, a redución do tramo máis baixo da tarifa e o aumento de mínimos persoal e familiar, medidas que beneficiarán con máis intensidade as rendas máis modestas.

No ámbito social podemos falar de moitísimas iniciativas, como é a gratuidade das escolas infantís, o bono social térmico —que beneficiou a máis de 66.000 familias—, ou mesmo podemos falar do programa «Sen teito» co fin de mediar e protexer os fogares máis vulnerables para que poidan facer fronte ao pago dun alugueiro. De feito, Galicia dispón especificamente dun plan de atención ás persoas sen fogar.

Pero, mire, vostede precisamente, señor Caballero, facía mención ao gravame aos bancos, e véxome na obriga, basicamente, señor Caballero, de falar de aspectos que son controvertidos e que vostede deixou a un lado —probablemente para non entrar no debate da cuestión—, como o procedemento utilizado, sen informes preceptivos como é o do Consello de Estado, que grave a marxe de intereses sen ter en conta o resultado final do exercicio económico,





que non se grave a todos os suxeitos, ou non analizar o obxecto que terá nuns momentos de tanta complexidade. E a verdade é que, despois de escoitalo a vostede, me quedaron certas dúbidas do que vai facer con esta proposición non de lei, non sei se vai facer unha emenda á totalidade ao goberno do Partido Socialista a nivel español ou vai apoiar unha medida que pretende prexudicar os galegos e as galegas. Entendemos que o establecemento dunha prestación desta natureza —estou a falar do gravame aos bancos— debería contar coas máximas garantías xurídicas e tamén coas garantías económicas. Con estas medidas, do que non se dan conta é que, basicamente, este gravame vai prexudicar os clientes financeiros. Pero vostedes seguen tamén situados nesa demagogia permanente, incapaces de protexer os galegos e capaces de protexer os seus propios votos.

Probablemente, as entidades financeiras, tal e como anunciaron, van presentar os diferentes recursos. Veremos. Veremos, señor Caballero, o percorrido que teñen nos tribunais e veremos se este goberno non deixa un burato nas contas públicas que teña que devolver o próximo goberno.

Xa, para concluír, vostedes pretenden que Galicia cree e financie un fondo de rescate hipotecario cando son plenamente conscientes de que esta é unha medida de competencia estatal. Con esta medida pretenden prexudicar os galegos que deben asumir con recursos propios o que lle corresponde pagar á Administración central. E despois dirán que defenden a Galicia. Polo tanto, comprenderán que non imos prexudicar os galegos co noso voto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Alfonzo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Boa tarde de novo.

Certamente, o feito de non existir emendas xa nos facía pensar o peor. Cando os grupos parlamentarios non teñen nada que achegar ou modificar da nosa proposta significa ou ben que estiman que é válida tal como está ou, como parece acontecer neste caso, que nin sequera a toman en consideración.

Resumidamente, tanto uns coma outros están encantados coa solución placebo, co código de boas prácticas, e convencidos de que as familias galegas poden con todo. Supoño que agora, á ladaíña do «sentidiño» do Partido Popular, engadirán algo así como «non hai problema, somos pagadoriños». Pero no BNG non estamos de acordo, sobre todo porque, como recoñecía o propio señor Caballero, estes datos son do ano 2022 e será agora, no do ano 2023, cando se produzan as maiores subas.

Eu comezaba dicindo que o BNG trae ao Parlamento galego unha proposta necesaria e urxente. Comezaba así por se alguén dubidaba de que nós souberamos onde estamos, o que facemos aquí ou cal é o marco competencial. Sabemos perfectamente onde estamos, pero máis importante aínda é que sabemos perfectamente a quen representamos, e traballamos



e actuamos desde a convicción de que exercer esa representación significa tamén adaptar os marcos competenciais ás necesidades das persoas, particularmente ás necesidades das persoas máis vulnerábeis, para atendelas desde criterios de xustiza social. ¡Xustiza social! ¿Como se concilia coa xustiza social que mentres os bancos que rescatamos todos e todas baten récords de beneficios haxa persoas afogadas pola suba das hipotecas? ¿Como se concilia coa xustiza social que haxa familias afogadas polas hipotecas e que a banca oculte as súas actividades a través de paraísos fiscais para non pagar impostos? ¿Como se concilia isto xa non coa xustiza social, senón coa boa xestión económica? Porque, ademais, a redución do consumo das familias afecta, sobre todo, autónomos e autónomas e pequenas empresas, e lastra o crecemento económico de Galiza, como poñen de manifesto todos os indicadores económicos. Hoxe son as familias galegas as que precisan liquidez, e todos os indicadores din que ese consumo é fundamental para a boa marcha da economía galega. Se a Xunta de Galiza non atende a razóns de xustiza social e non atende a razóns de xestión económica, de garantir os fluxos económicos que alimentan boa parte do noso tecido económico para darlles estabilidade ás familias máis afogadas polas hipotecas, é porque a Xunta de Galiza é un goberno zombi que nin sente nin padece. Ocúltanse detrás de argumentos técnico-administrativos e detrás dunha crítica va e estéril ao Goberno do Estado, sen promover cambios nin facer propostas, pero nunca se enganan de bando cando os intereses da banca están en xogo, sempre a favor da banca; sempre, absolutamente sempre, a favor da banca.

Esta é a razón última, a razón auténtica, da falta de emendas, da falta de argumentos e da falta de interese por un debate que lles resulta moi incómodo porque deixa en evidencia a quen representan e a quen serven.

Pero máis de 120.000 millóns de euros de rescate bancario e máis de 20.000 millóns de euros de beneficios son moitos millóns para ocultar unha verdade cristalina, que esa é realmente a hipoteca que debemos revisar; esa hipoteca que uns poucos nos botaron ao lombo a todos e a todas. A banca sempre cobra as súas débedas. Hoxe tócalle pagar as súas, por xustiza social e porque as familias e a economía galega necesitamos deses recursos.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Fernández Alfonso.

**Proposición non de Lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e D. Ramón Fernández Alfonso, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para reducir a dependencia dos combustibles fósiles e favorecer que Galicia sexa compensada polo seu papel produtor**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*



*Débase substituír o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*<<2. Demandar do Goberno central que se estuden compensacións ás comunidades autónomas que máis enerxía renovable vertan á rede eléctrica estatal.>>*

**O señor PRESIDENTE:** Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Einstein dixo que a intelixencia se mide pola capacidade de cambiar cando é necesario. E hoxe vimos desde o Bloque Nacionalista Galego a esta Cámara, precisamente, a pedirlle ao Partido Popular que governe con intelixencia; intelixencia para cambiar unha política económica de submisión a intereses alleos por unha política económica que poña as necesidades dos galegos e das galegas no centro; intelixencia para mudar unha política enerxética decidida por e para os *lobbys* eléctricos por unha política enerxética que estea a favor, realmente, do desenvolvemento económico e social deste país; e intelixencia para que Galiza deixe de quedar atrás, como está a quedar constantemente con eles, en absolutamente todos os debates sobre os cambios que implica a crise e a emerxencia climática.

Señorías, estamos nun momento no que son necesarios cambios no sector enerxético, estamos nun momento no que outras comunidades están sabendo facer o que Galiza é incapaz de facer co Goberno do Partido Popular: anticiparse, marcar os tempos e posicionar os seus intereses ante os demais. Por iso traemos hoxe unha proposta de medidas en materia de enerxía, porque precisamos adaptarnos aos cambios. E, ante esa necesidade de cambio, o máis intelixente neste momento é apostar por unha planificación enerxética propia, decidida desde nós e para nós e que evite, sobre todo, repetir no século XXI os mesmos erros que xa se tiveron no século XX.

Precisamos ter unha folla de ruta propia que impida, insisto, que a expansión da eólica e da fotovoltaica de hoxe repita os erros da expansión mineira ou hidráulica do século XX; eses erros que se resumen en que basicamente para nós, para este país, quedou o impacto medioambiental, quedou o impacto social e outros quedaron coas mans cheas de ouro, coas mans cheas dos beneficios que xeraban os nosos recursos naturais.

Lamentablemente, o que estamos a ver é que neste debate acontecen dúas cousas: por unha banda, o noso país vai quedando cara atrás e, por outra banda, Estado e Xunta van en dirección contraria das necesidades do territorio e das maiorías sociais. Estámolo vendo estes días cos cambios normativos que supoñen unha absoluta patente de corso; acabamos de velo. Falabamos hoxe á mañá tamén desa cuestión, desa patente de corso sen precedentes nunha democracia como permitir que se tramiten proxectos sen unha adecuada información pública e sen declaración de impacto ambiental. Por iso hoxe este debate vai de darlle a volta a esa dirección, vai de non perder máis oportunidades e vai de posicionar Galiza nos debates sobre o cambio enerxético.



Porque hoxe se está movendo todo o mundo; estase movendo todo, agás o Partido Popular, agás o noso país. Podemos mirar comunidades presididas polo Partido Popular, como Castela, podemos mirar comunidades presididas Partido Socialista, como é o caso de Aragón, e vemos que todo o mundo está espabilando; todo o mundo menos o sector do grupo parlamentario das risas, o sector San Caetano, que ten a Galiza condenada a unha posición de parálise e que non está posicionándose, (*Aplausos.*) porque a nós foinos tocar o Partido Popular máis submiso aos intereses do Estado e o partido máis submiso aos intereses das grandes eléctricas.

Mais nós traemos esta iniciativa porque non podemos perder máis tempo e, ante a falta de iniciativa do Goberno do Partido Popular, traemos hoxe aquí propostas para que Galiza non quede atrás e que basicamente teñen que ir en dúas direccións, en dous eixos: o primeiro, reducir a dependencia dos combustibles fósiles e loitar contra a emerxencia climática; e o segundo, facer da enerxía un vector de xustiza social e de desenvolvemento económico.

Insistimos unha vez máis en que somos produtores excedentarios, netos, de enerxía eléctrica. Xeramos enerxía, xeramos renovables, cada vez máis renovables, e axudamos solidariamente a outros territorios que non teñen esa capacidade de produción. E a solidariedade está moi ben; o colonialismo, non tanto.

Hoxe reconécese que o do século XX cos ríos, por exemplo, foi colonialismo; incluso voceiros do Partido Socialista, hai escasos quince días, como o presidente de Aragón, o señor Lambán, comparecía a iniciativa propia no seu Parlamento —algo que aquí é exótico case que acontece— para falar da cuestión enerxética, e falaba do século XX, dos ríos e dos casos concretos de Aragón, empregando esa palabra «colonialismo». E falaba de que Aragón non se podía permitir repetir esa historia. A verdade é que os galegos e as galegas somos solidarios e solidarias cos demais, pero basta xa de que esa solidariedade implique tamén perder oportunidades de desenvolvemento económico e tomar decisións que non son intelixentes, e non é intelixente non deixar que este país sexa compensado por ese papel produtor. Poñendo o exemplo da hidráulica, recordo unha vez máis nesta Cámara que hoxe un de cada catro xigavattios/hora que se producen no Estado español con orixe hidráulica teñen orixe en Galiza.

Lexislar para que ese feito obxectivo beneficie os galegos e as galegas é xustiza social, é xustiza económica e é de primeiro de autogoberno. Por iso hoxe, nun momento no que outras comunidades tamén están petando na porta do Estado para exixir unha negociación do modelo enerxético, hoxe, cando é evidente que vai mudar o marco normativo estatal, temos que dar un paso adiante en defensa do noso autogoberno e temos que apostar polo noso propio modelo, temos que regular a nosa situación interior, apostando por máis políticas de eficiencia enerxética e tamén por innovación, temos que apostar por I+D+i en almacenamento e temos que apostar tamén por ordenar cun novo mapa as nosas tecnoloxías. E, por outra banda, temos que tamén defender os nosos intereses a nivel internacional e estatal.

Por iso nós preguntámonos, ante este debate, onde está a Xunta, onde está Galicia. Pois vemos que non está nin se lle espera, que está tendo unha posición absolutamente inexistente, que está na irrelevancia e que está como o crecemento do produto interior bruto, no cero, cero, e iso non pode ser.



Por iso hoxe traemos de novo a esta Cámara este debate, o debate sobre a necesidade de tomar medidas neste ámbito, e tamén, si, unha vez máis, o debate sobre a necesidade de que se compense Galiza polo seu papel produtor excedentario neto de enerxía eléctrica, porque xa abonda, é hora de que este país gañe.

Temos unha vez máis os datos enriba da mesa. Quero recordar os dous últimos informes anuais de Red Eléctrica de España: no 2020 o saldo que exportamos era un 29 por cento da produción; no 2021, cifras similares, exportamos un 27,7 por cento. Ademais, no 2020 por primeira vez —e repetiuse no 2021— xeramos máis enerxía renovable da que consumimos. O avance de 2022, do primeiro semestre, que coñecemos hai poucos días, auspiciaba un lixeiro freo polo impacto da seca que vivimos nos primeiros meses do ano, como pasou no 2017, mais vendo a evolución de decembro, vendo os efectos tamén do clima do inverno, entendemos que os datos irán mellorando. Nós insistimos: non hai que conformarse, hai elementos, como o gran quid da cuestión no sistema enerxético, como o almacenamento, que fican aínda por resolver. Nese ámbito hai que apostar pola innovación. Queda moito por camiñar aínda para ter mecanismos de soporte que permitan ao sistema subsistir cando as renovables non son capaces de xerar, pero, desde logo, Galiza ten potencial para ir no bo camiño, e ese potencial ten que reverter nos galegos e nas galegas; ese potencial non se pode empregar outra vez, como xa pasou no século XX, para que sexan outros territorios os que teñan desenvolvemento económico e industrial, mentres aquí, en Galiza, a industria pasa a ser unha especie en perigo de extinción, e mentres aquí, en Galiza, soportamos as consecuencias medioambientais e sociais e non temos a capacidade —porque se nos nega esa capacidade de decidir— de facer que iso redunde nun maior desenvolvemento económico e social a través dun abaratamento.

Por iso —insistimos—, non hai que conformarse, o que hai que facer é adiantarse, posicionarse nos debates que se están a dar no ámbito do Estado. E hoxe traemos propostas ao respecto en dúas direccións. A primeira ten que ser a de preparación ante a situación de crise climática. Estamos a chegar tarde xa a ese problema. Nós o que defendemos basicamente é unha serie de medidas ao abeiro do impulso dun novo modelo enerxético galego, que ten que ter unha cuestión, ademais, como columna vertebral que ten que ser incuestionable: a protección medioambiental, a protección da biodiversidade, o impulso da participación pública e, por suposto, o consenso social co territorio, o consenso social cos galegos e coas galegas. Nese sentido, apostamos por tres medidas: a primeira, impulsar un mapa de ordenación das tecnoloxías renovables, especialmente a eólica e a fotovoltaica, que son as que se están a desenvolver con máis premura, consensuando, planificando os obxectivos e a distribución, porque temos que ver a foto enteira, o mapa enteiro e os impactos de forma global. En segundo lugar, un plan de intensificación das políticas de eficiencia enerxética, con calendario e orzamento específicos para todo tipo de ámbitos. E en terceiro lugar, retomar o investimento, a aposta por un centro en Galiza para a competitividade I+D+i no almacenamento da enerxía.

E, por último, a segunda gran dirección na que ten que ir este gran cambio, ante o que Galiza se ten que posicionar, é —insistimos unha vez máis— reclamar xustiza social e económica. Se nós producimos, se nós producimos para o resto do Estado, temos que ter, vía peaxes, un abaratamento da nosa factura para que os galegos e as galegas e a economía dos galegos e das galegas e das pequenas e medianas empresas vexa abaratada a súa factura da luz.



Hoxe este debate está absolutamente normalizado. Como cando se deu o debate sobre a existencia ou non da crise climática, o Partido Popular está chegando tarde por ser o máis centralista e o máis papista da clase.

Nós insistimos: Galiza ten todo por gañar, ten recursos excepcionais para preservar a biodiversidade e combinar iso con ser quen de loitar contra o cambio climático e con xerar máis enerxía renovable; que iso sexa un elemento de desenvolvemento económico e social. O que precisamos é un goberno que governe, un goberno intelixente que nos saque da irrelevancia política e que garanta que Galiza non só estea neste debate senón que gañe este debate a nivel de Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Hoxe volvemos debater unha iniciativa sobre a produción enerxética na nosa comunidade. Se partimos —como creo que estamos de acordo os tres grupos parlamentarios— de que o sector enerxético tivo un papel central no desenvolvemento económico e social do noso país, supoño que tamén estaremos de acordo en que o sector enerxético deba seguir tendo ese papel central no desenvolvemento económico e social do noso país.

Seguro, señoras e señores deputados, que tamén compartimos que o emprego de combustibles fósiles non é xa unha opción, e sabemos que a invasión de Ucraína por Putin acelerou todas as previsións feitas para cumprir cos obxectivos da Unión Europea de cara a combater o cambio climático, poñendo de manifesto a vulnerabilidade que supón a dependencia enerxética do exterior en termos de prezo, de confianza e de garantía da subministración. Xa que logo, a política enerxética pasou a ser un tema central dentro da Unión Europea. É verdade que, escoitando as verbas da anterior voceira do Partido Popular, tal parece que a subida da luz en España e en toda a Unión Europea foi debida a Pedro Sánchez. A verdade é que son curiosas algunhas cousas que se verten neste atril, neste Pleno parlamentario.

Ante a realidade que temos, hai opcións que son claras: ou ben apostamos polo despregamento racionalizado de enerxías limpas, aproveitando os fondos europeos, ou seguimos tendo unha dependencia exterior, adquirindo os recursos precisos para poder producir electricidade na nosa comunidade a uns custos que repercuten negativamente nos petos de todas as familias galegas, tal como temos visto dende a invasión de Ucraína por parte de Rusia.

Ante esta situación, o Goberno do Estado adoptou unha serie de medidas para aliviar a factura eléctrica; medidas ás que, por certo, o Partido Popular votou en contra, como a rebaixa do IVE na factura eléctrica, a suspensión do imposto da produción eléctrica, o in-



cremento tanto en contía como en número do Bono Social Eléctrico e Térmico para atender esas familias máis vulnerables ou o acordo acadado entre España e Portugal hai uns meses coa Unión Europea para implementar nos nosos países o tope ibérico para o gas. Un acordo que foi denominado pola dereita deste país como «o timo ibérico», pero é que a realidade é que todos e todas xa notamos os seus beneficios na nosa factura eléctrica dende hai uns meses. Este mecanismo ibérico emprega unha fórmula matemática para limitar o prezo do gas que é repercutido nas ofertas que fixan o prezo do mercado maiorista da electricidade, que é que, ao limitar o prezo do gas ao prezo que se paga por toda a electricidade, se reduce, posto que esta se calcula en función do prezo máis alto ofertado. Esta medida ten un impacto directo no prezo que pagan os consumidores e as consumidoras que estean no mercado regulado ou cunha tarifa variable. Esta medida supuxo un aforro duns 209 euros de media en 2022 para cada un dos fogares españoles con tarifa regulada eléctrica. E isto non o di esta deputada, senón que o di un informe elaborado pola Escola de negocios, Esade. O informe denomínase «*Los efectos del tope del gas en los precios, la inflación y el consumo, seis meses después*». Nel avalíase o funcionamento do mecanismo ibérico dende o 15 de xuño ao 31 de decembro de 2022, e di que son eses 209 euros de media de aforro, que veñen sendo uns 35 euros de media ao mes. Eses 209 euros de media por fogar tradúcense nun total de 1.880 millóns de euros de aforro, asumindo que son uns nove millóns de clientes de luz os que están nesta tarifa. Polo que a baixada experimentada na factura da luz en xaneiro foi case un 30 por cento máis baixa con respecto a decembro de 2022, situándose o recibo medio en Galicia en 55,83 euros para a tarifa regulada.

Conclúe este informe tamén que a excepción ibérica supuxo que a inflación interanual sexa 0,3 puntos máis baixa en España que o que tería acadado se non se adoptase esta medida; unha cuestión que é decisiva para ese diferencial positivo español, en comparación coa media europea, que, como todos e todas vostedes saben, estamos no IPC en España con niveis moito máis baixos que no resto dos países da Unión Europea —aínda que isto non aconteza na nosa comunidade—. Aínda que este tope estaba previsto ata o 31 de maio, pois as últimas negociacións feitas polo Estado español coa Unión Europea van permitir que con este mecanismo se sigan beneficiando todos os consumidores e todas as consumidoras en España durante todo este ano. E, ademais, é unha medida á que se pretende acoller unha boa parte do resto dos estados membros; polo tanto, reafirma aínda máis que é unha medida positiva e que beneficiou as consumidoras e os consumidores do noso país.

Miren, señoras e señores do Partido Popular, durante estes case catorce anos de goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia, a Xunta careceu dun plan eólico que fose adaptado á realidade. Durante estes catorce anos non ampliaron a protección do territorio a través da ampliación da Rede Natura, que segue sendo unha das máis baixas do Estado e da Unión Europea, cun só 11,74 por cento da superficie protexida, a pesar da aprobación dun decreto no ano 2014 polo que se declaran zonas de especial conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director, e a pesar de que a Xunta de Galicia non ampliou esa superficie protexida, incumprindo tamén un mandato emanado polo Parlamento autonómico en xuño de 2017, no que se instaba á ampliación desa Rede Natura. Pero, unha vez máis, a Xunta de Galicia unha cousa é o que aproba neste Parlamento e outra o que despois executa.



Así, a Xunta de Galicia leva anos sen planificar, sen programar, incumprindo o propio Plan de desenvolvemento eólico, sen facer ningunha autocrítica pola tardanza que acumula na tramitación de todos os parques eólicos que teñen —sen tramitación— nun caixón; uns 4.000 megavatios, dos que 2.325 aproximadamente veñen dese concurso eólico aprobado por vostedes, polo Partido Popular, no ano 2010 tras a anulación do plan do Bipartito. O resultado foi que neste mes tiveron que aplicarse, tiveron que traballar, tiveron que contratar non sei cantas persoas para poder emitir en prazo a declaración de impacto ambiental, da que saíron 77 declaracións positivas de parques eólicos, 43 foron rexeitadas e 20 xa non chegaron; é dicir, tiveron que acelerar sen precedentes para poder presentar todas as DIA favorables ou non de todos eses parques que tiñan vostedes metidos no caixón.

Miren, señores e señoras do Partido Popular, hai determinadas cuestións que deberan de ser a base do noso futuro enerxético. Galicia ten que desenvolver as súas potencialidades —que as ten—. En Galicia temos que seguir tendo un sector enerxético que debe ser clave, que debe ser estratéxico para o desenvolvemento social e económico da nosa economía. Temos que aproveitar o recurso que temos —o vento—, temos que aproveitar a cualificación de persoal da que dispoñemos, o que incrementaría as opcións de industrialización e instalación de empresas na nosa comunidade, e temos que aproveitar, nestes anos clave, as nosas potencialidades, porque non podemos volver quedar fóra dos grandes polos de investimento industrial e ser novamente unha comunidade menos competitiva.

O posicionamento do Partido Socialista é claro, e foi claro: temos asinado un pacto —que non vou volver repetir, pero que é bastante coñecido—. Cremos que o sector eólico ten que ter un desenvolvemento racional non en calquera lugar, non de calquera xeito e non en calquera sitio. Polo que, ante esta iniciativa que trae hoxe o Partido do BNG, nós estamos totalmente a favor no punto número 1, posto que reproduce practicamente no seu contido o Pacto polo despregamento da enerxía eólica que temos asinado como Partido Socialista con Comisións Obreiras, con UXT, con Unións Agrarias, con Fademur e con Vento Noso. E, polo tanto, o noso voto vai ser favorable.

E ao punto número 2 fixémoslle unha emenda, porque estamos de acordo con que os territorios produtores de enerxía teñan compensacións; é dicir, estamos de acordo con que Galicia reciba compensacións por ser un produtor de enerxía eólica, pero estamos de acordo en que sexa ben a través de maiores fondos no sistema de financiamento autonómico, ben en maiores investimentos e compensacións con maiores facilidades para o autoconsumo. E estamos de acordo con que se hai algún outro territorio que reciba beneficios por ser produtor de enerxía, Galicia queremos que sexa, polo menos, tratada nas mesmas condicións.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Polo que lle pedimos ao partido do BNG que nos deixe votar por puntos, se isto é posible.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.





Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Bueno, antes de comezar a miña intervención sobre esta novidosa iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, a tarifa galega —da que agora renegan, porque xa, como verían vostedes, en ningún momento da súa intervención lle chamaron así, «tarifa galega»—, en nome do Grupo Parlamentario Popular, e sempre respectando as sentenzas xudiciais, queremos felicitar as máis de catrocentas familias que de forma directa e as máis cinco mil familias que de forma indirecta hoxe poden durmir moito máis tranquilas porque mañá verán asegurado —ou continuará— o seu posto de traballo na fábrica de Pontevedra de Ence. (*Aplausos.*) Como dixó hai unhas horas o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, señorías, hoxe gañou a sensatez.

Miren, entrando en materia, a verdade é que lamento profundamente ter que volver debater unha iniciativa que debatemos hai un par de meses, no mes de decembro. Naquel momento o Bloque Nacionalista Galego traía esta iniciativa da tarifa galega instados, incitados por unhas declaracións do señor Lambán. E hoxe vólvena traer outra vez porque a semana pasada compareceu no Parlamento de Aragón, e o Bloque Nacionalista Galego, agora máis preocupado pola actualidade parlamentaria de Aragón que pola propia de Galicia, pois trae de novo esta iniciativa a este Parlamento, pero non vaian pensar vostedes que porque ao Bloque Nacionalista Galego lle interese para nada un prezo da enerxía máis baixo, porque non, non lles interesa, eles só buscan a confrontación cun goberno, o Goberno da Xunta de Galicia. E é que, señora Presas, se a vostedes lles interesase un prezo da luz máis barato, non estarían en contra de todos os proxectos de enerxía renovable que se queren instalar na nosa comunidade. E eu recoméndolles que, se queren copiar de alguén, copien de alguén bo, dalgunha comunidade boa, porque non é Aragón, precisamente, unha comunidade na que teñamos que fixarnos. E vostede, que fala tanto de oligopolio, mire a quen se lle adxudicaron, a que empresa se lle adxudicaron practicamente todos os parques eólicos de Aragón. Mírelle o nome, é unha empresa, señora Presas.

Polo tanto, miren, Galicia ten un presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, e un goberno que está coordinado e que representa un liderado importante en canto a planificación, xestión e implantación das enerxías renovables en España, e iso a vostedes próelles, señorías. E non imos aceptar nin leccións nin propaganda do Bloque Nacionalista Galego nin, por suposto, do señor Lambán, máis preocupado pola axenda de eleccións que lle veñen dentro duns meses —que van ter eleccións autonómicas— que por buscar unha solución para o prezo da luz de Aragón e de toda España.

Miren, señorías, vostedes solicitan na súa iniciativa un novo modelo enerxético no que preveza a protección medioambiental e a participación pública. E eu respóndolle por enésima vez, señora Presas: xa o temos en Galicia. En Galicia, a diferenza do resto do Estado, existe un plan eólico que define claramente as áreas de desenvolvemento eólico e que di onde si ou onde non se poden instalar eólicos. E por suposto que se analizan todos os parques eólicos



implantados e os que se van implantar en proxecto no momento en que se están tramitando. E iso, señora Presas, non o ten Aragón. Aragón non ten ningunha ordenación sectorial para o eólico, e así lle vai.

Mire, todos os parques tramitados en Galicia son sometidos á avaliación de impacto ambiental ordinaria máis garantista para acadar unha declaración de impacto ambiental. Pola contra, vostedes, señora Presas, votaron a favor dun real decreto o 22 de marzo que eliminaba a tramitación ambiental dos parques eólicos; ningunha tramitación ambiental, señorías, por parte do Goberno do Estado para os proxectos de máis de 50 megavatios que tramita o Goberno central.

Polo tanto, ¿quen está a pretender unha convivencia co promotor? Serán vostedes, que votaron a favor naquel momento. E é que aquí, neste Parlamento, tiñamos que escoitar outros deputados falando do eólico, que dicían que o superdeputado este de Madrid do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rego, ía conseguir cambiar. Dicían que cando se tramitase ese decreto, cando se aprobase ou se levase a súa tramitación no Congreso, que ían conseguir cambialo. E non é que non o conseguisen, senón que, ademais, o que fixeron foi que se ampliase esa detracción de tramitación ambiental a moitos máis parques eólicos; eses macroparques, señora Presas, dos que vostedes din estar tan en contra e aos que vostedes en Madrid votaron a favor en marzo e abstención en decembro. Si, si, señora Presas, esa é a súa realidade. Polo tanto, aquí, leccións do BNG sobre tramitación dos parques eólicos, ningunha, señora Presas, ¡ningunha!

Miren, vostedes, con ese real decreto, fan, en convivencia co Partido Socialista, que se elimine a posibilidade de que calquera cidadán participe nos procesos de autorización destes proxectos, como se fai en Galicia. Non se consulta a ningún outro organismo, consúltase a un promotor, que entrega un informe ambiental, e despois dese informe pídese audiencia ao órgano competente e dáselle dez días para responder. E se non responde, temos silencio positivo e tiramos para adiante. Ademais, supón unha ameaza tremenda, porque non impide instalar parques eólicos en Rede Natura —e vostedes, señora Presas, caladiños con este tema—, senón que xera inseguridade xurídica e vai en contra do disposto polas directivas europeas. ¡Lamentable actuación dun goberno central, que unha vez máis propón a modificación á carta das leis, seguindo a súa propia conveniencia, e dun BNG, moi mainiño co señor Sánchez e moi belixerante coa Xunta de Galicia!

Mire, señora Presas, en Galicia existen rigorosas garantías ambientais para implantar os eólicos. Si, o 77,5 por cento do territorio está blindado fronte aos eólicos. E, de feito, en Galicia —escoite, señor Bará, que non lle quedou claro pola mañá e voullo repetir eu agora—, nin está prohibido implantar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, está prohibido! Non, señorías, non se poden implantar parques eólicos; está prohibido en Rede Natura. Si, nin en Rede Natura nin noutros espazos protexidos, como son as zonas núcleo das reservas da biosfera, as turbeiras ou as zonas de voo da aguia real. ¡Siii! E vostedes, en cambio, votaron a favor dun real decreto que elimina toda a tramitación ambiental dos parques eólicos. Ese é o seu haber, señor Bará. E, ademais, vostedes é que non poden presumir, porque vostedes gobernaron. *(Murmurios.)* E vostedes... Si, gobernaron unha consellería, a de Industria, no Bipartito, na que quixeron adxudicar máis de 2.200 megavatios a través de 78 proxectos eólicos.



¡Oia!, ¿e saben a quen lles ían adxudicar eses proxectos? A unha empresa pública —dicían—, participada pola banca fundamentalmente, e a outras empresas —que non vou dicir quen eran e onde se reunían—. E, ademais, querían vostedes implantar 6.500 megavatios nun horizonte de 2012. ¿Pero quen eran os depredadores? O caso é que foron capaces de dicir que si e que continuasen a tramitación de máis de 38 proxectos tramitados polo Goberno do señor Fraga. ¿E saben a que empresa, señorías? ¿Saben a que empresas? Miren, a Enel, a EDP, a Naturgy, a Iberdrola, a Acciona Eólica... ¿Non lles soan de algo? Esas do *lobby* eléctrico que a señora Presas acaba de dicir aquí. Pois a esas, si. (*Aplausos.*) E tramitaron a instalación deses parques. ¿Por que non pararon eses proxectos? Respóndame cando volva aquí, señora Presas. ¿Por que non paralizaron aqueles proxectos naquel momento? Sería porque estaban ben, ¿non?, ¿verdade? ¡Claro! ¿Ou era porque...? (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Eu lamento, señor Bará, que hoxe sexa un día triste para vostede. Eu laméntoo moito, (*Aplausos.*) pero nós estamos moi contentos, porque hai moitas familias, moitos traballadores, que hoxe están moi contentos. E vostede está moi triste, pero hoxe reafirmámonos en que nos gusta velo triste. ¡Siii!

Señora Presas, vostedes hoxe traen unha iniciativa que no seu segundo punto pide unha tarifa galega que esconden, porque lles dá vergonza xa nomeala. Antes dicían que era unha tarifa galega que tiña que rebaixar un 30 por cento, despois un 10 por cento; agora unha tarifa galega escondida tras unhas frases, porque lles dá vergonza.

Miren, a realidade é que, señorías, vostedes do que non falan aquí é do prezo da luz que estamos a soportar todas e todos os españois desde que o Goberno do señor Sánchez está gobernando en Madrid. Porque, señora Rodríguez Rumbo, mire a gráfica, está aquí (*A señora Nóvoa Iglesias mostra unha gráfica.*): isto era cando gobernabamos nós, e isto é desde que gobernan vostedes. É que o prezo medio do ano 2022 é de 204 euros. ¿E sabe vostede por que baixou a factura da luz no mes de xaneiro? Porque entraron as renovables. E claro que é importante a enerxía renovable, claro que si, señora Rodríguez Rumbo. Eu recoméndolle que se informe un pouquiño, e á señora Presas, o mesmo. ¡Claro!, é que a enerxía renovable baixa o prezo da enerxía, e por iso Galicia quere seguir liderando a produción da enerxía renovable. A vostedes próelles, e estarían hoxe aquí indignados se non fósemos capaces de sacar adiante máis de 70 declaracións de impacto ambiental, pero é que están fastidiados, porque si, todo o traballo que se fixo, todo o traballo que fixeron os técnicos e os funcionarios da Xunta de Galicia, fai que Galicia vaia seguir sendo líder en enerxía renovable, grazas a un traballo intenso, coordinado e con seguridade xurídica, e respectando as garantías medioambientais, que vostedes non o fan, señora Rodríguez Rumbo.

Así que, señora Presas, vostede que vén aquí dicir que a Xunta de Galicia non traballa, que está... (*Murmurios.*) Non, mire, a Xunta de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia, xa enviou unha carta ao Ministerio de Transición Ecolóxica solicitando información sobre as compensacións.

Mire, vostedes gobernaron no Bipartito... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Eu estiven totalmente calada... *(A señora Nóvoa Iglesias diríxese ao presidente do Parlamento.)*  
*(Risos.)* A ver...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Eu estiven totalmente calada —e non pode dicir o contrario, señora Presas— mentres vostede falou e dixo aquí toda a sarta de mentiras que dixo, señora Presas. Así que escoite un pouco, que agora me toca a min, e despois ten vostede outro turno.

Miren, vostedes gobernaron e puideron instar a modificar unha lei estatal que xa existía naquel momento. ¿Ou había tarifas diferenciadas eléctricas cando gobernaba o Bipartito? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o fixeron. ¿Por que? Será por algo, porque é ilóxico.

Imos cara a un mercado global para conseguir mellores prezos da enerxía non só en España, senón a nivel de Europa. Non queremos unha illiña pequena —no que vostedes queren converter a Galicia— e que nos suba o prezo da luz en vez de que nos baixe; non, señora Presas, non. Iso non é o que quere Galicia.

O Goberno da Xunta fixo o seu traballo. Se vai haber compensacións por comunidades produtoras, claro que estamos a favor. E se vostede é capaz de aceptar a emenda, o punto número 2 do Partido Socialista, este grupo vai votar que si ao punto número 2 que emendou o Grupo Socialista. Solicitamos a votación por puntos e votaremos a favor se vostede...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...inclúe, tal cal está, a emenda do Partido Socialista, o punto número 2. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non, non, señora Presas. Mire, demagogia, a xusta. O Goberno da Xunta de Galicia está coordinado para que Galicia siga sendo unha comunidade líder en fabricación de enerxía renovable e sempre con todas as garantías técnicas, medioambientais e...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...xurídicas. A demagogia deixámola para vostedes. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Miren, señora Nóvoa e señores do Partido Popular, a nós, efectivamente, non nos gusta a noticia de hoxe. Pero nós non nos vimos abaixo, porque sa-



bemos algo que é moi importante: que este país historicamente nunca se rendeu ante unha inxustiza, e que tampouco se vai render ante a inxustiza desa teórica xustiza sobre Ence, señora Nóvoa. Queda moito nesta batalla (*Aplausos.*), aínda non acabou. Esta sentenza... (*Murmurios.*) Quedará gravado isto na hemeroteca, cando dentro de anos se recorde esa sentenza como inxusta e inexplicable. Sabemos da complicidade do sistema xudicial cos poderes económicos... (*Murmurios.*) ¡A ver se tampouco vou poder dicir iso! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡A ver se podo dicir algo neste Parlamento hoxe! Os señores do Partido Popular estaban moi calados; caladísimos estaban vostedes. Se estivesen así de rebeldes co Goberno central, mellor lle iría a este país, señores do Partido Popular, ¡si! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) O problema é que can ladrador, pouco mordedor. Claro, o problema é que aquí hai moito valente, e despois, cando saímos de aquí... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Reitero que sabemos da complicidade do sistema xudicial cos poderes económicos, sabemos de cando son os poderes económicos quen realmente gobernan e ditan tamén o BOE e sabemos como se prorrogou Ence na ría. Sabémolo todos e todas. Eu o que digo aquí, o que di o Bloque Nacionalista Galego, é que esta batalla non acabou e que estamos convencidas de que este país gañará esta batalla e de que, antes que tarde, Ence estará fóra da ría e que poderá iniciarse a súa recuperación (*Aplausos.*), claro que si.

E se non lles gusta escoitar isto, vailles pasar como coa proposta da tarifa eléctrica galega, como coas propostas de economía de pola mañá e como coas propostas da sanidade. Van dados, porque van ter que seguir escoitándoas, porque imos seguir defendéndoas neste Parlamento todas as veces que faga falta, señores do Partido Popular.

E aquí ninguén fala de copiar a ningún goberno, señora Nóvoa. A nós o que nos preocupa é que no Estado se está movendo ata o apuntador e nós temos un goberno que non chega nin a goberno dunha comunidade de veciños, señora Nóvoa. Iso é o que nos preocupa. (*Aplausos.*) Temos un goberno epistolar, un goberno que se dedica a enviar cartas ao Goberno central. Ese é o problema, señora Nóvoa. Entón, paren de ser un freo a este país, porque a realidade lles pasa por diante.

Isto é como cando vostedes votaban en contra de rebaixar o IVE da luz: era imposible, era unha barbaridade de comunistas loucos «comenenos»... Ata que de súpeto comezou a ser posible incluso unha proposta que abandeira o Partido Popular. Pois agora co debate sobre se é posible ter tarifas diferenciadas no Estado e se é posible modificar a lei do estado sobre o sector eléctrico estalles pasando igual. (*Murmurios.*) Estase movendo todo arredor, e hai comunidades que están falando de modificar as peaxes. Hai propostas enriba da mesa respecto do autoconsumo. Pero se se abre ese melón, ¿por que non imos abrir o melón de que se bonifiquen peaxes aos territorios que son produtores? ¿E por que lles molesta que nesta iniciativa se poña a PP e a PSOE no mesmo que nas leis que trouxemos a debate nesta Cámara, de que se compense os territorios produtores excedentarios? Porque, mire, o nacionalismo é solidario. Nós sempre dixemos: ¿hai outras comunidades coma nós, que producen? Pois, por suposto, é xusto que se lles compense.



Nós nunca tramitamos nesas leis que rexistramos aquí ou no Estado unha compensación única e exclusivamente para Galiza. Sempre dixemos: vexamos quen contribúe ao sistema e bonifíquese a aqueles territorios que, efectivamente, son produtores excedentarios netos. Son vostedes os que xa non saben como soste o seu discurso antitarifa eléctrica galega e antitarifa diferenciada. Porque iso rompe o seu mapa *de la España ideal* (*Aplausos.*) e non se atreven a cuestionalo, mentres outras comunidades autónomas presididas por uns e por outros están abrindo ese debate sobre a descentralización. Ese é o gran problema, señora Nóvoa. E a min o único que me dá vergonza é que a Xunta de Galiza unha vez máis nos teña paralizados neste debate.

Esta non era unha iniciativa sobre o sector eólico, pero non podo perder a oportunidade de volver insistir. Menten e manipulan outra vez sobre o sentido de voto do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Sabe vostede perfectamente que votamos a favor de que se tramitase como lei no Congreso dos Deputados e Deputadas, porque nos gusta iso de debater leis e facer propostas —non sempre o fan vostedes, algunha vez tamén se suman— e sabe vostede perfectamente que nos posicionamos en contra desa medida e que xa temos unha proposición de lei rexistrada para que se retrotraian ás exixencias anteriores. Entón, poden seguir intentando marear a perdis, porque o que pasa é que vostedes do que están contentos é de que houbo quen, incluso en facelo mal, lles pasou pola esquerda e pola dereita e lles colleu a dianteira. (*Aplausos.*)

Pero iso non exime da súa responsabilidade, porque a responsabilidade de non ter un plan sectorial eólico actualizado é súa e a responsabilidade de non legislar a favor deste país é súa. Porque iso foi o que fixo o BNG. Esa consellaría da que vostede debería lavar a boca antes de falar dela, si, esa consellería (*Murmurios.*) foi a primeira que impediu a implantación de eólicos por lei nese decreto na Rede Natura, esa Rede Natura que vostedes paralizaron (*Aplausos.*) para favorecer o lobby eléctrico e para favorecer algunha señora que ata hai poucos anos se sentaba nunha desas cadeiras. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora, si, señora, e o tempo porá a cada un no seu sitio. E, se queren, pois cando traíamos esa proposta de comisión de investigación para ver eses tratos de favor do Partido Popular co lobby eléctrico, pois xa veremos cantos millóns de euros levan vostedes perdoando a dedo neses consellos da Xunta. (*Aplausos.*) Veremos se son capaces de traer luz e taquígrafos a este parlamento.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre as emendas?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** En resumidas contas, lamento non poder aceptar esa emenda que une o PP e o PSOE, porque xa queda subsumida na propia iniciativa que traemos nós, que fala abertamente de territorios produtores e excedentarios; fala abertamente diso. Polo tanto, non deixa de ser unha escusa para continuar nadando nas súas ataduras co centralismo e coa falta de vontade de que este país deixe de perder posicións no debate enerxético.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para prolongar o servizo activo do persoal médico de atención primaria**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-003903, doc. núm. 46730).*

*Emenda de modificación:*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aproveitar as modificacións legais recentemente promovidas polo Goberno do Estado, apoiadas pola Consellería de Sanidade e o conxunto do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, para habilitar os procedementos de xubilación activa ata os 72 anos para médicos/as de familia e pediatras de Atención Primaria.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, hoxe traemos a pleno unha iniciativa máis que, como moitas outras das que vimos presentando, ten como finalidade tratar de ofrecer solucións ante o déficit de médicos de atención primaria que temos na nosa comunidade e que afecta o conxunto do Sistema nacional de saúde.

É de todos coñecida a dificultade que se nos presenta á hora de atopar médicos especialistas en todo o país. Un problema global, que, aínda que se esforcen por negalo, afecta non só a Galicia senón a todas as comunidades autónomas. E onde máis se nota este déficit precisamente é na atención primaria, especialmente cando falamos de médicos de familia ou de pediatras.

Esta fin de semana podíamos ler nun diario da nosa Comunidade un artigo de Enrique Castellón, vicepresidente do Colexio de Médicos da Coruña, no que falaba, e cito textualmente: «Crisis sanitaria global y local. No es solo aquí. La pandemia ha llevado al borde del colapso a sistemas sanitarios en el resto del mundo, desde Canadá a Australia, pasando por la Unión Europea, el Reino Unido e incluso Suiza.»

En todas as comunidades autónomas, todas, somos conscientes de que existe unha problemática común coa falta de determinados especialistas, como dicía antes, médicos de familia e de pediatría. Señorías, non hai médicos. As listas de contratación están a cero. Pero tamén todas as comunidades somos conscientes de que este problema require dunha solución



común a nivel estatal, que se nos está negando. E aquí, señorías —xa o dixemos máis veces—, deberíamos de remar todos no mesmo sentido, buscar solucións para poder mitigar este problema de falta de médicos ao que nos estamos enfrontando. Claro que vostedes, señores da oposición, xa sabemos o que dan de si. E tamén sabemos que cada vez que traemos a este parlamento medidas coa finalidade de procurar mellorar ou paliar a situación sanitaria, que —volvo insistir— non é exclusivamente de Galicia, vostedes sempre votan en contra; sempre se opoñen, non vaia ser que mellore a situación e se lles estrague o seu discurso de «canto peor, mellor». Espero que esta vez non aconteza o mesmo, recapaciten e voten a favor, aínda que, vendo as declaracións previas dalgún voceiro socialista, penso que van seguir coa mesma teima.

E a realidade innegable é que, ante a desidia da Moncloa, este déficit de profesionais cada día se vai acrecentando. Non é nada novo, hai tempo que se vía vir. Unha realidade que desde a Xunta de Galicia nunca se negou e á que se lle puxeron todas aquelas solucións que ten nas súas mans o Goberno autonómico, todas aquelas que estaban dentro do seu ámbito de competencia, todas. Un goberno responsable que sempre está na procura de dar solucións efectivas aos problemas da Comunidade.

Por iso, cando o pasado mes de decembro tivemos coñecemento de que o Ministerio de Sanidade propuxo un proxecto co obxectivo de facilitar a xubilación activa dos médicos de familia e pediatras de atención primaria, esta medida pareceunos moi axeitada, xa que poñía de manifesto que o ministerio finalmente comezaba a ser consciente da problemática xeral existente en todo o país.

Porque digo eu, señores do PSOE, que esta medida que propón o Ministerio de Sanidade para toda España non estará pensada exclusivamente para arranxar o problema de déficit de medios en Galicia. Precisamente, ademais, na nosa Comunidade xa temos comprobada a eficacia e utilidade da prolongación do servizo activo dos médicos. Sabémolo desde o ano 2016, cando se permitiu a solicitude de prórroga ata os 70 anos, que é a idade máxima permitida pola lei. Evidentemente, estas prórrogas son voluntarias, solicítanse ano a ano, sabemos que moitos médicos chegan en condicións de saúde óptimas á idade de xubilación e a súa vontade é seguir no seu posto de traballo desenvolvendo un labor que, ademais, nestes momentos de escaseza de profesionais é dobremente agradecida, agradecida tanto polos pacientes como polos seus compañeiros sanitarios como pola sociedade xeral, un labor impagable.

Por iso, cremos que ampliar a idade de xubilación, unido ás condicións extraordinarias que formula o Goberno de España no proxecto de mellora de xubilación activa, poderían facer máis atractiva esta opción para os nosos profesionais de atención primaria. Galicia é a comunidade que máis uso fixo desta medida extraordinaria de incorporación de profesionais sanitarios xubilados, tendo no pasado mes de decembro 44 profesionais en activo con esta modalidade.

Pero en Galicia queremos dar un paso máis, somos propositivos e por iso o Goberno galego trasladou ao Goberno de España unha proposta que incrementaría os efectos positivos desta medida co aumento a 72 anos da idade de xubilación, como acontece por exemplo noutras profesións, como poden ser os xuíces ou os maxistrados. Volvo insistir: en Galicia temos





comprobada esta eficacia da opción de prolongar o servizo activo, unha medida que ademais é moi ben recibida polos profesionais, xa que máis dun 80 por cento dos nosos médicos xa optan por quedar ata os 70 anos. O problema é que actualmente o artigo 26 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, limita esta posibilidade e fixa nos 70 anos a idade máxima permitida para solicitar prórrogas. De modificarse este artigo, para o que só é precisa vontade política, permitiríanos ampliar ata os 72 anos a posibilidade de solicitar estas prórrogas, conseguindo mitigar a carencia de especialistas en medicina de familia e pediatría.

Esta é a nosa proposta, este é o obxectivo da iniciativa que hoxe sometemos a debate e votación. E, por suposto, sabemos que esta é unha medida paliativa, a curto prazo, e que por suposto non vai solucionar o problema de fondo da sanidade española, pero, sendo honestos, temos que recoñecer que nos permitiría gañar tempo, un tempo marabilloso para afrontar, para poder formar neste tempo máis médicos e ver se, mentres tanto, o Ministerio de Sanidade actúa decididamente dunha vez e toma as medidas necesarias para solucionar un problema estatal no que xa vai sendo hora de que tome medidas.

Nós o que demandamos nesta iniciativa é que o Goberno de España, que é o que ten competencias e pode facelo, impulse as modificacións legais oportunas para permitir un novo réxime de xubilacións, e facelo neste caso como unha medida que sexa transitoria e excepcional. Imos falar con total honestidade. Sabemos e somos plenamente conscientes de que esta medida non constitúe unha solución definitiva ao problema de déficit de médicos, que segue atascado nun modelo de formación sanitaria especializada que continúa pendente dunha reforma estrutural. A realidade innegable é que o sistema non está a formar suficientes médicos especialistas, sobre todo na atención primaria, para cubrir todas as vacantes.

Esta reforma imprescindible tamén é unha petición común que desde hai anos demandan todas as comunidades autónomas e respecto da cal o ministerio e o Goberno que preside Pedro Sánchez fai oídos xordos. Ignórao, como se o problema non existise. Nin poden nin deben desentenderse deste problema. De feito, desde o mesmo momento no que o ministerio propón ampliar a xubilacións activa dos médicos, está recoñecendo implicitamente que ten capacidade para tomar medidas. O que non ten é vontade política para facelo, fronte ao grave problema de déficit de médicos de familia.

Non poderán negar que o ministerio dispón de marxe de manobra para tomar medidas que axudan a resolvelo, entre elas esta de ampliar a xubilación activa, cunhas condicións que expuxo o pasado mes de decembro o ministro Escrivá nun pleno do Consello Interterritorial. Cando o *Boletín Oficial do Estado* publicou esta medida o pasado mes de decembro, dentro dun real decreto lei moito máis amplo, permitiunos ver como o Goberno de España recoñece na exposición de motivos do mesmo unha falta de facultativos de atención primaria, médicos de familia ou pediatras no Sistema nacional de salud, que cualifica como acuciante. Pero nese contexto a norma legal non fai previsión ningunha sobre a posible extensión da posibilidade de servizo activo ata os 72 anos nesas categorías.

Permítanme rematar lendo o texto que sometemos ao acordo desta cámara: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o impulso das modi-



ficacións legais oportunas para permitir que o novo réxime de xubilación activa mellorada para médicos de familia e pediatras de atención primaria poida aplicarse a estes profesionais ata os 72 anos de idade.>>

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Amigo.

Interveñen agora os restantes grupos parlamentarios e ten, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado, por dez minutos.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

O que dende o noso grupo queremos trasladar é unha certa sorpresa por esta iniciativa. Vou intentar explicar por que, pero basicamente tanto pola forma como polo fondo, e é que é bastante curiosa.

En primeiro lugar, a verdade é que unha cousa que si nos sorprende é que está rexistrada, como a maior parte das iniciativas do Partido Popular ultimamente, por vía de urxencia. Iso si, non a traen ao pleno seguinte do que se vai instar por urxencia, senón que vostedes a urxencia a ven noutros lugares. Esta está pola vía de urxencia, pero hai un mes podería ser traída ao pleno anterior; pero non, vén a este.

Porque a iniciativa a vostedes impórtalles pouco, o que lles importa é que este domingo van pasalo mal e están intentando aí a ver se modulan un pouco ou frean un pouco o asunto. A verdade é que cada vez que o PP está intentando frear a manifestación do domingo, eu case, case, case creo que están contribuíndo a ela. Estou por... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu vou ir, señor Balseiro, ¿vostede vai ir? Dígoo porque xa que me pregunta e que non ten diálogo. Vostede non vai ir, ¿non? Xa. Vostede o de defender a sanidade pública é para outros. En todo caso, cada vez que vostedes falan disto, aumenta a xente que quere ir; entón, estou por empezar a pensar que case mellor que convoquemos nós, que fale o PP, que é moito mellor.

Pero, en todo caso, isto da urxencia, utilizada para dar publicidade e difamar a xente que se manifesta, como fixo o conselleiro aquí o outro día perdendo un pouco os papeis, é unha das cuestións que en temas de forma nos sorprende.

Pero a outra xa é lendo a exposición de motivos, que calquera se pode equivocar, que non pasa nada. Cita a exposición motivos que xa en 2016 o Goberno da Xunta de Galicia implantou a xubilación aos 70 anos; di iso a iniciativa, pódeno ler aí. Eu voume permitir... (*Murmurios.*) Señora Amigo, tivo vostede dez minutos aquí, a min non me gustou a súa intervención, pero dá a sensación de que a vostede tampouco, que, en fin, segue falando dende aí.

Se vostedes están aquí defendendo agora, como esa iniciativa, que en 2016 xa implantaron a xubilación activa aos 70 anos, eu querría lembrarllas esta nova: Galicia eleva a 70 anos a



idade de xubilación dos médicos e pediatras; o problema é que na iniciativa din 2016 e isto é de decembro de 2018; empezou no ano 2019, tres anos de distancia. E, cando constrúen o relato, está ben que vostedes saiban polo menos onde están mentindo, porque é moi importante non perderse nas propias mentiras; tres anos de distancia.

¿Sabe que pasa? Que este goberno —e aquí entro na cuestión da forma— a xubilación xa a movera: primeiro para atrás, aos 65; logo para adiante, aos 67; logo outra vez para atrás, aos 65; logo, en 2019, aos 70; e agora quere movelo aos 72. Dá a sensación de que este goberno, en realidade, o único que consegue son titulares de que vai facer cousas coa xubilación, pero idea, idea, idea do que quere facer, pouca. Están vostedes con isto da xubilación xogando un pouco a unha conga, ¿non? *Un pasito pa'lante, María, un pasito pa' atrás*. E andan dándolle voltas, pero non saben o que queren facer. Entón, é importante que vostedes sexan conscientes do que queren facer.

É máis, engade a noticia que Galicia o que quere é reter, reter —queden coa palabra— especialistas de familia e pediatras; que digo eu que, cando se quere reter, é que se marchan. Digo que vostedes queren reter especialistas, pero logo veñen aquí dicir que non se van. A ver se vai ser que os queren reter; en fin, vou quedar coa broma, porque, se non, ten peor sentido.

E, ademais, ten sentido, porque ¿por que fan vostedes esta proposta? Non é para solucionar o problema do sistema sanitario. Contémonos as verdades agora, que non nos escoita ninguén. Vostedes propuxeron aumentar a xubilación en 2019, a principios de 2019, ¿xusto despois de que? De que lles dimitiran en bloque todos os xefes de servizo da área sanitaria de Vigo. E propoñen agora aumentar esa xubilación, ¿cando? Cando o conselleiro é sinalado, e sinalado como voceiro non autorizado por parte dos colexios de médicos —imos deixalo así—.

Vostedes non están pretendendo resolver o problema do sistema sanitario, porque isto non resolve realmente practicamente nada do sistema. Vostedes o que están intentando é convencer algún colectivo dándolle todo o que pida para que non lles protesten máis. Vostedes están intentando comprar o silencio dalgún colectivo para sentirse máis cómodos, para que non os critiquen, pero isto non soluciona nada. E, dando eses bandazos, non imos ir a ningún lado.

Por tanto, nós o que lles demandamos é que fagan unhas propostas sensatas. É máis, nestas xa se lles adelantaron, como imos falar agora. Eu creo que vostedes deberían contribuír —digamos— a facer as cousas dunha maneira un pouco máis lóxica. Porque non vai resolver nada se non resolvemos o eixe fundamental, que é aquel que se debateu no Consello Interterritorial, recentemente, sobre o que é a xubilación activa, e non prolongar a idade de xubilación así porque si, senón que ten que ver con que o funcionamento ten que ser a través de prolongar algunhas funcións, non todas, e nin sequera todo o labor dos profesionais, porque hai labores que xa non se deben facer aos 72 anos, nin aos 70, e probablemente nin sequera aos 65, porque é normal, porque non é o mesmo atender nunha situación de urxencia inmediata nunha patoloxía tempo-dependente e nun accidente un médico que teña 40 anos que un médico que teña 70, non é a mesma situación, e, por tanto, debemos de garantir a calidade do servizo.



Por iso, é unha cuestión de xubilación, non dunha xubilación para que poidan facer todo e seguir cobrando igual ou máis, que é o que vostedes lles queren vender, senón que a xubilación activa, que é o que se acordou no Consello Interterritorial, ten outras condicións. E iso é ao que deberían vostedes cingirse.

¿Por que? Pois fundamentalmente por dúas cuestións: unha, porque é unha proposta avalada polos profesionais; e, dúas, por algo que a vostedes lles custa moito, que é a lealdade, basicamente porque nese consello interterritorial en que se aprobou unha medida sobre a xubilación activa Galicia estivo de acordo; non só estivo de acordo, senón que o conselleiro veu aquí e dixo que por unha vez —tampouco lle imos pedir máis— acerta o ministerio; isto díxoo en decembro; tardaron vostedes un mes en vir aquí dicir que o ministerio se equivoca, duroulles o da lealdade un mes, e iso que tivemos unhas cantas semanas sen pleno; se chegamos a ter algo máis, xa lles duraba menos.

Eu invitaríao a que practicasen un pouco máis isto: paladeen o doce sabor da lealdade, disfruten do bo facer e da elegancia política, por un tempo, aínda que sexa por equivocarse; xa verán como despois é moi difícil volver atrás. Inténteno, é como unha sensación refrescante, frutífera, no persoal, satisfactoria, ser leais. Isto é, isto é... Practíqueno un pouco. Porque é imposible ir a un consello territorial, aplaudir unha medida, avalala e despois chegar aquí e dicir: ¡uh, que mala é!, imos propoñer outra cousa.

A vostedes o que non lles gusta é nin sequera recoñecer un acerto. Están tan enfrascados en facerlle unha guerra ao Goberno do Estado que a vostedes isto das solucións do sistema ¡que máis lles dá! A vostedes dálles igual que falemos de sanidade, de tocar o violín ou de recoller as patacas. Vostedes estanse enfrontando co Goberno do Estado; dálles igual; a vostedes dálles igual o demais. E, por tanto, pedímoslles que sexan un pouco reais.

Indo, ademais, á realidade do asunto do que vostedes están propoñendo. Vostedes, porque estallles falando aos médicos de que se van xubilar aos 72 traballando menos e cobrando moito, estallles mentindo, ¡eh! Xa lles adianto que lles están mentindo. Pero ¿que vai resolver? Porque se as condicións non son as axeitadas, non van resolver tanto.

Miren, xa no ano 2019 este propio goberno recoñecía: só a metade dos médicos galegos prolongan máis alá dos 65. Vostedes queren elevar dos 70 aos 72, contando ademais que o van facer dunha maneira que non se pode, pero xa, cando chegan aos 65, nin sequera a metade renovan. Por tanto, ¿que é o que queren vostedes contar? Que lles están resolvendo o problema a algúns, pero non a todos. E, dende logo, non á maior parte dos cidadáns, que non perciben esa realidade, porque os médicos despois non renovan porque non queren. ¿Por que? Apuntan os profesionais: porque as condicións non son boas.

¿E cal é a realidade, ademais? A realidade, ademais, é que o problema está en que en Galicia temos —e por iso non é o mesmo problema aquí que o problema en Valencia, en Aragón ou en Madrid, ou en Euskadi, que non en Vascongadas— a plantilla de médicos máis envellecida de España. Que por certo, isto sabíase hai trinta anos, porque lembren: cumpren un ano cada ano, son profesionais excelentes, pero aínda non conseguiron cumprir menos; un ano cada ano; sabíámolo hai trinta anos cando se van xubilar, e vostedes agora, no momento en que máis profesionais se xubilan, intentan solucionalo con esta idea.



Por tanto, nós o que propoñemos é unha emenda sensata, que é que aquilo que Galicia avalou que o respecte e que participe dentro deses mecanismos para facer as propostas razoables, pero que participe dentro dos mecanismos que avalou, porque, en realidade, se non, non ten ningún sentido.

E habería que preguntarse por que temos a poboación de médicos máis envellecida de España: porque os novos xa non queren as condicións laborais que temos aquí. E este é o problema: que non queren esas condicións laborais, e, por tanto, temos ese problema. E vostedes, cando propoñen aumentar a idade de xubilación —algo que é improbable nas condicións nas que vostedes o queren facer—, nós o que lles dicimos é: está o ministerio —e vostedes sábeno— falando de xubilación activa ata os 70 e de posibles xubilacións activas, con outras condicións, incluso ata os 72.

Vostedes veñen propoñer aquí outra cousa, por non recoñecer un acerto. Así que dean menos bandazos, poñan un pouco máis de sensatez e practiquen, paladeen, disfruten, por unha vez, da bondade da lealdade, porque vostedes están noutra cousa. Vostedes están en insultar a xente que se mobiliza, en queixarse de que lles protesten e en laiarse e preguntarse, sentados nun sofá, por que a xente non me está aplaudindo coas orellas se somos tan bos e tan guapos. Igual é que non son tan bos e tan guapos e algo se están equivocando. Recoñezano e empecen a atender ao que lles propoñemos os demais dende hai moitos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Torrado.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona María Montserrat Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Ben, empezaba a deputada do Partido Popular esta intervención coa palabra de orde, ¿non?, que é un problema global, que existe no mundo mundial e que, polo tanto, é unha lástima que teñamos un goberno en Galiza que teña que facer os seus deberes, ¿non? Porque ¿para que, se hai un problema en todos os lados e non sei de quen ten que vir a solución, ter un goberno? Sería a primeira pregunta que habería que facerse.

Logo, a verdade é que é simpático, porque claro, diante dun problema que crearon, que se creou porque non quixeron actuar, nin planificar para solucionar o problema, resulta que vén aquí proclamar que xa hai non sei cantos anos que puxeron en marcha a medida, que é espectacular, de que os médicos sigan traballando indefinidamente, que sigan traballando ata os 70. Consequiron o gran éxito de que 44 profesionais que tiñan que estar xubilados sigan traballando. E isto dino tan entusiasticamente que, claro, unha véñse arriba. Di: ¡Ostra, que exitazo!, é dicir, os profesionais que tiñan que estar xubilados seguen traballando. E, claro,



agora, como lles parece que iso é un exitazo, despois desa gran medida, resulta que seguimos sen ter médicos, porque son medidas tan espectaculares que seguimos sen ter médicos.

Eu a verdade é que estou tentada de virme arriba e propoñerlles que ¿para que 72?, ¿por que non 80, 85, ata os 90?, ¡home!, que morran coas botas postas; ese é un xeito de solucionar o problema: que morran coas botas postas. ¿Para que cortarnos? (*Aplausos.*) Eu digo: ¿para que cortarnos en poñerlles un tope? Aquí, que traballen ata onde queiran, indefinidamente, porque esa é a solución.

A verdade é que a min preocúpanme determinados discursos que se fan aquí dende a tribuna, considerando acertado que ao Goberno español —PSOE— e ao Goberno da Xunta —PP— as medidas fantásticas que se lles ocorren diante do problema que ten a sanidade pública e a atención primaria sexa aumentar esa idade de xubilación. A min realmente paréceme increíble.

Porque mire, as pensións, o dereito a xubilarse é unha conquista do movemento obreiro, conseguida con moito sacrificio, con moitas mobilizacións, sufrindo represión e incluso coa cadea e a morte de traballadores e traballadoras. E, dende logo, o BNG non vai avalar ningunha medida que signifique dar pasos atrás nesas conquistas, porque consideramos que é unha conquista o dereito a ter xubilación nunha idade xusta para todos os traballadores e traballadoras, sexa unha caixeira do supermercado, sexa un albanel ou sexa un médico, para todos, porque todos son traballadores e todos supoño que colectivamente teremos que determinar cal é a idade.

E é certo que estas conquistas están sendo atacadas dende hai anos para revertelas, amedrentando con que non vai ser sostible o sistema de pensións, amedrentando con que non hai médicos para atender a atención primaria e entón hai que buscar calquera medida excepcional para ir, facendo proba-erro, metendo na cabeza que se pode traballar indefinidamente. Do que se trata é de que a clase traballadora cotice máis anos e disfrute menos anos da idade de xubilación. Ese é o fondo da cuestión, sexa en xeral para a clase traballadora ou a excepcionalidade que queren facer para os médicos.

Dende logo, insisto en que o BNG non vai estar nesta proposta de xubilación activa mellorada, aprobada polo Goberno do Partido Socialista e que o Partido Popular abraza entusiasmamente e ademais quere ir máis alá. Porque, dende logo, seguir traballando a determinadas idades no BNG non nos parece que iso sexa así, por moito que, efectivamente —aí concordo co deputado do Partido Socialista—, se lles queira comprar, que se lles diga que poden seguir cobrando o mesmo e ademais cobrar o 75 por cento da pensión, porque iso é o que aprobou o Partido Socialista; iso é o que aprobou o Partido Socialista e iso é o que está no decreto que aprobou.

Entón, o BNG non aproba esta decisión de ampliar ata os 70 esta xubilación activa mellorada, non imos apoiar que sexa ata os 72, porque defendemos que hai que ir xusto na dirección contraria. A dirección contraria é que non hai que prolongar a vida laboral dos profesionais que levan xa moito tempo traballando, que están cansos e exhaustos, que é o que nos están dicindo todos os días, que non poden traballar máis nesas condicións. E o que hai que ir é ao contrario, a permitir a xubilación anticipada.



Unha iniciativa que o BNG trouxo aquí a este parlamento para recoñecerlles aos profesionais da sanidade o dereito á xubilación anticipada, porque temos que lembrar que os profesionais da sanidade traballan nunhas condicións especiais: 365 días ao ano, 24 horas ao día, con quendas e demais, en contacto coa enfermidade, en contacto coa morte, en contacto incluso en determinados servizos con materiais perigosos, e iso debe recoñecerse permitíndoselles adiantar a xubilación. Pero non, dereitos non, non. Non están polo labor de facilitar esa cuestión.

E logo por outra cuestión, efectivamente, nesas condicións especiais. O cadro de persoal do Sergas, especialmente os médicos de familia mais tamén outras categorías, está tremendamente envellecido, e iso ten consecuencias. Evidentemente, ten consecuencias para as capacidades para prestar a atención, mais tamén fai que haxa máis baixas laborais cantos máis anos teñen os profesionais, e iso está demostrado nos plans de ordenación do propio Sergas.

Imposibilita asumir acordos relativos a que o persoal facultativo deixe de facer gardas ao cumprir os 55 anos, porque, como hai tantas persoas, tantos médicos de máis de 55, imposibilita que se lles recoñeza ese dereito. Imposibilita que o resto de persoal deixe de facer quendas en horario nocturno ao cumprir os 55 anos, como dicía antes. E son moitos os estudos que din que traballar máis alá dunha determinada idade pon en risco a saúde deses profesionais.

Mire, non hai moito, hai uns meses, a FEDEA, que é a Fundación de Estudos de Economía Aplicada —nada susceptible, creo, de ser do BNG—, fixo un estudo a respecto deses aumentos da idade de xubilación que levan aprobando os gobernos españois dende hai anos. E chegan á conclusión de que cada ano que se atrase a idade de xubilación se eleva o risco de morrer antes dos 70 anos; é un informe desta asociación, non o está inventando aquí o BNG.

E di que as investigacións o que detectan é que hai catro características dos postos de traballo que incrementan ese risco. Unha son as profesións de risco, os esforzos físicos, mais tamén o elevado nivel de estrés e as condicións xerais de insatisfacción profesional. E creo que é unha evidencia que nestes momentos o traballo en atención primaria ten uns altísimos niveis de estrés. Cando teñen que atender axendas de 50, 60, 70 doentes; cando teñen que atender ao traballo deles e ao do lado; cando teñen que facer xornada logo pola tarde, parece que ese é un nivel de estrés e un altísimo nivel de insatisfacción, porque non poden facer ben o seu traballo.

E nesas condicións PP e PSOE o que pretenden é que sigan aumentando, que sigan traballando ata os 70 e que se estude ata os 72. Pois non, no BNG dicímoslles que non, que esa non é a saída; a saída é recoñecerlles aos profesionais o seu labor, a saída é recoñecerlles o dereito a xubilarse antes; a saída é recuperar os acordos que suspendeu o Partido Popular no ano 2009 cando chegou ao Goberno da Xunta, que pretendía recoñecerlles prestacións laborais e salariais para que, dende logo, se lles recoñeza o seu labor.

A solución pasa porque se aprobe dunha vez por todas, se desenvolva a Lei do estatuto xurídico dos empregados e empregadas públicas, contemplado na Lei de saúde do ano 2008, que contemplaba regular todas estas especiais condicións laborais. Iso si que é recoñecerlles



o traballo aos profesionais para que poidan desenvolver a súa actividade cun mínimo de condicións, e non ir pola autoestrada en dirección contraria, sacando coellos da chisteira, porque estas medidas —e aí dixérono tanto o un como o outro— non solucionan o problema. Está visto que non solucionan o problema, só pretenden que pareza que poñen solucións enriba da mesa cando non van ao fondo do problema.

E o fondo do problema é medidas estruturais que realmente permitan que a sanidade pública en xeral, pero sobre todo a atención primaria, sexa o auténtico eixo vertebrador. E iso pasa por renovar as plantillas, por destinar máis orzamento, por incorporar equipos multidisciplinares, por non maltratar os profesionais. Todo iso soluciona os problemas e non sacar coellos da chisteira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra novamente a autora da proposición non de lei, a señora Amigo, por cinco minutos.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes de novo.

Nós, señorías —dicían—: ¿a que estamos aquí? Nós estamos aquí para defender a sanidade pública. (*Murmurios.*) (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Uns dunha maneira e outros doutra, señor Bará, (*Risos.*) (*Aplausos.*) vostedes con pancartas, nós con feitos, con medidas, traendo proposicións, (*Aplausos.*) cumprindo todas aquelas obrigacións e todas as medidas que están dentro da nosa competencia.

Porque nós somos un Goberno autonómico leal e facemos todo aquilo que está dentro das nosas competencias e solicitamos ao Goberno do Estado que faga aquilo que está dentro das súas competencias. E volvo dicirlle: uns dun lado, tras das pancartas, alporizando. Porque voulle dicir unha cousa: vostede sabe que eu son sanitaria e cando vostedes lle preguntan á xente que está enferma, á xente que tivo que ir a un hospital, que pensa da sanidade pública, a xente está contenta, moi contenta. E así o din os barómetros coa sanidade que temos.

¿Que temos problemas? Témolos. ¿Que todos sabemos que hai un problema de déficit de médicos? Nós, dende logo, sabémolo. E nós estamos aquí. ¿Vostedes? Non sei, igual pensan que hai moitos médicos, pois igual pensan que si, non o sei. Pero, mire, a verdade é que dende logo non defraudan e son previsibles.

Mire, a nós parécenos que esta medida que toma o Goberno é unha boa medida. E, señora Prado, a xente acóllese a isto de forma voluntaria, porque queren. Eu díxenllo: hai moitos médicos que chegan aos 65 e aos 70 anos cun bo estado de saúde, que teñen un cupo que prefiren seguir traballando con eses pacientes que teñen. É unha medida voluntaria e vólvolle





dicir que é unha boa medida, que nós apoiámola e queremos melloralala. O que pedimos é que se poida estender ata os 72 anos.

E vostede pregúntase para que ter un goberno que non fai fronte ao principal problema da sanidade pública de hoxe: a falta de médicos especialistas. Iso tamén nos preguntamos nós, señora Prado. A única diferenza é que nós non apoiamos o señor Sánchez, que é o que está no Goberno en España, e vostedes si. Entón, son corresponsables de que non se tomen no Goberno do Estado todas as medidas que nós lle pedimos.

E non soamente nós, porque vostedes saben que hai un manifesto que liderou o Goberno galego xunto co Goberno vasco, ao que se sumaron outras autonomías que tamén son independentistas, como os cataláns, cunha serie de puntos que estamos esperando que se cumpran.

Mire, é fundamental ter altura de miras —nós sabémolo— e facer un pacto de Estado, actuar sen mirar as cores políticas e pensando só no ben común, remar na mesma dirección, para poder facer unha mellora na sanidade. Pero isto, claro, señorías, é facer política en maiúsculas e, dende logo, non todos están de acordo.

Mire, Galicia e o Goberno da Xunta de Galicia pensa en grande e goberna con atino para todos os galegos. Así é que non soamente toma medidas no eido das súas competencias senón que tamén lle propón medidas ao Goberno do Estado. E, señorías, isto, o problema de falta de médicos, non se vai solucionar coas xubilacións, evidentemente, pero eses dous anos probablemente, mentres que non saian novos médicos e mentres que non se poñan outras medidas, sería unha forma de mitigalo.

Vostedes, dende logo, señores do Bloque, poderán ir por libre, como fan moitas veces, pero, dende logo, o Partido Socialista terá que explicar por que non apoian unha medida que segue a liña marcada polo Ministerio de Sanidade e que só busca melloralala. Eu pídolles coherencia e que, se de verdade buscan aportar solucións á situación na que nos atopamos, sexan consecuentes co que din e co que votan.

Respecto da emenda, señor Torrado, tería que facer un esforzo por asesorar mellor o seu portavoz actual, o señor Álvarez, para que non aconteza o que vimos onte. Esta iniciativa parecíalle pola mañá unha medida improvisada, unha incoherencia, que precisaba como condición previa dunha modificación do marco normativo —precisamente o que pedimos nós na nosa PNL, sería conveniente que a leran—, e, despois de afirmar isto, onte pola tarde preséntanos unha emenda na que recoñecen expresamente que para que a xubilación activa chegue aos 72 anos é o Goberno que vostedes presiden o que ten que reformalo. Por iso nós pedimos a reforma do estatuto marco e que se elimine ese límite aos 70 anos. Non lle podemos aceptar a emenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*O señor Álvarez Martínez pide a palabra.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Dígame.



*(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)*

*¿Está pedindo a palabra por alusións? (O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Diga entón.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidenta.

Soamente un par de matices. Un, señora Amigo, non me cite, ¿non ve que me obriga a falar e non tiña ningunha gana de dicirillo? E, dous, que subscribo punto por punto a intervención do señor Torrado e que me ratifico nas miñas declaracións deste luns pasado.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moi ben.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Corolario...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas. Para iso tampouco...

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Non, estou en tempo. Regulamento puro e duro, estou en tempo.

Corolario: ¡non me cite! *(Risos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Álvarez. Moitas grazas. *(Risos.)*

Continuamos coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para solicitarlle ao presidente do Goberno o cesamento inmediato da secretaria de Estado de Igualdade**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei presentouse a seguinte emenda, a número 49305.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 47099 (11/PNP-003936).*

*Emenda de adición:*

*Débase engadir no punto 2, in fine, o seguinte texto: «...e da Ministra de Igualdade, Irene Montero, polas irresponsables e indignas declaracións efectuadas e pola súa obcecada inacción lexislativa para protexer ás mulleres».*

*Engadir un novo punto á parte dispositiva, co seguinte texto: «3. O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio á tramitación urxente da Proposición de Lei de modificación da Lei Orgánica*



10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal no relativo aos delitos de agresións sexuais, promovida polo Grupo Parlamentario Popular —en decembro de 2022—, para que quen cometa delitos sexuais poida ter, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaixadas coa actual regulación.»)

Para defendela ten a palabra, por dez minutos, a señora Paula Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señora presidenta.

(A señora Prado del Río coloca un cartel no estrado.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, poñédelo habitualmente vós, así que algunhas cousas pois aprendemos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O 21 de novembro de 2021, nunha intervención nesta mesma tribuna, esta deputada que lles fala pois advertíalles de que había un violador máis na rúa, froito da aplicación dunha chapucera lei que, lonxe de protexer as mulleres, e castigar con máis pena os agresores sexuais, unha vez aplicada, pois provocaba o contrario: a rebaixa das penas a agresores sexuais, e mesmo algún foi excarcerado. ¿E que sucedeu? Pois o que sucede sempre nesta cámara: racharon as vestiduras, chamáronme alarmista, dixeron que só viñamos facer aquí política rastreira, *Miss lameira...* Ben, chamáronme de todo, porque eu dixen que había un violador máis nas rúas. Hoxe van máis de 400, señorías, e podemos chegar a 1.000. ¿Sábeno, verdade? Saben que a cifra son 1.000. Isto xa non é un goteo, isto xa é unha enchente, unha enchente, señorías.

Trasladaron que as nefastas consecuencias da lei eran por culpa de xuíces machistas. Mesmo houbo unha deputada desta oposición que subiu aquí e dixo que si, que a culpa era dos xuíces machistas. Ben. Era unha deputada do Bloque Nacionalista Galego. Despois daquilo...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Señora Prado, un momentíño.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Dígame.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Desculpe que a moleste.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Dígame.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Debe retirar o cartel que colocou na tribuna.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¿Por que, señora presidenta?

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Porque está prohibido. É un espazo institucional. (*Murmurios.*)

**A señora PRADO DEL RÍO:** Ben, eu vouno retirar. (*Murmurios.*) Non, non, eu vouno retirar.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Agradézollo, por favor.



**A señora PRADO DEL RÍO:** Pero dígolle, señora presidenta, que isto o puxeron outras veces outros deputados e deputadas desta cámara e déixouselles. (*Murmurios.*) Non hai ningún problema, que eu respecto a institucionalidade.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Agradézollo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Non hai ningún problema.

(*A señora Prado del Río retira o cartel do estrado.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Agradézollo de verdade.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Pero aquí podo poñelo, ¿verdade? (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Eu... (*Risos.*) (*Aplausos.*)

**A señora PRADO DEL RÍO:** Digo, ¿non? (*Murmurios.*) Aquí houbo quen puxo bandeiras. (*Murmurios.*) Aquí puxeron bandeiras. Señora presidenta... (*Murmurios.*), señora presidenta, nesta tribuna puxéronse. Se non se pode facer, non o poño, pero a partir de hoxe ninguén vai poñer nada nesta tribuna, ¿verdade? (*Protestas.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Eu garántolle...

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¡Pregunto, pregunto! (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ...que, se eu presido a sesión,... (*Protestas.*)

**A señora PRADO DEL RÍO:** Pregunto, porque, se esta é a norma, a norma é para todos.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Exactamente.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Se esta é a norma, a norma é para todos. (*Murmurios.*) Non hai ningún problema, pero a partir de hoxe queda constancia de que non se pode poñer nesta tribuna nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

**A señora PRADO DEL RÍO:** Non hai ningún problema. (*Aplausos.*)

Ben, pois dicía eu que empezamos cun goteo e despois agora estamos cunha enchente. Estamos cunha enchente, señorías, porque eu vou ler os titulares que empezaron dende o mes de novembro. Dende o mes de novembro empezaron titulares como este: «*La Ley del “solo sí es sí” permite a un condenado por violación pedir una rebaja de su condena*», «*Un condenado por abusos sexuales a menores se libra de cinco años de cárcel por la Ley del “sí es sí”*», «*Otros tres violadores ven rebajadas sus penas por la Ley del “solo sí es sí”*» —isto xa o 10 de xaneiro—, «*Tres agresores sexuales ven reducidas sus penas en Extremadura por la Ley del “sí es sí”*», «*La Audiencia*



*rebaja las penas de prisión a cuatro condenados por delitos sexuales en Vigo», «La Audiencia de A Coruña rebaja la pena a cinco condenados por delitos sexuales de la Ley del “sí es sí”», «Siete rebajas de penas en Asturias a condenados por delitos sexuales de la Ley del “sí es sí”». E así xa despois xa non eran por 1, 3, 5, 7...: «129 condenados se han beneficiado de la Ley del sí es sí». «Al menos 141 condenados por delitos sexuales se han beneficiado en sus penas por la Ley del solo sí es sí», 11 de xaneiro. O 19 de xaneiro, «Más de 200 condenados se han beneficiado en sus penas de la Ley del sí es sí, ocho días después». «Y cinco días después, al menos 259 condenados por delitos sexuales han reducido sus penas por la Ley del solo sí es sí». E hoxe: «Más de 400 agresores sexuales se han beneficiado ya en sus penas de la Ley del sí es sí».*

Sigan chamándonos alarmistas, sigan chamándonos «miss lameira», sigan, señorías, sigan. Pero mentres vostedes seguen insultando a quen está denunciando as nefastas consecuencias dunha lei que está provocando moitísima dor nas vítimas de violencia sexual, vostedes non poden dicir que son feministas. Esa palabra quedálles moi grande, señorías. (Aplausos.) Isto xa non se pode soportar. (A señora Prado del Río amósalles un cartel vermello co número «400» aos membros da Cámara.) Non hai nai que soporte ver isto e ver a súa filla saír á rúa e pensar que cada día hai máis agresores nas rúas. (Aplausos.) ¡Non se pode soportar, señorías! ¡Non hai muller feminista nin home feminista nin pai nin nai que aguante toda esta ignominia! E vostedes sigan botándolles a culpa aos xuíces. Sigán, señorías.

¿Saben que é o peor? O peor é que o Consello Xeral do Poder Xudicial nun informe advertiu de que isto podía pasar. Por tanto, vostedes fixeron conscientemente esa lei, vostedes os do Bloque Nacionalista Galego apoiaron conscientemente de que estas consecuencias ían pasar conscientemente; son conscientes das consecuencias da lei dende o minuto un, dende a súa tramitación no Congreso dos Deputados. Non son os xuíces machistas, é unha lei *chapucera* que vostedes aprobaron, apoiaron e seguen apoiando.

Eu teño escoitado aquí cando, por exemplo, no último debate da Lei de medidas, lamentábanse amargamente de que non trouxera o informe preceptivo do CES. ¿Para que lles valen os informes se total non fan caso deles? ¿Para que lles valeu o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial que advertía destas consecuencias? ¿Para que? Para nada. Todo é unha pantomima para xustificar ese voto lamentable a esta lei lamentable.

¿E como defenderon a lei? Pois Pachi López, o portavoz do PSOE, dixo: «Buena, si con esta ley salen a la calle, pues hacemos otra y que vuelvan a entrar». Como se fora tan fácil. Pero tampouco o fixeron; dende esa ata hoxe pasaron varios meses. Porque liquidaban o principio de irretroactividade da lei, porque o principio de *in dubio pro reo* para eles non existía, pero o de irretroactividade parece que si.

E hai dous días dicía Pachi López: a Lei do si é si supuxo un avance con efectos non desexados. Non, señorías, non supuxo ningún avance, porque por calquera... Mire: se de cen, noventa e nove podían ser un avance, con que só unha das cen, que é esta, que é a consecuencia máis grave, se dera, a lei non pode dicirse que foi un avance para os dereitos das mulleres. Non se pode dicir que foi un avance para os dereitos das mulleres, señorías. (Aplausos.) E non se confundan.



Din vostedes que non queremos a lei, porque Pachi López dixo: «*No negociamos con el PP porque no quiere la ley, hablamos con todos los demás*». Claro que non queren negociar co PP, porque copiáronnos a lei. Porque a lei que hoxe o Partido Socialista rexistra no Congreso dos Deputados é unha copia da que presentou o Partido Popular o 15 de decembro de 2022 no Congreso dos Deputados, é unha copia. (*Murmurios.*) Iso si, para que non o parecera, cambiaron; entón aos «abusos» pónenlle «agresión» e á «agresión» chámanlle «agresión con intimidación» e tal. Bueno, señorías, bueno.

Sigan vostedes rindo, que rir se lles dá moi ben, neste asunto rir dáselles moi ben, e apoiar e defender a quen se ri tamén. Porque dicía a señora Belarra que o PP formaba parte dunha operación contra a lei. «*No nos vamos rendir*», dicía. Pois eu tamén lle digo, tamén aquí ao Goberno de España, a Pedro Sánchez, a Ione Belarra, a Irene Montero e ao Bloque Nacionalista Galego que o Partido Popular de Galicia e o Partido Popular de España non se van render ata que tombemos esa lei, señorías, ¡non nos imos render! (*Aplausos.*) Imos tomar a Lei do só si é si, imos tomar a *chapucera* e nefasta Lei do si é si. Imos honrar as vítimas das que o Goberno se ri, porque isto non é un chiste, señorías. Pasarán á historia por aprobar unha lei que en pleno século XXI rebaixa a pena das agresións sexuais, o que provoca un retroceso sen precedentes na defensa dos dereitos das mulleres. E o peor de todo é que a rebaixa das penas estaba medida; eran conscientes.

Voulles ler. A secretaria de Estado de Violencia de Xénero do Goberno de España, do Partido Socialista e de Podemos, a secretaria de Estado, a señora Victoria Rosell, dixo: o feminismo nunca foi punitivo, a intencionalidade —señora Noa Díaz, que vostede di que non— é clara, transparente e con luz e taquígrafos, como se dixo hoxe aquí. «*La delegada del gobierno contra la Violencia de Género cree erróneo poner el foco en imponer penas altas, porque no da más seguridad. El punitivismo es una trampa. Imponer una pena muy alta aísla a la víctima. Cuando una política solo puede proponer más penas es una política que da pena*».

E este, señorías, é un goberno de esquerdas, un goberno que conta co apoio das nacionalistas galegas. Esta é a aportación de Ana Pontón ao feminismo e á defensa dos dereitos das mulleres. Pois se alguén quería facer historia, xa ten a súa páxina gravada a lume: Menos penas para quen agride sexualmente ás mulleres.

Nós —insisto— non nos imos render. Dende o primeiro momento avisamos de que isto podería pasar, pero non nos fixeron caso. Aplicouse a lei, e as nefastas consecuencias que previamos tristemente fixéronse realidade, mentres o Goberno pasou da negación á parálise. Pero seguiron sen facer caso. E agora, por fin, o PSOE parece estar disposto a actuar, porque —insisto— a outra parte do Goberno, o Ministerio de Igualdade, non, xa dixo que non se toca a lei.

O dano xa está feito, a dor das vítimas xa é irreparable. E seguirá sendo así porque un cambio na lei non vai supoñer un cambio nas rebaixas das penas dos delitos xa cometidos.

Agora, señorías, xa non exiximos unha rectificación. Agora exiximos que lles pidan perdón ás vítimas, exiximos que lles pidan perdón por esta nefasta lei, exiximos que lles pidan perdón por rirse da dor que estaban sufrindo coas rebaixas das condenas. Porque unha secretaria de Estado de Igualdade non pode dicir: «*De los creadores de las personas van ir al Registro a cam-*



*biarse de sexo todas las mañanas, llega los violadores a la calle»*. Pois si, señoría, catrocentos que ven rebaixada a súa pena. (*A señora Paula Prado del Río amósalles de novo aos membros da Cámara o cartel vermello.*) E vostedes sigan rindo. Pero non, foi un bulo da extrema dereita, unha manipulación dos medios de comunicación ou dos señores que fuman puros seguramente.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Pois non, señorías, —si, remato— Isto é unha forma de ser na vida. Porque esta señora foi a mesma señora que se riu dunha compañeira que foi deputada nesta Cámara, que tiña unha discapacidade, e chamoulle «*puta coja*». É unha forma de ser, non foi casual, esa é a forma de ser que teñen vostedes,...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...rirse das persoas máis vulnerables e apoiar a quen se ri dos vulnerables.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Prado.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidenta.

Señora Prado, están vostedes instalados no debate bronco, xa o vimos esta mañá. Dende o meu punto de vista unha posición moi, moi pero que moi perigosa, que rógolles, por favor, abandonen. A lixeireza coa que tratan vostedes as vítimas de violencia, de violencia de machista e do terrorismo é demencial, absolutamente demencial. (*Aplausos.*)

Nós, en serio, comprendemos que poñan vostedes a andar dende as diferentes comunidades autónomas unha ofensiva contra o Goberno do Estado diante do nulo éxito do novo PP do señor Feijóo, que lles está sacando as cores a razón dunha metedura de zoco cada tres días máis ou menos. Comprendemos a súa estratexia.

Pero lamento dicirlles que, dende logo, o PSdeG non vai participar do seu xogo pueril e perverso de empregar unha institución como é esta Cámara para facer política de oposición, de confrontación a un goberno, mal que lles pese, democrático e, sobre todo, lexítimo, sobre todo lexítimo. Non nos van atopar neste xogo, xa llelo digo. E menos ademais cando se trata de pór en entredito unhas declaracións máis ou menos afortunadas —podo darlle, se quere, despois no pasillo a miña impresión persoal— realizadas nun contexto informal. (*Murmurios.*) Creo que estiven calada, creo que eu non a interrompín, señora Prado e señorías do Partido Popular.

Porque miren e escoiten ben: este grupo parlamentario, o Grupo Parlamentario Socialista, non pediu a dimisión do aínda presidente da Xunta naquel momento cando aseguraba que



a violencia vicaria non era violencia machista e era violencia intrafamiliar; (*Aplausos.*) non pedi a dimisión neste Parlamento. Tampouco cando asumía os postulados da ultradereita, cando permitía que a ultradereita entrase en gobernos autonómicos e estar recortando fortemente os dereitos das mulleres, tamén das vítimas; (*Aplausos.*) desas que di vostede que lles preocupan tanto. Tampouco pedimos aquí a dimisión da conselleira de Igualdade pola infame campaña recente do 25-N que nos culpabilizaba practicamente a nós de sufrir violencias machistas. Nin tampouco pedimos aquí nesta Cámara a dimisión do presidente Rueda cando hai poucas semanas daba por boas as declaracións do señor Mañueco a respecto do protocolo cruel e indecente que obrigaba as mulleres embarazadas de Castela e León a escoitar o latido antes de abortar. (*Aplausos.*) Si, si, mañá falaremos disto, non se preocupen que a hemeroteca é moi sabia.

Eu confeso, dende logo, que é sorprendente que o Grupo Popular traia hoxe aquí esta iniciativa; seica preocupadísimo o Grupo Popular polos efectos indesexados da Lei de liberdade sexual.

E quero que quede clara unha cousa: nós compartimos esa preocupación, nunca ocultamos esa preocupación. Por iso tamén onte presentamos unha proposición de lei para reformala e evitar estes efectos perversos no futuro; por suposto que si. Nós tamén dende aquí enviamos, como xa fixemos en moitos outros foros, o noso apoio e solidariedade coas mulleres vítimas que en todo este tempo están vendo como os seus agresores sexuais ven reducidas as súas condenas. Que non haxa dúbida: estamos con elas. E non faga vostede aquí demagogia.

Pero digo que sorprende a súa preocupación cando vostedes nesta PNL non reclamaban sequera esa modificación. De repente, no último momento, onte pola tarde, autoeméndanse, pero só cando coñecen a proposición de lei do Grupo Socialista. Ata esa non pedían nada. Porque, señora Prado, nin en Madrid no traballo en ponencia —e esta deputada leu absolutamente todas as actas desa ponencia—, nin en Madrid advertiron vostedes dos efectos indesexados da rebaixa de penas mínimas, que é onde está o problema, non nas máximas, que si o advertiron, pero non nas mínimas, que é onde está o problema. E esas máximas claro que se corruxaron nese traballo en ponencia. Así que non enganen e non mintan, non foi así. Non minta.

Primeiro, nin vostedes advertiron diso nin se atreveron tampouco a apurar a tramitación da súa proposición de lei. O certo é que a ver se agora teñen vostedes algo de responsabilidade e apoian esa proposición; parece que si. Ben, nós agardamos, dende logo, que sexa aprobada coas modificacións que se precisen e co máximo consenso posible.

Pero sería cousa boa, e aquí vén o importante, que non mintan ao pobo galego. Vostedes non queren esta lei, pero o problema non é de penas. Vostedes non queren esta lei, non están de acordo con pór o consentimento no centro, tal ademais como advertía e sen ningún tapuxo a señora Cuca Gamarra. Puxéronse de costas a unha lei pioneira que fai unha abordaxe integral da violencia sexual, que aborda a liberdade sexual en todas as súas vertentes. E o importante aquí é que pretenden agochar o seu «non» a esta lei detrás deses efectos indesexados da rebaixa de condenas. Pero o que é certo é que toda a sociedade e todo o pobo galego debe saber que vostedes votaron «non» a esta lei por principios.





Porque, ademais de que non compartan que o consentimento deba ser a única condición, tampouco lles gusta que se garanta a educación sexual en todas as etapas educativas, nin tampouco debe gustarlles que se garanta a asistencia integral e especializada, que se modifique o Estatuto dos traballadores para garantir beneficios ás vítimas, que se garantan axudas económicas, que poidan acudir a un centro especializado para a recollida de mostras sen que teña que mediar unha denuncia, ou que se amplíen, por exemplo, tampouco os conceptos polos que poden estas mulleres vítimas ser indemnizadas. E tampouco deben gustarlles os centros de asistencia vinte e catro horas que tamén recolle esta lei, para os que Galicia xa recibiu catro millóns de euros e dos que nada sabemos.

A todo isto, señores e señoras do Partido Popular, votaron vostedes en contra, (*Aplausos.*) a todo isto foi ao que votaron en contra. Poden agocharse detrás desta rebaixa de condenas, o que vostedes queiran, pero a lei é moito máis que iso, e vostedes sábeno. E como o saben por iso votaron en contra.

Nós, dende logo, somos unha organización —e creo que está fóra de toda dúbida, a pesar das dúbidas da señora Prado, que francamente tampouco é que as teña demasiado en conta— política feminista dende o comezo da súa historia, do PSdeG. Sabe vostede que o PSOE ten aínda bastante máis anos de historia.

E por iso a esta Cámara nós o que traemos son propostas propositivas para mudar a situación que están a padecer as mulleres, porque nós no PSdeG non precisamos mover os marcos ata Madrid para denunciar que o Goberno galego fía recursos contra a violencia de xénero aos fondos que veñen do Estado e van diminuindo os fondos propios, como acontece este ano. Tampouco movemos os marcos para denunciar que non teñen aínda elaborado ese rexistro de familias monoparentais, cando o 80 por cento delas son mulleres e cando unha gran maioría se atopa en situación de pobreza. Violencia económica, señora Prado.

Nin para denunciar tampouco temos que mover os marcos que este goberno do señor Rueda, e antes do señor Feijóo, entende que a educación efectivo-sexual debe darse nas familias, na escola non; deben ser as familias as que eduquen nisto. Nin para denunciar que financian con fondos públicos asociacións que coartan o dereito das mulleres a decidir sobre os nosos corpos. Nin para denunciar tampouco que continúan con estratexias que perpetúan estereotipos machistas, como esta deputada leva moito tempo denunciando neste Parlamento.

Ese é o noso traballo, o deste Grupo Parlamentario Socialista: fiscalizar o labor do Goberno galego. E xa lle dixen unha vez, señora Prado: ao Partido Socialista, leccións de feminismo, nin a primeira, porque quizais temos que facer historia e lembrar que na nosa recente democracia o Partido Popular non impulsou nin unha, nin a primeira, é que nin a primeira política transformadora en materia de igualdade. Vostedes o que fixeron sempre foi ou votar en contra ou presentar recursos de inconstitucionalidade.

Ninguén do Partido Socialista —e isto xa o dixen antes— negou os efectos indesexados da entrada en vigor desta lei, sempre nos puxemos do lado das vítimas —e digo: sempre—, sempre en calquera situación, das vítimas e das mulleres.



Vostedes non poden dicir o mesmo. Porque, ademais de votar en contra da Lei de liberdade sexual, comezaron xa votando en contra da Lei do divorcio, da despenalización do aborto, dunha Proposición de lei orgánica socialista de medidas para a protección integral contra a violencia de xénero. Votaron tamén en contra da Lei orgánica para a igualdade, que, por se fose pouco, presentaron recurso ao Tribunal Constitucional, ¡oh, ¿por que? Polas listas paritarias. ¡Tremendo! Pero tamén votaron en contra da Lei de saúde sexual e reprodutiva, da que falaremos mañá; da propia reforma do ano 2010, á que tamén, por certo, presentaron recurso ao Constitucional; e votaron en contra recentemente hai poucos meses á súa inminente reforma, da que —como digo— falaremos mañá. E é que votaron tamén en contra, ¡e isto manda truco!, da iniciativa socialista que converteu en delito o acoso ás mulleres que acoden as clínicas para abortar. *(Aplausos.)*

Así que, señora Prado, leccións de feminismo que veñan do Partido Popular, cero. Xa lle digo: ¿onde está a súa preocupación polas mulleres?, ¿onde está a súa preocupación real polas mulleres? Moi ao contrario, están vostedes instaladas e instalados nun non permanente a todo aquilo que signifique conseguir máis dereitos para nós, conseguir realmente unha igualdade efectiva e real.

Por certo, xa que sacou aquí unha pancarta, teño que dicirle que me alegro moitísimo de que por fin o Partido Popular agarre as pancartas e saia á rúa, como saíron onte algúns deputados que vexo aquí, algunha conselleira tamén.

Tamén lle digo: vostede, que é compostelá coma min, onte estivo cunhas pancartas na praza Roxa de Santiago: «Pedro Sánchez, dimisión», que era practicamente o que puñan todas as pancartas, e este cartel tamén que tiñan aquí. Pero direille unha cousa: nunca a vin, nunca, na praza Oito de Marzo cada vez que unha muller é asasinada por violencia machista. *(Aplausos.)* Mañá hai unha concentración; ¿a ver se mañá tamén acode por isto de estar coas mulleres na rúa?

E remato xa, que sei que se me acaba o tempo. Eu repítole, e ademais, de verdade, que llo repito con toda..., é un rogo. Si, ¿podo rematar? Grazas. Mire: deixen de empregar as mulleres como arma de confrontación política, nunha actitude que é mesquiña, porque non hai outra palabra. Póñanse do lado do feminismo, pero realmente póñanse do lado do feminismo, apoiando novos marcos normativos que avanza no dereito das mulleres, das nosas liberdades, que tamén son as súas liberdades, e contra o machismo. Por unha vez, intenten ser algo construtivos.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Olalla Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.



Boa tarde, a todas e a todos.

Eu como cuestión previa, señora Prado: o BNG sempre defendeu e defenderá que poida poñer aquí nesta tribuna todos os carteis que queira, porque ten o seu dereito. Parece que se lle volven en contra as normas restritivas do seu partido. *(Aplausos.)*

E, como segunda cuestión previa, eu non sei o que é vostede nin lle vou dicir eu o que é, pero eu mesma e o Bloque Nacionalista Galego somos feministas por acción e por convencemento, non porque ninguén nos poña un cartel do que somos ou deixamos de ser.

Dixo vostede unha verdade como un templo: imos tombar a Lei de só si é si, e quedou todo claro. Isto é o que leva perseguindo con esta campaña absolutamente indecente e incendiaria — e eu reafírmome: absolutamente indecente e incendiaria— o Partido Popular desde o primeiro día, desde o día un: tombar unha lei que é garantista, que amplía e reconece dereitos que até o de hoxe as mulleres non tiñamos recoñecidos e que avanza na liña das recomendacións internacionais, como agora explicarei por parte do Grevio e do Convenio de Istambul. Eu reafírmome no que eu mesma dixen, no que dixo o Bloque Nacionalista Galego ese 21 de novembro. É unha política que están desenvolvendo desde o Partido Popular incendiaria e convertendo debate político e pretendendo traer esa lameira que hai en Madrid aquí a esta Cámara. Eu si que lle vou dicir o que pensamos das declaracións da secretaria de Estado de Igualdade, que son absolutamente non desafortunadas senón impresentables.

Eu creo que na vida, non só na política, unha ou un ten que saber quen é e, sobre todo, quen representa, así como o cargo que ostenta; estar á altura das responsabilidades. E non só en materia de violencias sexuais ou ao fío das reducións de penas coa aplicación retroactiva da Lei de só si é si, senón sempre que falamos de violencia machista non cabe nunca, en ningún lugar, en ningún contexto, sexa un parlamento ou un *podcast*, calquera frivolidade.

Pero eu creo que con esta proposta que traen hoxe ao pleno e coa engádega que fixeron a través da autoemenda, o Partido Popular deixa clara tres cousas:

A primeira, que vostedes están total e absolutamente entregados á axenda de Xénova, que están facendo ademais puro surcusalismo político traendo aquí, e algúns concellos do país tamén, o que lles mandan desde Madrid directamente, intentando traer a esta Cámara a crispación e a lameira parlamentaria e política que hai en Madrid e que o inunda absolutamente todo. Vímolo, ademais, esta mañá.

En segundo lugar, que o PP co ataque furibundo á Lei de liberdade sexual o único que intenta é rascar e apañar se pode un puñado de votos, tanto lle teñen as consecuencias desa política sen escrúpulos, entre elas, por certo, poñer en cuestión as garantías dunha lei que protexe as mulleres vítimas de violencia sexual, que as reconece por primeira vez como vítimas de violencia machista e que artella e desprega un sistema de apoio, de acompañamento, de asesoramento e de atención sen precedentes no Estado español.

Levan meses facendo puro carroñerismo político —dígollelo, é que eu non atopaba nin sequera outra palabra—, lanzando acusacións gravísimas, criticando unha lei que garante de-



reitos e proteccións ás mulleres vítimas de violencia machista e sexual e que, ademais, sitúa a lexislación española no marco internacional, e nomeadamente nas recomendacións do Convenio de Istambul, suscrito polo Estado español en 2014, artigo 36, que sitúa o consentimento —e repito: o consentimento—, e non a intimidación e a violencia, como elemento central para a determinación da existencia dun delito sexual.

É máis, no ano 2020 o Grevio —que coñecen perfectamente—, o órgano que interpreta o Convenio de Istambul, concluíu que o Estado español tiña que mudar o seu Código penal para que a violación sexa considerada «todo acceso carnal sen consentimento», con independencia de que existise ou non violencia e intimidación.

Eu trouxen o informe (*A señora Rodil Fernández amósalles aos membros da Cámara un documento.*), que está perfectamente consultable, pendurado na páxina web e que di —cito literalmente— nas recomendacións 2020 e seguintes:

*«Grevio señala que en España la aplicación de los dos delitos por parte del poder judicial, especialmente en tribunales de primera instancia, ha sido objeto de indignación pública generalizada, ya que manifiesta una incomprensión del uso de la fuerza y de la intimidación y de las reacciones que esto puede desencadenar en las víctimas de violación».* Por exemplo, quedarnos sen móbiles.

*«Grevio lamenta que, según expertos legales, los tribunales regionales aún califiquen los casos en los que la víctima no da su consentimiento, pero tampoco se resiste, como abuso sexual en lugar de violación».* O caso de la Manada.

*«Grevio valora positivamente los esfuerzos legislativos en curso encaminados a eliminar los delitos actuales de violación y de delito de abuso sexual al objeto de reforzar el significado de violación como sexo sin consentimiento.»*

*«Grevio tiene la esperanza de que la introducción de un nuevo delito en su lugar traslade el mensaje de que la violación es violación y que cualquier acto sexual realizado con otra persona sin su consentimiento libremente dado equivale a violencia sexual.»*

*«Grevio anima a las autoridades españolas a que prosigan con las modificaciones del Código penal a fin de que el delito de violación tipifique la falta de consentimiento de forma que se pueda articular en la práctica de forma eficaz por las fuerzas de seguridad, la fiscalía y el poder judicial».*

O que vostedes buscan, señorías, é volver ao que había, á proposta de lei que presentaron en decembro. E o máis lamentable é que agora sexa o PSOE quen presenta unha proposta idéntica, que o único que busca é volver ao que existía antes. O PP o único que persegue desde o principio é que as mulleres teñamos que demostrar que nos resistimos o suficiente para que se condene por violación a quen nos viola.

E peor aínda, pois con toda esta campaña de ataques, con toda esta lameira, o que están é poñendo en cuestión a seguridade das mulleres á hora de presentar unha denuncia, xerando dúbidas sobre a protección, as garantías e a condena social e xudicial aos violadores.

Iso é terrible, e deixa detrás de vostedes consecuencias gravísimas, que teñen, de verdade —é o que ten—, prenderlle lume a todo, que o que queda debaixo é terra absolutamente queimada. E iso non vale un puñado de votos.



O PP o que quere é volver ao de antes porque nunca quixo que cambiase nada. Eu non sei se lembran en 2017 cando o movemento feminista inundou as rúas no conxunto do Estado español; gobernaba no Estado español o Partido Popular da man de Mariano Rajoy. ¿Sabem que fixo o PP cando o que reclamaba o conxunto da sociedade española, liderada polo movemento feminista, pero estendíase ao longo e ancho da sociedade do Estado español, era unha modificación do Código penal para acabar con sentenzas como a de la Manada? ¿Que fixo o Partido Popular? Crear un comité de expertos —e digo literal e conscientemente: expertos— que incluso excluía as mulleres da análise dese Código penal. Foi tal a polémica —poden volver á hemeroteca para repasalo— que tiveron que modificar a composición dese órgano para incorporar a metade da humanidade, que, polo menos —digo eu—, tería algo que dicir na reforma do Código penal.

O que fai esta lei, señorías, é que a violencia e a intimidación sexan agravantes, pero non a determinación do delito. Ese é o consentimento, como marca o Convenio de Istambul desde o ano 2014. Non volver, de verdade, ao que vimos na sentenza de la Manada, que eran condenados só por un delito de abuso ao non apreciar os tribunais que houbera violencia ou intimidación. Abuso sexual, a violación en grupo, señorías, con penetración —lembro— por boca, vaxina e ano por parte de cinco persoas que arrastraron unha muller até un cubículo. Iso é o que fai o Código penal ao que vostedes propoñen volver.

Que ninguén, de verdade, poida violarnos ou agredirnos sexualmente simplemente co feito de non consentir. Iso é o que perseguía o movemento feminista e o que recolle a Lei integral de liberdade sexual. É que tanto ten se a violación te paraliza e fai que non te movas, ou se te resistes tanto até que te matan, porque o que determina a existencia do delito é que non querías ter relacións sexuais con esta persoa, e punto. E non, señores, non hai que firmar ningún contrato hoxe no Estado español para ter relacións sexuais con alguén. Se cando te relacionas sexualmente con alguén non che queda claro se quere ter relacións sexuais contigo é que non, que non.

Nós desde o BNG non imos contribuír nin o máis mínimo a desviar a atención do debate, e moitísimo menos imos permitir nin un só paso atrás. Dixémolo desde o comezo. Eu mesma nesta Cámara ese 21 de novembro. Está o vídeo na mediateca e nas redes sociais. Se existe ou cabe algunha modificación puntual que poida evitar revisións de condena á baixa que non correspondan, que se analice e introduzan mudanzas oportunas. Pero, jollo!, que non se toquen nin un milímetro o consentimento como elemento central da lei nin o sistema de protección e garantía das mulleres vítimas de violencias sexuais. Porque esa é a conquista do feminismo, do movemento feminista, non de ningunha ministra, non de ningún goberno, de millóns de mulleres en todo o Estado que nos mobilizamos e organizamos desde o ano 2017 para chegar até aquí. O demais é todo ruído e lama, carroñerismo político e sucursalismo da axenda madrileña.

Por iso imos votar con toda contundencia e claridade en contra desta iniciativa e seguiremos defendendo no Congreso, no Parlamento galego e, sobre todo, nas rúas que si, que só si é si.

Máis nada. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Rodil.

Peche da autora da proposición non de lei. Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Co fácil que era dicir: lamentablemente equivocámonos e busquemos unha solución entre todos. Pero non, hai que botarlle tamén a culpa ao PP e hai que patrimonializar a defensa da igualdade e, como intentou a señora Díaz, incluso borrar os avances en materia de igualdade que se teñen feito dende gobernos do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (Risos.) Rían, é moi gracioso.

Pois voules explicar que como a formación é un grao, e eu pídolles que se formen, que lean. ¿Sabem que pasa? Que hai moita xente que pensa que se pode falar de igualdade sen saber e rirse dos demais. Pero voules explicar cales son e vanos entender, porque llelos vou explicar bastante de forma didáctica.

A señora Díaz dicía que falaría no pasillo, que me diría no pasillo o que opinaba. Eu agradezo a valentía da señora Rodil, porque a honran as palabras que dixó aquí, e a verdade é que, señora Rodil, eu coincido con vostede e creo que é bo dicilo nesta tribuna e non nun pasillo; cando nunha cousa non se está de acordo, dise nesta tribuna valentemente e non nun pasillo fóra. (*Aplausos.*)

Dicía a señora Díaz, xa non é a primeira, nin a segunda, nin a terceira vez, porque ela critica o da violencia intrafamiliar, eu xa lle saquei varias veces o *Acuerdo para un gobierno reformista de progreso*, que era de Pedro Sánchez e Albert Rivera, que en «*Proteger a la infancia e invertir en futuro*» dicía «*aprobar una ley contra la violencia intrafamiliar*». Partido Socialista, señora Díaz. Isto non lle gusta, pero é o que hai.

E a señora Díaz, que leu moitísimo o debate desta lei no Congreso, pois non leu a intervención da nosa compañeira Marta González, que o dicía claramente. Pero tampouco leu o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, que no punto 241 —tome nota e léao, señora Díaz— analizaba o cadro penolóxico desta lei, que dicía concretamente que a limitación das penas supoñía unha redución do límite máximo dalgunhas penas. Lea o punto 241 do informe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu non a interrompín, señora Díaz. Tranquilas, tranquilas, non pasa nada. Vóullelo explicar.

Dicía vostede que na nosa autoemenda metíamos agora o da lei. Mire: a lei modifícase no Congreso dos Deputados, e nós rexistramos esa proposición de lei no Congreso dos Deputados o 16 de decembro de 2022. Claro que está rexistrada. Porque nós alí no Congreso dos Deputados temos dez deputados, señora Rodil, que fan este traballo. Eu entendo, agora entendín perfectamente ao Bloque Nacionalista Galego: vostedes non queren modificar nin un ápice a Lei do só si é si. Creo que se vostede le esta modificación, verá que non queremos modificar toda a lei, que queremos modificar dous puntos que están prexudicando moitísimo, que están supoñendo un retroceso no avance da loita feminista e no avance da defensa dos dereitos das mulleres. (*Aplausos.*)



Señora Díaz, di vostede aquí que a lei está moi ben. Está tan ben que a reforman. O señor Sánchez hoxe estaba dicindo que había algún erro e que había que corrixilo. Pero vostede xa é máis sanchista que Sánchez.

E di vostede que o Partido Popular non fixo ningunha modificación transformadora. ¿Sabe cal foi a lei máis transformadora en materia de igualdade e que supuxo un antes e un despois nos dereitos e na defensa das mulleres vítimas de violencia de xénero? A orde de protección, que foi impulsada por un goberno do Partido Popular, José María Aznar, e aí foi o punto de inflexión. A partir da orde de protección —porque vostede non sei se sabe, eu si porque traballaba naquela época con mulleres vítimas de violencia de xénero—, ¿sabe que pasaba? Que as vítimas ían denunciar o agresor ao cuartel da Garda Civil e tiñan que volver á casa e convivir con el, e levar outra paliza por telas denunciado. E a partir da entrada en vigor da orde de protección, a partir dese momento, o que saía da vivenda era o agresor e a muller quedaba na vivenda (*Aplausos.*), non tiña que ir a unha casa de acollida. Esa si que foi unha lei transformadora. E esa lei aprobouna o Partido Popular, co presidente Aznar, señora Díaz. Aprendan a lección as que rían antes.

E a Lei de conciliación do ano 1999, tamén dun goberno do señor Aznar. Rían agora as das risitas. E así podería dicirlles moitas máis.

Os centros de información á muller, impulsados por un goberno do Partido Popular, de don Manuel Fraga Iribarne, señorías. A primeira Lei de igualdade en Galicia, do Partido Popular, (*Aplausos.*) do presidente don Manuel Fraga, señorías. E así podería seguir dicíndolles máis avances.

Miren: o problema é que o Partido Popular —témolo demostrado moitas veces nesta Cámara—, a pesar de ter maioría absoluta, temos aceptado, temos apoiado e teñen saído moitas leis e moitas modificacións e moitas proposicións non de lei da oposición co voto favorable do Partido Popular porque consideramos que en materia de igualdade os avances teñen que ser colectivos, e ninguén ten que patrimonializar a igualdade, señorías. (*Aplausos.*) Aquí cunha maioría absoluta poderían saír só única e exclusivamente as leis que propón este grupo parlamentario. Das tres últimas que aprobamos neste Parlamento, dúas foron por proposta do Bloque Nacionalista Galego, e saíron adiante porque a maioría absoluta do Partido Popular as apoiou.

Por tanto, deixen xa de manosear a igualdade, deixen xa de instrumentalizar as políticas de igualdade, deixen xa de falar das vítimas e de dicir que vostedes as defenden. (*Aplausos.*) Non, señorías, non.

E da Manada, señora Rodil, xa non é a primeira nin a segunda vez que vostede fala dese tema aquí. Eu non sei se vostede esquece que aquí apoiamos todos os grupos por unanimidade unha declaración institucional na que criticabamos esa sentenza. Pero dende que foi esa sentenza, ese foi o xerme desta lei, e agora teríamos que dicir que nos equivocamos. Iso é o que tiña que dicir o Goberno de España,...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...iso era o que tiña que dicir a ministra de Igualdade, que se equivocou, e que as consecuencias da lei non eran as que buscaban, porque nas consecuencias da



lei o que se buscaba era incrementar as penas. Porque a sentenza da Manada demostrou que había que facer axustes lexislativos. Pero vostede, señora Rodil, está dicindo o contrario.

Eu, simplemente,...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...hoxe se vostedes se poñen do lado das que rin, das que bromean e das que fan chistes e apoian a quen se ri da dor das vítimas que está causando esta lei, por moito que digan que a estamos utilizando; para nada, señorías.

Nós rexistramos unha iniciativa...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...no Congreso, que é onde a tiñamos que rexistrar. E vostedes, dende hai catro meses, aquí a única que rexistraron foi unha de agresión sexual. E o Partido Socialista que tome nota e que revise as que rexistrou.

Señorías, as leccións non se dan, as leccións recíbense.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá. Que descansen.

*Suspéndese a sesión ás sete e vinte e cinco minutos do serán.*






## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereá Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

